

**PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DIDÁCTICO
CURSO 2021_2022**

PRO2122_OR

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

1.-INTRODUCCIÓN	04
2.-MARCO CONTEXTUAL	05
2.1 Disposicións legais	5
2.2 Ubicación e contorna do centro	08
2.3 Características do centro.	08
2.4 Ensinanzas impartidas no centro	09
2.5 Procedencia do alumnado	09
2.6 Situación económica do alumnado e as familias	11
2.7 Recursos	15
2.8 Estructura funcional do departamento	19
3.-DETECCIÓN DE NECESIDADES	20
4.-OBXECTIVOS	24
5.- CONTIDOS	27
6.-PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓN PRIORITARIAS	29
7.-PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID	31
8.-ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN	35
9.-PRESENCIA DAS COMPETENCIAS CLAVE NOS ÁMBITOS DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO	37
10.-ÁMBITOS DE ACTUACIÓN	39
10.1-Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe (ANEXO I - PROGRAMACIÓN DE PT)	39/43
10.1.1 Obxectivos	40
10.1.2 Actuacións	40
10.1.3 Seguimento e avaliación	41
10.2.-Plan de Atención á Diversidade (ANEXO VI)	247
10.3.-Plan de Acción Titorial (ANEXO VII)	253
10.4.-Orientación Académica e Profesional	38
10.4.1 Obxectivos	40
10.4.2 Actuacións	40
11.- IMPLEMENTACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS ACCIÓNS (ANEXO III)	67
12.-CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DO PLAN (ANEXO IV)	71
13.PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN	79
PROGRAMA DE ATENCIÓN A ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES	
PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS, documento dentro do PAT, según instrucción octava da circular 8/2009 da DXFP	88
PROGRAMA DE EDUCACIÓN PARA A TOLERANCIA E RESPETO	
POLAS DIFERENTES CULTURAS	116
PROGRAMA DE INTERVENCIÓN PARA ALUMNAS/OS CON TDAH	118
PROGRAMA DE INTELIXENCIA EMOCIONAL	126
PROGRAMA DE MEDIACIÓN ESCOLAR	169
PROGRAMA DE TITORÍA ENTRE IGUAIS	149
PROGRAMA DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN MATERIA DE ABSENTISMO ESCOLAR	171
PROGRAMA INTERVENCIÓN ALUMNAS E ALUMNOS CON SÍNDROME DE ASPERGER	177
PROGRAMA INTERVENCIÓN ALUMNO CON SÍNDROME DE DOWN	206

▪ PROGRAMA DE TÉCNICAS DE ESTUDO	287
▪ PROGRAMA DE LECTURA COMPRENSIVA	291
▪ PLAN PARA O FOMENTO DA COMPETENCIA LÓXICO- MATEMÁTICA	297
▪ PROGRAMA DE TRANSICIÓN PRIMARIA-SECUNDARIA.....	245
PROGRAMA DE ASESORAMENTO ÁS FAMILIAS	
13. ANEXOS	66
ANEXO I: PROGRAMACIÓN DE PT	66
ANEXO II: SEGUIMIENTO PROCESO ENSINO-APRENDIZAXE ALUM.	79
ANEXO III: IMPLEMENTACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS ACCIÓNS	82
ANEXO IV: GRELAS DE AVALIACIÓN DE TODOS OS PROGRAMAS	86
ANEXO V: PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. DOCUMENTO PROPIO. Incluimos aquí as addendas feitas	247
ANEXO VI: PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.. (DOCUMENTO PROPIO). Incluimos aquí as actuacións xerais correspondentes a este curso e as actividades que se pretenden implementar	257
Tamén incluimos dentro das achegas ao PAT o PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO EN IGUALDADE	257
ANEXO VII: PROGRAMACIÓN ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLAR.	262

1.-INTRODUCCIÓN.

A orientación educativa está inmersa no proceso educativo, orientar consiste en estruturar do xeito máis personalizada e integral o proceso de ensino aprendizaxe. Dende esta perspectiva orientación e educación comparten as mesmas finalidades e ambas as dúas refírense ao carácter personalizado dos procesos educativos, compartindo os mesmos fins: O pleno desenvolvemento do alumnado, a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades, o exercicio da tolerancia, a liberdade e a convivencia, a educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal, a formación para a paz e o respecto aos dereitos humanos, o desenvolvemento da capacidade de regular a propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor, a formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural, a adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos..., a capacitación para a comunicación na linguas oficiais, a preparación para o exercicio da cidadanía.

Neste contexto o D.O., é o recurso organizativo, técnico e material que apoia a función orientadora e titorial do profesorado, é un órgano de planificación e coordinación e constitúese en instrumento de apoio e dinamización, favorecedor da mellora da calidade educativa, e que agrupa profesionais especialidades de áreas diferentes co fin de apoiar e potenciar o desenvolvemento educativo. A súa programación ten como finalidade dar resposta ás necesidades do centro a partir dos recursos existentes, implicando a todo o Centro nas actividades programadas.

A programación do D.O. debe atender en primeiro lugar ao mandado constitucional, que no seu artigo 27 establece "Todos teñen dereito á educación", "A educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana".

A LOMLOE no seu artigo 71 determina:

«1. Las Administraciones educativas dispondrán los medios necesarios para que todo el alumnado alcance el máximo desarrollo personal, intelectual, social y emocional, así como los objetivos establecidos con carácter general en la presente Ley. Las Administraciones educativas podrán establecer planes de centros prioritarios para apoyar especialmente a los centros que escolaricen alumnado en situación de desventaja social.

2. Corresponde a las Administraciones educativas asegurar los recursos necesarios para que los alumnos y alumnas que requieran una atención educativa diferente a la ordinaria, por presentar necesidades educativas especiales, por retraso madurativo, por trastornos del desarrollo del lenguaje y la comunicación, por trastornos de atención o de

aprendizaje, por desconocimiento grave de la lengua de aprendizaje, por encontrarse en situación de vulnerabilidad socioeducativa, por sus altas capacidades intelectuales, por haberse incorporado tarde al sistema educativo o por condiciones personales o de historia escolar, puedan alcanzar el máximo desarrollo posible de sus capacidades personales y, en todo caso, los objetivos establecidos con carácter general para todo el alumnado.»

2.- MARCO CONTEXTUAL

2.1.- Disposicións Legais

A nosa actividade educativa susténtase nas leis do ordenamento xurídico estatal e da Comunidade Autónoma. Particularmente, apoíase no lexislado pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, naqueles aspectos que modifica a la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación respectando aqueles aspectos que permanecen vixentes da Ley orgánica 2/2006, de 3 de maio de educación e demais normas referidas ao ámbito educativo, en especial:

- *ORDE do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 04 DE XUÑO DE 2021)*
- *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia (Doga 29 de xuño de 2015)*
- *ORDE do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta. (Doga 21 de xullo de 2015).*
- *ORDE do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta. (Doga 4 de agosto de 2016).*
- *ORDE do 3 de agosto de 2017 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes na etapa de educación secundaria obrigatoria e se regula o seu currículo e a súa oferta. (Doga 18 de agosto de 2017).*
- *ORDE do 7 de agosto de 2018 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.*

- *ORDE* do 19 de abril de 2018 pola que se regulan aspectos relativos á organización das materias do bacharelato establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, para os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- *RESOLUCIÓN* do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación, Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, das ensinanzas da educación infantil, educación primaria, secundaria obrigatoria e do bacharelato no curso 2021/2022 (Doga 30 de xuño de 2021).
- *RESOLUCIÓN* do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación, Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021/22. (Doga 30 de xuño de 2021)
- *Orde* do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento (DOG do 2 de setembro).
- Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- *Orde* do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120 /1998.
- *Orde* do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do curriculum nas ensinanzas de réxime xeral.
- *Orde* do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos /as con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral e, se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización.
- Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.
- *LEI* 4 / 2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.
- *DECRETO* 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as

ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 e maio, de educación (DOG 21 de decembro de 2011).

- *Instruccións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa polas que se traslada o Protocolo Xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso nos centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica no curso académico 2015/16, así como o acceso e a admisión em estas ensinanzas. (DOG 22-7-2015) .*
- *Resolución do 10 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instruccións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da COVID-19. Cabe sinalar que o noso modelo de orientación, ademais de partir do disposto na normativa antes mencionada, deberá estar en concordancia coas liñas directrices establecidas nos Proxectos Educativo e Curricular do Centro ademais da Programación Xeral anual do centro. O próximo curso as liñas de actuación do noso departamento basearase no publicado nas instruccións do contexto **COVID -19 para o curso 2021-2022**, así actuacións deste departamento enmarcaranse dentro dos seguintes ámbitos xerais:*
- **A inclusión, como principio fundamental do noso sistema educativo.**

A educación do neno deberá estar encamiñada a:

- a) Desenvolver a personalidade, as aptitudes e a capacidade mental e física do neno ata o máximo das súas posibilidades;
- b) Inculcar ao neno o respecto dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais e dos principios consagrados na Carta das Nacións Unidas;
- c) Inculcar ao neno o respecto dos seus pais, da súa propia identidade cultural, do seu idioma e os seus valores, dos valores nacionais do país no que vive, do país do que sexa orixinario e das civilizacións distintas da súa;
- d) Preparar ao neno para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre, con espírito de comprensión, paz, tolerancia, igualdade dos sexos e amizade entre todos os pobos, grupos étnicos, nacionais e relixiosos e persoas de orixe indíxena;
- e) Inculcar ao neno o respecto do medio ambiente natural".

- **A atención á diversidade**, a través do conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.
- **A convivencia** no marco da formación de cidadáns responsables, autónomos e participativos.
- **A motivación** pola aprendizaxe e a valoración do esforzo.
- **Asesoramento** e a orientación profesional como formación ao longo da vida.

A orientación susténtase nos **principios** de:

- **Prevención:** A orientación como un dereito de todo educando en todo momento, e non só ante unha problemática específica .
- **Desenvolvemento:** Os alumnos/as na súa interacción co medio van estruturando as súas capacidades, habilidades e destrezas e maila súa personalidade trátase, en suma, de crear un contexto motivador que estimule eses cambios.
- **E Intervención Social:** A intervención orientadora non debe ter en conta só o individuo, senon que debe dirixirse ó contexto educativo e social no que aquel se desenvolve.

2.2.- Ubicación e Contorna do Centro

Ningunha actividade pode levarse a cabo cun adecuado nivel de eficacia se non ten en consideración o contorno no que se desenvolve, os medios cos que se conta, as experiencias previas, etc. Isto mesmo, tal vez con máis notoriedade, ocorre cando se trata do ámbito educativo. Por iso, aínda que de forma somera, trátase de aportar algúns datos que hai que ter presentes á hora de planificar unha acción orientadora destinada a dar pasos cara adiante e non ao enfrontamento e ao fracaso. É por iso polo que, seguidamente, se aportan uns datos (recollidos da memoria do curso 2016-17, que teñen que ver cos medios (humanos e materiais) cos que se conta, cos servizos que se prestan e coa realidade dos destinatarios dos servizos. Todo isto condicionará, naturalmente, tanto os obxectivos como a metodoloxía a usar.

2.3 Características do centro.

O I.E.S. Arcebispo Xelmírez II de Santiago de Compostela é un centro de ensino secundario da zona norte da cidade, que cumpre este curso trinta anos de existencia. Como resultado deste proceso e tamén de novas adscricións de centros de primaria, o

perfil do alumnado foi variando nos últimos anos. Nos anteriores documentos programáticos do centro caracterízase o alumnado do Arcebispo Xelmírez II como fundamentalmente rururbano ou rural, e con un estatus sociocultural e económico medio-baixo. Aínda que parte do alumnado ten esta procedencia, no momento actual compre reconsiderar estes tópicos, sobre todo no que respecta ao estatus sociocultural das familias, con predominio da clase media e ao nivel de estudos dos pais, tendo aumentando considerablemente o número dos que posúen formación universitaria. Isto inflúe nas expectativas das familias cara a educación dos seus fillos.

O que segue a ter un peso importante na configuración da comunidade educativa é o alumnado asignado pola comisión de escolarización, que supera nos últimos anos o 10% do total. O perfil deste alumnado é moi variable e cambia cada curso académico, o que dificulta o deseño previo dos proxectos educativos e calquera outra actuación. É frecuente que nunha porcentaxe significativa presenten necesidades educativas específicas, ás que o centro non pode responder de maneira adecuada por falta de recursos e de persoal específico de apoio.

Compre tamén salientar, como consecuencia desta asignación de alumnado que non sempre pertence á área de influencia do centro, o impedimento do goce de determinados dereitos, como o transporte escolar gratuíto ou a dificultade para participar en actividades complementarias e extraescolares. Por outra parte, prodúcese con frecuencia a concentración de alumnado pertencente de minorías étnicas e culturais o que, segundo conclúen múltiples estudos, xera un efecto negativo sobre a adquisición de determinadas competencias. Trátase polo tanto dun centro relativamente veterano cun perfil de alumnado de extracción urbana periférica ou semirrural na súa maioría, de nivel socioeconómico medio ou medio baixo e cun persoal estable e experimentado.

2.4 Ensinanzas impartidas no centro e unidades existentes.

No I.E.S. Arcebispo Xelmírez II impártense ensinanzas de E.S.O. e bacharelato, estas últimas nas modalidades de bacharelato de CIENCIAS e HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

2.5 Procedencia do alumnado.

A procedencia do alumnado nos cursos de maior afluencia ao centro (1º de E.S.O. e 1º de bacharelato). Neste curso igual que o anterior aumenta o número de alumnos de forma considerable en 1º de Bac por ter centros adscritos en Bacharelato.

- En 1º de E.S.O., o alumnado procede dos centros adscritos, non quedando neste nivel ningunha praza vacante para alumnado procedente doutros centros.

A tendencia nos centros adscritos é semellante a de cursos anteriores: Monte dos Postes:10 alumnos ;Apóstolo:19 alumnos; L. Ferreiro:18; Sionlla:21; Vite 15alumnos. Este curso temos un

número considerable de alumnos con necesidades moi significativas. Destacar a presenza dun alumno con Síndrome de Asperger que precisa da axuda de persoal auxiliar técnico, coidadora, e dous alumnos con deficiencias intelectuais.

• En 1º de bacharelato o alumnado procede maioritariamente do noso centro e dos I.E.S. de Oroso , CPI Viaño Pequeno de Trazo e Bembribe que dende o curso pasado pasa a ser centro adscrito ao noso IES.

Minorías presentes no centro.

O número de alumnado de etnia xitana presente no centro o curso pasado aumentou en relación a anos anteriores. Estiveron escolarizados o curso pasado 12 alumnos. A día de hoxe escolarizáronse en 1º de ESO 4 alumnos de etnia mais, foron a FP Básica 2 alumnos e marchouse por idade 1 alumno.

Destacar que a súa tendencia é a matricularse moi tarde e a súa escolarización agrúpase en 1º e segundo.

Estase dando de forma reiterativa que estes alumnos repitan todos 1º e pasan por imperativo legal a segundo. Neste momento temos unha alumna que pese a ter bastantes dificultades para seguir o currículo no período de confinamento, conseguiu titular en xuño e está matriculada en Bacharelato para o presente curso.

Como xa manifestamos anteriormente, existe no centro un número significativo de alumnos de procedencia inmigrante, fundamentalmente de Centroamérica e Sudamérica de diferentes nacionalidades, 65 alumnos e alumnas con diagnóstico clínico, 15 alumnos de etnia xitana con escasa motivación, 8 alumnos brasileiros, 1 arxelino con descoñecemento da lingua , 2 cubanos, 5 venezolanos, 1 moldavo, 1 americana , 1 colombiano, 2 procedentes de Alemaña e 1 rumano, 2 marroquís. Estes alumnos non presentaron graves problemas de integración no centro, pero o desfase curricular co que se incorporan ao sistema educativo español é moi grande, esta problemática, xuntamente co descoñecemento da lingua, xenera unha intervención curricular moi individualizada .

Outras Necesidades:

Temos que destacar o elevado número de alumnos que están identificados con diagnósticos variados:

TDAH: 33 alumnos.

Trastorno do desenvolvemento: 8 ALUMNOS

Alerta Escolar:4

ALTAS CAPACIDADES: 4 ALUMNOS

TRASTORNO GRAVE DE CONDUTA : 1 ALUMNO

Trastornos de Lectoescritura :5 Alumnos

ALUMNO CON DEFICIENCIA VISUAL GRAVE ATENDIDO POLA ONCE:1 alumno.

SÍNDROME DE DOWN: 1 ALUMNO

ALUMNO CON MUTISMO SELECTIVO :1 ALUMNA

2.6 Situación económica e cultural do alumnado e as familias.

Como se desprende dos datos anteriores, a maioría do noso alumnado procede ben do ámbito rural ou semirural dos arredores da parte norte de Santiago, ou ben de barrios da capital limítrofes co centro.

Caracterízase o alumnado do Arcebispo Xelmírez II como fundamentalmente rururbano ou rural, e con un estatus sociocultural e económico medio-baixo. Aínda que parte do alumnado ten esta procedencia, no momento actual compre reconsiderar estes tópicos, sobre todo no que respecta ao estatus sociocultural das familias, con predominio da clase media e ao nivel de estudos dos pais, tendo aumentando considerablemente o número dos que posúen formación universitaria. Isto inflúe nas expectativas das familias cara a educación dos seus fillos.

De novo o curso pasado concentramos no primeiro ciclo de E.S.O., particular en 1º curso, a maior cantidade de recursos para a atención ás necesidades educativas do alumnado. Este curso, a preponderancia das necesidades no 1º curso fronte ao 2º, xa observada en anos anteriores, é absoluta. Realízanse grandes esforzos para atender este alumnado.

Como é habitual, incorporáronse ao centro en 1º curso bastantes alumnos con necesidade de reforzo, propostos para a exención de cursar segunda lingua estranxeira, con necesidade de adaptación curricular significativa ou con desfase curricular elevado, circunstancia que este ano foi especialmente grave e afectou a unha porcentaxe elevadísima do alumnado do nivel: máis do 30% presentou necesidades moderadas ou elevadas. A isto debemos añadir identificación dun número considerable necesidades educativas ocasionadas pola situación de pandemia, que é preciso identificar e atender en coordinación coas persoas titoras, as medidas e programas para a atención das mesmas así como as accións dirixidas ao coidado do benestar da comunidade educativa.

Aparte das adaptacións curriculares xa en marcha desde cursos anteriores, elaboráronse outras catro, correspondentes a alumnado incorporado ao centro este curso.

A distribución do alumnado repetidor ou promocionado por imperativo legal na E.S.O. nos dous cursos anteriores foi a seguinte:

ALUMNADO REPETIDOR E PROMOCIONADO POR IDADE (ESO POR NIVEIS)					
NO CURSO 2019-20					
NIVEL	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	TOTAL
Repetidores	9	7	3	10	28
PIL	8	3	0	0	11

ALUMNADO REPETIDOR E PROMOCIONADO POR IDADE (ESO POR NIVEIS)					
NO CURSO 2020-2021					
NIVEL	1°ESO	2° ESO	3° ESO	4° ESO	TOTAL
Repetidores	19 de primaria +4 de 1°ESO	2	0	2	25
PIL	7	3	2	0	12
FP Básica	0	10	2	0	12

ALUMNADO REPETIDOR E PROMOCIONADO POR IDADE (ESO POR NIVEIS)					
NO CURSO 2021-2022					
NIVEL	1°ESO	2° ESO	3° ESO	4° ESO	TOTAL
Repetidores	12 de primaria +9 de 1°ESO	4	5	7	37
PIL	4	3	0	0	7
FP Básica	0	11	5	0	16

Características do alumnado.

O I.E.S.Arcebispo Xelmirez II é un centro de ensino secundario da zona norte da cidade cun perfil de alumnado de extracción urbana periférica ou semirural na súa maioría, de nivel socioeconómico medio ou medio baixo.

O número de alumnos matriculados de cara ao vindeiro curso son sobre 576 , distribuídos da seguinte maneira:

	curso	Número de alumnos
	2021- CURSO 2022	1° ESO
2° ESO		86
3° ESO		77
4° ESO		68
Total ESO		341
1° Bac		135
2° Bac		100
Total Bac		235
TOTAL		576

CURSO 2020-2021	curso	Número de alumnos	CURSO 2019-20	curso	Número de alumnos	CURSO 2018-19	curso	Número de alumnos
	1° ESO	78		1° ESO	66		1° ESO	62
	2° ESO	65		2° ESO	63		2° ESO+PMAR	72
	3° ESO	56		3° ESO	62		3° ESO	41
	4° ESO	68		4°	41		4° ESO	45
	Total ESO	269		Total ESO	232		Total ESO	220
	1° Bac	109		1° Bac	77		1° Bac	85
	2° Bac	67		2° Bac	85		2° Bac	84
	Total Bac	176		Total Bac	162		Total Bac	169
	TOTAL	445		TOTAL	394		TOTAL	389

CURSO 2018-19	curso	Número de alumnos	CURSO 2017-18	curso	Número de alumnos	CURSO 2016-17	curso	Número de alumnos
	1° ESO	78		1° ESO	66		1° ESO	62
	2° ESO	65		2° ESO	63		2° ESO+PMAR	72
	3° ESO	56		3° ESO+PMAR	62		3° ESO	41
	4° ESO	68		4°	41		4° ESO	45
	Total ESO	269		Total ESO	232		Total ESO	220
	1° Bac	109		1° Bac	77		1°	85

	2° Bac	67		2° Bac	85		Bac	
	Total Bac	176		Total Bac	162		2° Bac	84
	TOTAL	445		TOTAL	394		Tota l Bac	16 9
							TOTA L	38 9

**ALUMNADO REPETIDOR E PROMOCIONADO POR IDADE (ESO POR NIVEIS)
NO CURSO 2020-21**

NIVEL	1°ESO	2° ESO	3° ESO	4° ESO	TOTAL
Repetidores	8	7	3	10	28
PIL	8	3	0	0	11

**ALUMNADO REPETIDOR E PROMOCIONADO POR IDADE (ESO POR NIVEIS)
NO CURSO 2019-20**

NIVEL	1°ESO	2° ESO	3° ESO	4° ESO	TOTAL
Repetidores	8	7	3	10	28
PIL	8	3	0	0	11

**ALUMNADO REPETIDOR E PROMOCIONADO POR IDADE (ESO POR NIVEIS)
NO CURSO 2018-19**

NIVEL	1°ESO	2° ESO	3° ESO	4° ESO	TOTAL
Repetidores	14	9	6	6	35
PIL	10	9	1	0	20

Se facemos unha análise comparativa entre os tres cursos anteriores vemos que este curso as expectativas son mellores nos cursos onde se aplicaron medidas de reforzo, de 14 repetidores en 1° pasamos a 8 e de 10 PIL en segundo pasamos a 8 tamén. Aumentou de forma considerable o número de alumnos repetidores en cuarto da ESO.

Deriváronse a FP Básica 8 alumnos dende o curso de segundo, que aínda que consideramos que neste curso é unha excepción, entendemos que para aqueles alumnos e alumnas con escasa motivación e por cumprir 15 anos é a mellor opción.

Un dos obxectivos do centro é intentar de todas as maneiras posibles que o alumnado abandone o centro co título da ESO conseguido pola vía normal. Este curso igual que o pasado seguimos sin impartir PMAR ao entender que este grupo os dous cursos anteriores estiveron moi lonxe de conseguir un mínimo de obxectivos propostos. Cuantificación da frecuencia de certos factores significativos no alumnado do centro: desfase curricular (**DC**), incorporación tardía ao sistema escolar ou ao curso (**TAR**), repetidores do curso actual (**REP**), alumnado promocionado por idade (**PIL**), alumnado exento de segunda lingua

estranxeira e que por tanto recibe reforzo educativo(**EXL**), alumnado con adaptacións curriculares (**ACS**), alumnado con discapacidade física ou psíquica con recoñecemento oficial(**DIS**), alumnado atendido polo profesorado de PT(**PT**), alumnado estranxeiro (**EST**), alumnado de etnia xitana(**ETX**), alumnado disruptivo(**CON**), alumnado con absentismo escolar(**ABS**) e alumnado de diversificación curricular(**PDC**); tomaremos para este apartado os datos referidos ao primeiro ciclo de ESO, por ser os niveis nos que se concentra con moita diferenza a maioría destas casuísticas, salvo o caso do alumnado de diversificación, que cursa segundo ciclo, que son suficientemente significativos e figuran na seguinte táboa:

Indicador		DC	EXL	HEP	PII	EXL	ACS	DIS	PT	EST	ETX	CON	ABS
CURSO 2020-2021	1º ESO	18	5	18	20	29	6	4	13	9	7	3	2
		20%	6%	20%	22%	32%	7%	5%	14%	10%	8%	3%	2%
	2º ESO	39	6	4	10	22	2	2	9	3	5	2	1
		46%	7%	5%	12%	26%	2%	2%	11%	4%	6%	2%	1%
TOTAL		57	11	22	26	51	8	6	13	12	12	5	3

Tomamos en consideración os datos do curso pasado en canto a casuísticas para a aplicación dos diferentes programas ao carecer a día de hoxe do alumnado que podemos integrar en cada indicador. Esta valoración faremola a partires da avaliación inicial (finais de setembro- primeiros de outubro)

2.7 Recursos.-

Para o desenvolvemento do presente plan de actividades, son necesarios entre outros, os seguintes recursos:

Humanos:

- O Equipo Directivo como máximo responsable do seu desenvolvemento e execución.
- A C.C.P como responsable de establecer as directrices xerais de orientación.
- O Departamento de orientación para asesorar e coordinar o Plan. Este curso contamos con dúas profesoras especialistas de Pedagogía Terapéutica definitivas no centro.

Estas especialistas colaboran coa orientadora e co profesorado e ofrecen atención educativa directa ao alumnado con necesidades educativas especiais tanto en aula como fora dela. Este curso este departamento tamén se

vai facer cargo dos alumnos exentos de segunda lingua estranxeira.

- O profesor/a titor/a, como principal axente na orientación dos alumnos/as do seu grupo, a partir da estrutura do Plan de Acción Tutorial.
- Os profesores/as, como responsables da planificación e integración de actividades de orientación e medidas de atención á diversidade, nas programacións das diferentes materias/ ámbitos, desde a estrutura dos Departamentos Didácticos.
- Os alumnos/as como propios axentes da orientación.
- As Nais/Pais, como colaboradores na orientación dos seus fillos/as.
- E como soporte externo ao centro, os responsables doutros servizos, institucións e organismos colaboradores: Inspección Educativa, EOES, Servizos Sociais, servizos socio-sanitarios, asociacións, Policía Local, Policía nacional e autonómica, Asociación DOWN Compostela (incorpórase este curso a 1º de ESO, un alumno asociado a esta institución) A ONCE - Incorpórase este curso un alumno asociado a esta institución.

O IES Arcebispo Xelmírez II desenvolve un Proxecto Educativo baseado **na INCLUSIÓN e na atención personalizada**, individualizando o proceso de ensino e adecuándoo aos distintos estilos, ritmos e niveis de aprendizaxe para atender a cada alumno de acordo coas súas necesidades particulares.

- Coñecer as características persoais de cada alumno: o seu desenvolvemento evolutivo, as súas capacidades, intereses e afeccións, o seu ritmo de aprendizaxe, etc., permitiranos aplicar con éxito unha metodoloxía de ensino baseado na EDUCACIÓN PERSONALIZADA. Para iso conta cun Departamento de Orientación no que traballan un amplo equipo de profesionais con gran motivación e experiencia docente que se encargan de:
 - Reunir información sobre os alumnos.
 - Avaliar o seu desenvolvemento de aprendizaxe e os seus trazos persoais.
 - Informar e orientar aos pais.
 - Realizar a orientación profesional dos alumnos tras terminar as distintas etapas ou interetapas de cara a incorporación a FP Básica.
 - Informar os profesores/as de cada nivel e orientar sobre pautas de actuación cos alumnos en función das necesidades, características e/ou diagnósticos que presenta cada alumno ou alumna dentro do grupo.
 - Colaborar en programas de formación de grupo e tutoría.
 - Aplicar, en pequenos grupos, os programas de reforzo educativo e intervención psicopedagóxica.
- Entendemos e propoñemos un ENSINO PERSONALIZADO caracterizado por:

Todo o mundo pode progresar en aprendizaxe, pero non todos podemos aprender o mesmo e da mesma maneira. Cada alumno:

- Aprende en función das súas características e do nivel evolutivo en que se atopa.
 - Desenvolve a súa aprendizaxe en base ás súas capacidades, o seu desenvolvemento psicomotriz, o nivel de linguaxe, os seus trazos persoais, as condutas e hábitos adquiridos, etc.
- ✓ Todo o mundo pode progresar en aprendizaxe de maneira progresiva e sobre pautas de éxito.

Axustar o proceso de adquisición de coñecementos ás características de cada un, facilitará que o alumno progrese e potencie a súa autoestima.

MATERIAIS

Na actualidade o D.O. dispón dun despacho situado na ala nova do Instituto, ao lado da aula de PT. Ambas dependencias dispoñen do mobiliario básico e dos recursos curriculares, documentais, bibliográficos, psicotécnicos e informáticos básicos. Non obstante na medida das posibilidades e necesidades, é noso o desexo de continuar actualizando e ampliando os recursos dispoñibles polo departamento.

Entre as principais instalacións coas que conta o barrio, ademais do noso propio instituto, podemos citar:

- Centro de ensino infantil e primario (CEIP) de Vite I, centro de educación primaria adscrito ó I.E.S. Arcebispo Xelmírez II.
- Centro de saúde de Vite.
- Centro sociocultural de Vite.
- Outras institucións relacionadas co centro son:
- CEIP Arquitecto Casas Novoa de A Sionlla (Santiago), centro de educación primaria adscrito ó I.E.S. Arcebispo Xelmírez II.
- CEIP López Ferreiro (Santiago).
- CEIP Monte dos Postes (Santiago).
- CEIP Apóstolo Santiago (Santiago).
- C.P.I. Viaño Pequeno, no concello de Trazo.
- IES de Oroso,
- CPI de Bembibre
- Servizos sociais do Concello de Santiago: Asociación ARELA .
- Unidade de atención ás familias (UAF) do Concello de Santiago.
- Unidade municipal de atención a drogodependentes (UMAD) do Concello de Santiago.

Tamén mantemos estreita relación con diferentes institucións ubicadas non concello e que nos aportan un amplo abano de recursos:

Universidade.

- Policía Local de Santiago de Compostela.
- Comisaría de Policía de Santiago, Unidade de Policía Autónoma.
- Cruz Vermella.
- Servizos sociais doutros concellos, como o de Oroso e Trazo.
- ASOCIACIÓN DOWN COMPOSTELA.
- ONCE
- ASOCIACIÓN COGAMI.
- ASOCIACIÓN ASPANAES
- ASOCIACIÓN ASAC
- IGAXES
- COOPERACIÓN INTERNACIONAL

As relacións con estas institucións basearanse en mellorar a atención ao alumnado e fortalecer o seu proceso de aprendizaxe, así como a súa formación global, e por outra banda á mellora da convivencia no centro.

En particular, promoveranse intervencións encamiñadas fundamentalmente á prevención de situacións de risco ou á corrección de problemáticas diversas, das cales as máis frecuentes son o absentismo escolar, integración social ou o baixo rendemento e fracaso escolar, e á realización de actividades de formación en educación sexual, sanidade, riscos de internet e outras.

O I.E.S. Arcebispo Xelmírez II continuará cos centros adscritos na mesma liña de coordinación establecida en cursos anteriores, entendendo ésta como moi positiva porque facilita o coñecemento das diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais do alumnado que se incorpora ao centro, e así, dar unha resposta educativa o máis adecuada ás características dese alumnado.

Consideramos o departamento como un punto de encontro entre titores e titoras, profesores e profesoras, aberto á reflexión conxunta e á consulta permanente dos diferentes tipos de materiais e recursos existentes, tanto para traballar na aula, como para desenvolver as múltiples funcións que teñen encomendadas os titores e titoras coa familia, co alumnado e o resto de membros do equipo educativo.

Utilizacións das Tics

O departamento de orientación trata de seguir as orientacións deseñadas no PROXECTO DE EDUCACIÓN DIXITAL. Utiliza as funcionalidades que ofrecen as TIC en diversas tarefas relacionadas coa avaliación psicopedagóxica e o diagnóstico, a

información, o asesoramento e, principalmente a orientación académica e profesional.

Somos usuarios de servizos de corrección de test mediante sistemas informáticos, mantemos comunicación- colaboración a través do correo electrónico, valémonos de programas informáticos para complementar as tarefas de orientación, procuramos manter actualizados os contidos do apartado sobre orientación educativa da web do instituto, utilizamos habitualmente Internet como ferramenta de traballo e manexamos os medios técnicos disponibles no centro (programas informáticos, ordenadores , aulas de informática , cañón...) etc

2.8 Estructura Funcional do Departamento

O desenvolvemento desta programación, a dinamización e mellora do departamento pasa necesariamente pola aportación e a colaboración de tódolos sectores da comunidade educativa, que se está a impulsar fortemente desde a dirección do centro.

Neste departamento recoñecemos e agradecemos a colaboración de todos os sectores da comunidade educativa, especialmente a do profesorado e o resto do persoal, polo nivel de implicación e colaboración co departamento, aportando e acollendo de xeito moi activo, cun enorme respecto e un forte respaldo as iniciativas do departamento.

Forman parte deste departamento as profesoras con destino definitivo: Dna M^a José Motellón Carrillo que se incorpora este curso ao departamento procedente do CAFI.

- Dna. Beatriz Iglesias Atanes
- Dna M^a Cruz Presas López - Xefa Departamento.

Realizarán as súas funcións tendo en conta a lexislación vixente e as propostas da Comisión de Coordinación Pedagóxica, reunida o día 10 de setembro de 2021

Establécese un calendario periódico de coordinacións, internos do DO e o Ies e externas ao centro.

- Do propio departamento 1 reunión mensual que este curso a celebraremos o 1º martes de cada mes de 18:00 a 19:00.
- Reunión na CCP como profesoras de apoio e como xefa do departamento.
- Reunión quincenal fora do horario escolar cos titores-as de 1º e 2º de ESO e mensual cos titores de 3º e 4º e co profesorado das diferentes materias(cando a situación o requira).
- Reunión semanal co equipo directivo coa comisión de Convivencia.

Externas:

- Reunión de coordinación co Plan Comunitario de Vite cada 2 meses xuntamente coa Directora do centro.
- Reunións trimestrais cos orientadores-as dos centros adscritos.

- Outras reunións externas ao centro : Sanidade, Servicios Sociais , Centros de Primaria, Universidad, Cruz Vermella, ONCE, cando a situación o precise.

3.- DETECCIÓN DE NECESIDADES:

Da análise dos datos expresados podemos concluír que nos atopamos ante unha diversidade de familias en canto a expectativas, preocupación pola realidade, problemática e futuro dos seus fillos e fillas moi diferenciadas, alumnado que require unha adecuación e singularización do labor docente así coma unha axuda (asesoramento) na súa propia autoformación, unhas necesidades formadoras no eido da atención á diversidade e do traballo compartido, a presenza de alumnado de diferentes países e alumnado con diferentes culturas. E a todo iso hai que engadirlle unha difícil-complexa demanda social atribuída aos centros educativos.

Para identificar as necesidades xerais do departamento de orientación teremos en conta a cuantificación da frecuencia de certos factores significativos no alumnado do centro recollidos nas memorias dende o curso 2017-18: desfase curricular, incorporación tardía ao sistema escolar ou ao curso, repetidores do curso actual, alumnado promocionado por idade, alumnado exento de segunda lingua estranxeira e que por tanto recibe reforzo educativo, alumnado con adaptacións curriculares, alumnado con discapacidade física ou psíquica con recoñecemento oficial, alumnado atendido polo profesorado de PT, alumnado estranxeiro, alumnado de etnia xitana, alumnado disruptivo, alumnado con absentismo escolar; tomaremos para este apartado os datos referidos ao primeiros e segundos cursos de ESO, por ser os niveis nos que se concentra con moita diferenza a maioría destas casuísticas e que figuran nas seguintes táboas:

Indicadores		DC	TAR	REP	PIL	EXL	ACS	DIS	PT	EST	ETX	CON	ABS	PMAR
CURSO 2017-18	1º ESO 74 al.	24	3	19	21	21	7	0	26	5	10	18**	2	3º PMAR 7
		32%	4%	25%	28%	28%	9%	0%	35%	6%	13%	24%	2%	
	2º ESO 69 al.	20	5	15	10	14	2	2	14	5	6	20	2	
		28%	7%	21%	14%	20%	2%	2%	20%	7%	8%	28%	2%	
Total		44	8	34	31	35	9	2	40	10	16	38	4	7

Indicador		DC	TAR	REP	PIL	EXL	ACS	DIS	PT	EST	ETX	COND Expendientes	ABS enviados
CURSO 2018-2019	1º ESO 82 al	28	1	12	11	20	2	2		6	5	3	4
		33%	1%	14%	13%	23%	2%	2%		7%	6%	4%	5%
	2º ESO 70 al	26	4	6	10	14	2	0		5	6	8	2
		36%	6%	8%	14%	19%	3%	0%		7%	8%	11%	3%
TOTAL		54	5	20	21	34	4	2	40	11	11	11	6

Indicador		DC	TAR	REP	PIL	EXL	ACS	DIS	PT	EST	ETX	COND Expenden	ABS enviado
CURSO 2019-2020	1º ESO 88 alumnos	24	0	9	10	22	4	3	13	6	6	2	0
		27%	0%	10%	11%	25%	4%	3%	14%	6%	6%	2%	0%
	2º ESO 88 alumnos	37	1	9	16	22	0	3	0	5	5	3	1
		43%	1%	10%	18%	25%	0%	3%	0%	5%	5%	3%	1%
TOTAL		61	1	18	26	44	4	6	13	11	11	5	1

Previsión de alumnado con necesidades cara o curso

2021-22:

Alumnos de nova incorporación ao centro EN PRIMEIRO procedentes dos centros adscritos.:

- con dificultades de aprendizaxe:25
- Exentos de segunda lingua :24 en 1º de ESO
- Conductuais:8
- Aspectos emocionais:20

As propostas de escolarización dos alumnos de primeiro na XUNTA DE AVALIACIÓN de setembro para este curso 2021-2022 foron:

Repetición de curso:9 alumnos

Promocionan por IL a segundo: 4 alumnos.

As propostas dos alumnos de segundo foron:

FP BÁSICA :11 alumnos

Repiten curso: 4

PIL a 3º:3 alumnos

Terceiro curso:

Repiten curso : alumnos

FP BÁSICA :3 alumnos

Cuarto curso:

Repiten curso : 5 alumnos

FP BÁSICA :1 alumna

NIVEL	GRUPO	ALUMNOS
1º ESO	4	110
TOTAIS		
2º ESO	3	86
3º ESO	3	77
4º ESO	3	68
TOTAIS	13	341
1º Bac	4	135
2º BAC	4	100
TOTAIS	8	235
Totais	18	576

O centro ten previsto na súa planificación xeral as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Agrupamentos en Primeiro en todas as materias agás E. Física e E. Plástica
- Agrupamentos específicos en segundo en todas as materias agás : E. Física.
- Exención de segunda lingua en primeiro e segundo.
- ACS dentro da aula ordinaria ou na aula de PT.
- Grupo de adaptación da competencia curricular.

Sintetizando en **EDUCACIÓN SECUNDARIA PRIORIZAREMOS:**

- Agrupamientos flexibles para personalizar os procesos de aprendizaxe.
- Seguimento individual e personalizado.
- Orientación persoal, académica e profesional.
- Formación na normativa de convivencia e en valores.

EN BACHARELATO FAREMOS FINCAPE:

- Metodoloxía que facilita enfrontarse con éxito a estudos posteriores, así como a probas de acceso a ciclos e a ABAU.
- Fomentar unha madurez persoal.
- Información sobre as alternativas educativas existentes e unha adecuada orientación persoal e profesional de cara a toma de decisións no futuro

É por iso polo que, compartindo a definición de que por orientación educativa e profesional se entenden "os apoios que, de forma sistemática e organizada, recibe a comunidade educativa durante o proceso educativo de todos os alumnos e alumnas desde o seu inicio na educación infantil ata o remate dos estudos non universitarios"(Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria), entendemos que é necesario un servizo que contemple unha intervención nos ámbitos do alumnado, do profesorado e das familias;partindo da realidade e dos condicionantes expresados. Isto leva a que, sendo totalmente útiles e adecuadas as actuacións que se propoñen como prioritarias desde a propia Administración Educativa, no PO deben definirse un abanico amplo de actuacións orientadoras e para o conxunto do sistema.

En consecuencia, obviamente,os obxectivos deste Plan de Orientación veñen marcados polas funcións do propio Departamento de Orientación,polas necesidades do propio contorno e pola avaliación do servizo realizada nos derradeiros cursos. Somos conscientes de que non será exitosa unha intervención no cómo educar se non se ten en consideración quén educa, a quén educa e ónde o fai.

4.- OBXECTIVOS

Tendo en consideración a realidade expresada no epígrafe anterior, as ideas previas e a cultura profesional do profesorado, así coma unha filosofía de traballo compartido, reflexivo, innovador e para a diversidade -dado que "o intercambio de opinións e a busca de solucións non só deben dirixirse á resolución dos casos conflitivos senón a atender as necesidades de todos os alumnos e alumnas do centro". "Atender as necesidades de todos os teus alumnos só é posible desde un modelo de aprendizaxe centrada no alumno, onde se crean distintos carrís nos que cada alumno avanza á súa propia velocidade e profunda nas materias en función dos seus intereses¹. Entendemos que os obxectivos que deben guiar a acción deste Departamento de Orientación son os que seguen:

4.1. XERAIS:

- 4.1.1. Continuar coa inserción do Departamento de Orientación no conxunto do sistema educativo e no proceso de ensino-aprendizaxe, colaborando na elaboración e implementación dos proxectos educativo e curricular de centro.
- 4.1.2. Permitir e fomentar que cada alumno e alumna aprenda de acordo co seu propio estilo de aprendizaxe, na necesaria interacción cos demais a través da implementación de distintos programas: Club de Ciencia, Club de Lectura e Espazo Maker, bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach; para despertar o interese pola aprendizaxe do alumnado coa finalidade de mellorar os resultados académicos actuais.
- 4.1.3. Asesorar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade nunha sociedade multicultural, proporcionando estratexias de intervención que permitan unha optimización dos recursos existentes.
- 4.1.4. Asesorar, promover e afondar na acción tutorial do profesorado, familias e alumnado e na colaboración centro-familias, deseñando accións encamiñadas á atención temperá, ao clima convivencial e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe do alumnado, así coma os que poden derivarse dos cambios de ciclo e/ou etapa.
- 4.1.5. Proporcionar apoio psicopedagóxico á totalidade do alumnado, especialmente aos alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo, e asesorar

¹ Enriqueciendo el currículo para todo el alumnado (Desarrolla tu talento) Joseph Renzulli

nas decisións relativas á potenciación das áreas instrumentais, á avaliación, aos criterios de promoción e á implicación persoal do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe.

4.1.6. Colaborar cos membros da comunidade educativa, así coma cos demais servizos, na busca de solucións aos problemas que afectan ao conxunto do proceso de ensino-aprendizaxe.

4.2. ESPECÍFICOS:

A) Con relación aos alumnos e alumnas:

- 4.2.1. Despertar o interese pola aprendizaxe de todos os alumnos e alumnas.
- 4.2.2. Asesorar nas estratexias para o coñecemento das características persoais, familiares, sociais e escolares dos alumnos e alumnas, a fin de acomodar, adecuadamente, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación e promoción.
- 4.2.3. Facilitar estratexias e instrumentos destinados a que o tránsito dun ciclo e/ou etapa a outro, mesmo o cambio de centro, se realice da forma menos traumática posible.
- 4.2.4. Promover actuacións destinadas ao entramento en técnicas de traballo intelectual, á solución pacífica dos conflitos e á adquisición de habilidades sociais.
- 4.2.5. Promover a formación en valores.
- 4.2.6. Asesorar e colaborar na elaboración de rexistros de observación-avaliación sistemáticos.
- 4.2.7. Realizar unha exploración psicopedagóxica coa totalidade do alumnado, facilitando orientacións cara á mellora no dominio das áreas instrumentais e á implicación propia no proceso de ensino-aprendizaxe.

B) Con relación ás familias:

- 4.2.8. Involucrar ás familias no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos e fillas.
- 4.2.9. Asesorar aos pais e nais nos momentos en que atopen algunha dificultade na educación dos seus fillos ou fillas.
- 4.2.10. Fomentar a participación, colaboración e formación das familias a través de charlas, coloquios, conferencias... que aporten información para a mellor educación dos fillos e fillas.

C) Con relación ao profesorado:

- 4.2.11. Recabar a súa colaboración nos procesos de avaliación psicopedagóxica e na organización da atención á diversidade do alumnado.
- 4.2.12. Asesorar no deseño, implementación e avaliación dos distintos plans e ou programas que se elaboren.
- 4.2.13. Promover a coordinación, o traballo compartido e a innovación educativa.
- 4.2.14. Asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das adaptacións curriculares significativas.
- 4.2.15. Colaborar na revisión e/ou modificación das medidas de apoio e/ou reforzo que estea a recibir o alumnado para avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar.
- 4.2.16. Asesorar ao profesorado que o demande naqueles aspectos relacionados co ámbito da orientación, así como no desenvolvemento do PAT, POAP, PAD.

"Non podemos pretender mellorar a calidade da educación igualando á alza ou á baixa, en función da ideoloxía do goberno de quenda. É necesario flexibilizar e personalizar, trátase de facilitar aos alumnos os recursos educativos necesarios para que estes poidan chegar tan lonxe, tan rápido, con tanta amplitude e con tanta profundidade como lle permitan as súas capacidades e as súas posibilidades (Javier Tourón, 5 de marzo de 2012)".

D) Con relación ao centro:

- 4.2.17. Constituír o Departamento de Orientación e establecer as liñas xerais de actuación para o respectivo curso académico (Plan Anual de Actividades do Departamento -PAADO-).
- 4.2.18. Colaborar nas actuacións encamiñadas a promover un clima escolar positivo e a resolución pacífica de conflitos.
- 4.2.19. Facilitar asesoramento, técnico e legal, respecto da elaboración-revisión e actualización do PEC e do PCC, PAD, de forma que o plan de orientación sexa un elemento que dá unidade e coherencia ás decisións adoptadas nos proxectos educativo e curricular de centro.
- 4.2.20. Colaborar co equipo directivo naqueles temas que se considere máis urxente a abordar dende o departamento de orientación: dinamizar actuacións que favorezan a convivencia, agrupamento do alumnado, relacións persoais..

E) Con relación a outras institucións:

- 4.2.21. Establecer reunións periódicas cos Departamentos de Orientación dos centros adscritos- tendo en conta a provisionalidade dos xefes destes departamentos, para lograr unha liña de actuación conxunta.
- 4.2.22. Colaborar e demandar a colaboración do equipo de orientación específico naqueles casos nos que así se solicite ou se considere necesaria a súa intervención.
- 4.2.23. Establecer canles de colaboración cos servizos e entidades que poidan axudar á mellor integración de todos alumnos e alumnas, especialmente os de nova incorporación e/ou con necesidades específicas:UMAD,UAF,ONCE , PLAN COMUNITARIO DE VITE, CRUZ VERMELLA, POLICÍA LOCAL, NACIONAL E AUTONÓMICA.)

5. CONTIDOS

No ámbito do IES.

- 1. Colaboración e asesoramento na elaboración do PEC
- 2. Asesoramento técnico aos órganos directivos e aos Departamentos Didacticos.
- 3. Cooperación no marco da investigación /acción e as metodoloxías innovadoras
- 4. Facilitación dos elementos personalizadores da educación.
- 5. Colaboración na planificación e organización das actividades educativas.
- 6. Coordinación do reforzo pedagóxico, adaptacións curriculares, FP BÁSICA, actividades de recuperación e de reforzo.
- 7. Achega da competencia orientadora especializada á acción educativa
- 8. Colaboración e asesoramento na posta en marcha do P.A.T.
- 9. Elaboración da programación e da memoria do D.O.
- 10. Asesoramento na solicitude de recursos extraordinarios.
- 11. Asesoramento e colaboración na posta en práctica do Plan de Convivencia do IES, elaborado o curso pasado.
- 12. PARTICIPACIÓN nos PROGRAMAS DE ENRIQUECEMENTO.

No ámbito do alumnado.

1. Individualización da orientación.
2. Atención ao alumnado en momentos de maior risco: ingreso no IES, cambios de etapa, elección de materias e/ou itinerarios formativos, transición á vida activa
3. Orientación académica e profesional, favorecendo a madurez vocacional e os procesos de toma de decisión, co fin de capacitar para a propia autoorientación.
4. Identificación do alumnado con n.e.a.e, axustando a resposta educativa
5. Realización da avaliación psicopedagóxica.

No ámbito do profesorado.

1. Asesoramento no traballo de titorías e no desempeño da función tutorial.
2. Asesoramento en cuestións de organización e agrupamento do alumnado, no tratamento flexible da diversidade de aptitudes, intereses e motivacións.
3. Utilización na aula de técnicas específicas: T.T.I., programas de ensinar a pensar, adestramento no uso de mapas conceptuais, Control de ansiedade nos exames.
4. Asesoramento nos procesos de avaliación, reforzo e promoción do alumnado...
5. Asesoramento en relación con metodoloxías didácticas funcionais, activas e participativas: dinámicas de grupo, traballo cooperativo...
6. Colaboración na detección de problemas educativos, de desenvolvemento e/ou de aprendizaxe e intervención para tratar de solucionarlos.
7. Asesoramento e colaboración no proceso específico de avaliación psicopedagóxica.
8. Asesoramento específico no caso de alumnos/ás con n.e.a.e.

Coas familias.

1. Cooperación e/ou organización de actividades de formación de pais e nais.
2. Facilitación da relación titores - familia.
3. Orientación ás familias de forma individual e colectiva para que asuman responsablemente a educación e orientación dos seus fillos.

Con outras institucións.

1. Coordinación cos CEIP, na transición da EP á ESO.

2. Coordinación con outros Centros para a transición da ESO ao ensino secundario postobrigatorio.

3. Coordinación coas Universidades

4. Coordinación co ámbito social e o resto das institucións que nel actúan: S.Sociais, Cefores, Concello, Plan Comunitario de Vite. UAF, UMAD, Empresa, ASOCIACIÓN DOWN

6.- PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS.

Independentemente do marco legal que determina as funcións do Departamento de Orientación e da propia xefatura do departamento, e das directrices das diferentes circulares procedentes da administración educativa, entendemos que o planeamento xeral da orientación precisa dunha estratificación na súa execución, pois non é posible abordar todo dunha vez, nin sequera nun único curso. De aí que, logo de sete anos de funcionamento, se elabore este PO coa pretensión de que sirva como planificación xeral para vindeiros cursos, tendo en conta, obviamente, o correspondente seguimento e avaliación.

Tal vez dunha reflexión sobre os obxectivos pode intuírse cal será o campo de traballo do Departamento. De todos os xeitos, quizais proceda algunha aclaración sobre os principios que xustifican eses obxectivos así coma sobre aquelas accións máis destacables que se contemplan para o seu logro.

En primeiro lugar, entendemos que calquera actuación do Departamento de Orientación, mesmo o Plan de Orientación, debe formar parte da paisaxe na que se enmarca todo o relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe; en concreto, do propio proxecto curricular de centro. Parece evidente que cando se fala de contextualizar o CURRÍCULO, da metodoloxía, dos criterios de avaliación e promoción, da transversalidade, ... o DO debe aportar fundamentación e estratexias para que todo iso se impregne dun sentido do traballo coordinado, compartido e de calidade; dunha actitude de mellora a partir da propia práctica docente; dunha sensibilidade por atender a cada quen segundo as súas posibilidades e necesidades; etc.

En segundo lugar, asumimos que un dos roles principais da orientación educativa é o de facilitar os medios ou as orientacións que permitan atender debidamente a cada realidade, a cada alumno e alumna, tendo en consideración non só as súas ideas previas e a súa zona de desenvolvemento próximo, tamén as súas circunstancias concretas, que fan a cada quen singular. Por iso será necesario reflexionar sobre o deseño e o desenvolvemento de diferentes medidas de atención á diversidade, desde as atencións individuais dentro da aula ata os propios reforzos educativos, as adaptacións curriculares, a distribución do alumnado, a adscrición dos titores e titoras, etc. Do que se trata, como indica Rodríguez Romero (1996)², é de

² RODRÍGUEZ ROMERO, M.M. (1996): *Asesoramiento y capacitación del profesorado*. Cuadernos de Pedagogía, nº 246.

capacitar a todos e a todas as participantes, indo máis aló do problema concreto e xerando acordos e intercambios de puntos de vista que conduzan a unha colaboración duradeira.

En terceiro lugar, entendemos necesario o establecemento dunha rede de relación titorial dentro do triángulo alumnado-profesorado-familia, así coma unha acción preventiva permanente, que evite ou reduza a presenza de dificultades no alumnado e, ao mesmo tempo, facilite unha atención educativa adecuada.

Finalmente, desde o DO estamos convencidos da necesidade de establecer unha liña de colaboración permanente, tanto para coas persoas destinadas no propio centro coma cos diferentes servizos externos.

Moitas desas accións prioritarias aparecerán definidas nos respectivos subpláns que conforman este PO. De todos os xeitos, tomando como referencia os obxectivos explicitados, podemos definir como prioritarias as seguintes accións:

- 6.1 Proceder á constitución do DO e elaborar o Plan anual de Actividades do Departamento de Orientación.
- 6.2 Detectar problemas de aprendizaxe e intervir coa máxima dilixencia posible.
- 6.3 Realizar un seguimento psicopedagóxico individual de cada un dos alumnos e alumnas, aproveitando toda a información que facilita a ficha psicopedagóxica individual, tanto a nivel de profesorado coma de familia.
- 6.4 Axustar as propostas de apoio aos alumnos, tendo en conta as liñas do Plan Xeral de Atención á Diversidade (PAD), que constitúe un documento aparte .
- 6.5 Asesorar aos departamentos tendo en consideración as demandas presentadas.
- 6.6 Asesoramento sobre as medidas de actuación con alumnado con necesidade específica de apoio educativo .
- 6.7 Diseñar actuacións titoriais para as dúas etapas impartidas no centro, especialmente para a ESO
- 6.8 Estructurar e explicitar todas estas actuacións mediante a actualización do PAT e do PAD, no que se contemplan as accións para co alumnado de nova incorporación e para o alumnado que remata a Educación Secundaria.
- 6.9 Promover a reflexión e a coordinación entre os distintos servizos que interveñen cun mesmo alumno ou alumna.
- 6.10 Colaborar con equipos docentes en elaboración de avaliacións iniciais e nos diferentes procesos de avaliación.

- 6.11 Reflexionar sobre o proceso avaliador, tanto no que afecta aos resultados como ao propio proceso.
- 6.12 Explicitar e implementar as accións propostas sobre a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo tendo en conta o decreto 229/2011.
- 6.13 Promover e participar en grupos de traballo que reflexionen e investiguen desde a propia práctica docente.
- 6.14 Colaborar co equipo directivo en todas as situacións que nos demanden.
- 6.15 Colaborar na promoción dunha convivencia positiva . Contribuír a mellora da convivencia escolar a través da dinamización da xunta de delegados, mellora no funcionamento da aula de convivencia, tutorías personalizadas.
- 6.16 Proceder á revisión-actualización dos proxecto educativo , onde o Plan de Orientación se contemple coma un instrumento promotor de calidade e cohesión .
- 6.17 Rexistro para memoria final.
- 6.18 Aportar os datos que a Administración Educativa e demais servizos demanden. Aplicación informática a tempo **drdoriente**.
- 6.19 Empregar as tecnoloxías da información e da comunicación no campo da orientación e do asesoramento.
- 6.20 Asesorar tanto aos alumnos como ás familias sobre a transición ao mundo laboral.
- 6.21 Coordinación con outros D.Orientación de diferentes niveis e sobre todo cos centros adscritos.
- 6.22 Asesorar sobre FP BÁSICA, PROBAS ACCESO A CICLOS..
- 6.23 Diseñar, cando sexa preciso, en colaboración co equipo de orientación específico, accións de atención temperá, dictame de escolarización e outras actuacións que proporcionen respostas educativas apropiadas e adaptadas de carácter preventivo e compensador ás necesidades específicas de apoio educativo.

7.-"PLAN DE ADAPTACIÓN A SITUACIÓN COVID-19 NO CURSO 2021/2022"

Con carácter xeral, en aplicación dos principios de normalización e educación inclusiva , o noso departamento elaborará para os diferentes alumnos programas de detección e prevención das dificultades de aprendizaxe na liña establecida en xeral na programación habitual de cada materia.

O noso departamento sempre priorizou a atención dentro da aula sobre a intervención fora, despois de realizar unha análise individual de cada situación para dar a mellor resposta posible segundo cada necesidade.

Este curso, tendo en conta as características especiais a nivel sanitario, a atención por parte das especialistas de PT farase fóra da aula ordinaria.

ATENCIÓN FÓRA DA AULA DE REFERENCIA.-

Atenderemos de forma flexible os criterios de atención aprobados polo departamento de Orientación nas reunións de departamento do curso 2015-2016 e actualizados cada curso en función das características e necesidades manifestadas.

Establécense como criterios de atención a alumnado con neae por parte das profesoras de PT os seguintes :

1º.- Alumnos con ACS nas materias instrumentais básicas e que haxa que implementar un programa de Modificación de Conduta.

2º.- Alumnos con ACS

3º.- Por cursos se priorizará nos primeiros niveles (1º e 2º de ESO).

4º.- Alumnos que o profesorado solicite a intervención do departamento de forma temporal e amparado sempre na lexislación vixente.

Para a atención aos alumnos fora da aula sempre contaremos coa autorización e conformidade da familia dos alumnos que precisen desa medida.

Con carácter xeral, a organización dos apoios específicos que reciben os alumnos con necesidades educativas especiais fora da aula de referencia, realizarase en grupos de polo menos tres alumnos, en función da competencia curricular e do tipo de dificultades de aprendizaxe que presenten, e serán atendidos polos mestres especialistas en Pedagogía Terapéutica O horario establecido para estes grupos de apoio non coincidirá co daquelas áreas nas que o alumnado se atope máis integrado por ser capaces de realizar as actividades que nelas se desenvolven. Os agrupamento destes alumnos realizarase, en función da súa competencia curricular e do tipo de dificultades de aprendizaxe que presenten.

Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais recoméndase o uso das máscaras, pantallas, dentro e fóra da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade.

No caso de atención a alumnos exentos de uso de máscaras, a atención será **a nivel individual**. O personal de orientación e a coidadora optarán por outras fórmulas que garantan a protección individual axeitadas como pode ser o uso de pantallas e mamparas so fose o caso.

Neste momento temos identificados 2 alumnos con falta de autonomía. Estes alumnos (dado que están escolarizados en diferentes aulas) serán recibidos na entrada sempre polas coidadoras, saídas do centro e recreos.

O traslado polo centro para asistir as aulas de apoio, cambio de aula , será realizado pola coidadora.

Estes alumnos estarán atendidos nos recreos polas coidadoras , respectando sempre a distancia de seguridade. Velarán ao mesmo tempo que nestes intervalos de tempo os alumnos vaian ao baño e realicen a hixiene de mans de forma rutinaria nos dous recreos antes da incorporación as aulas.

Todos os alumnos e alumnas atendidos polo departamento de orientación terán como baño de referencia o que está ao lado da aula de PT.

Cando se atenda alumnado en grupo (estes reduciranse o mais posible) e en todo momento se respectará a distancia de seguridade e se priorizará a protección colectiva, establecendo grupos de convivencia estable formados polo alumnado do mesmo grupo docente e aula. Neste caso limitaranse as interaccións dos membros do grupo .

Para asegurar as medidas de seguridade, as profesoras de PT irán a buscar ao grupo de referencia aos alumnos/as cos que vai a ter clase, se a coidadora está ocupada.. A aula estará limpa e ventilada para recibir ao novo grupo.

USO DAS AULAS DE PT

Ao inicio da actividade diaria o alumnado deberá ser informado sobre as medidas e recomendacións a seguir - Establecidas no punto 3.4 do protocolo.

- Aproveitaranse os primeiros minutos para lembrar os protocolos de hixiene e contacto social e permitir que lave as mans se non o fixo previamente.
- Asignacións de espazos fixos que debe ocupar cada alumno- seguindo unha distancia de seguridade de 1,2 m . Todos os pupitres ou mesas colocaranse en liñas mirando cara a dirección do posto do/a profesor/a. Reducirase o traballo de mesa simultáneo de gran grupo. No caso de ter unha mesa longa ou espazosa asignaranse os espazos que poden utilizarse separados por unha distancia de entre 1 e 1,2 metros.

Imporase o uso da máscara obrigatoria en todo o horario lectivo, salvo aqueles alumnos que estén exentos desta medida.

Podemos dotar as aulas de algún cartel informativo que recolla as normas seguras de funcionamento. Tamén podemos marcar no chan algunha sinalización que lembre as distancias de seguridade.

O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as. Polo que a principio de curso se elaborará un listado de aquel material imprescindible co que o alumno debe asistir as referidas aulas. Resulta recomendable que cada alumno/a teña o seu material gardado en estoxos e co seu nome.

Nas aulas deberá existir un espazo diferenciado para o material de cada alumno de xeito que non permita ser manipulado por outros compañeiros.

O uso de recursos materiais serán de uso individual . Cando se empregue algún recurso de traballo colectivo, planificarase de xeito que a realización da práctica supoña a mínima manipulación posible. Deberán ser hixienizados despois de cada actividade para o seu uso polo seguinte equipo..

En todas as aulas, na zona máis próxima á porta da mesma, colocarse un dispensador de xel hidro alcohólico.

Cando un profesional presta asistencia no mesmo espazo con diferentes alumnos/as de xeito consecutivo (orientador/a, profesor/especialista,ou calqueraoutro) desinfectaranse as superficies usadas e ventilarase a aula ou sala polos menos 5 minutos logo de cada sesión.

Entradas

Os alumnos que acudan a aula de PT nas primeiras horas colocaranse xa na entrada a nosa ala...., a medida que vaian chegando ao centro, co fin de evitar aglomeracións .

Entrarán pola marxe dereita do corredor e gardando as distancias de seguridade. Estarán atendidos por un profesor de garda de entrada e /ou coidadora , según o caso, para asegurarse o respecto as normas de seguridade.

Familias .- O contacto coas familias por parte do todos os membros do departamento, farase preferentemente a través de medios telemáticos diversos, evitando , na medida do posible os contactos directos. Se estes se producen, serán sempre coas debidas medidas protocolarias e previa cita.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Os alumnos que precisen falar coa orientadora , asistirán ao departamento de un en un, e sempre coas máximas medidas de seguridade e hixiene que cumprirán tanto os alumnos como a orientadora (máscara e lavado de mans á entrada e a saída)

As familias tentarán resolver as súas dúbidas a través de contacto telefónico. Se fora preciso a súa presenza no departamento, farano con cita previa e coa máxima puntualidade , acudindo ao departamento dende o patio de columnas , sen que sexa preciso atravesar o vestíbulo, onde serán esperados pola

orientadora para acompañalos ao departamento cando os corredores estén totalmente libres. O mesmo proceso se fará a saída. Despois de cada atención individualizada ventilárase e desinfectárase o departamento. Tamén se limparán as máns tanto a entrada como a saída do departamento.

O departamento tamén colaborará no **PLAN DE CONTINXENCIA** de conformidade coas previsións do modelo que figura no Anexo VI do protocolo, no que se establecerán as medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

En caso de suspensión da actividade lectiva presencial pola APARICIÓN DE ABROCHOS aplicaranse as medidas de atención a distancia a través de diferentes recursos pactados coas familias tales como videochamadas, correo electrónico, aulas virtuais que nos permitan facer un seguimento sistemático dos diferentes alumnos/as. Estes recursos serán distintos e adaptados ás características individuais dos alumnos atendidos por este departamento.

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no protocolo **COVID-19**, relativas ao ensino a distancia.

8.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Se a fundamentación teórica que compartimos se sitúa na liña dun traballo colaborativo e compartido; no principio de APRENDER XUNTOS; na necesidade dunha intervención no conxunto do sistema e nun ensino significativo e de calidade, que desenvolva as potencialidades de todos e cada un dos alumnos e alumnas; é necesario, como xa se ten indicado, que enmarquemos as actuacións do Departamento de Orientación dentro da programación xeral anual e dos proxectos educativo e curricular de centro.

Sendo esa a dimensión na que se concibe este Plan de Orientación e á marxe da intervención que se articula arredor dos subplans que presentaremos a continuación, entendemos que existen uns recursos estratéxicos xerais que cómpre ter en consideración. Eses recursos son:

- a) A predisposición do equipo directivo, co que se establecerá unha liña de comunicación, información e colaboración (asesoramento-consulta) permanente.
- b) A toma de conciencia de que somos un equipo e non unha suma de unitarias, o que significa ter unha apertura de

cara ás iniciativas que se presenten e unha xenerosidade cara ás decisións que se adopten.

- c) A acción "mentalizadora e exemplificadora" dos titores/as así coma das especialistas do departamento: profesoras de apoio á etnia e de pedagogía terapéutica.
- d) A presentación de proxectos, ideas, programas, ... que axuden na toma de decisións, nas estratexias de aprendizaxe, nas medidas organizativas, na adquisición de hábitos, na integración, na educación en valores, na resolución de conflitos, PROGRAMA DE ENRIQUECIMENTO (SEM), na reflexión sobre o traballo e nas actuacións conxuntas.
- e) A publicitación de documentos informativos sobre asuntos relacionados co labor docente (funcións dos titores e titoras, actividades de reforzo educativo, proceso dunha adaptación curricular, ...).
- f) A promoción de grupos de traballo que reflexionen e investiguen desde a propia actividade.
- g) O establecemento dunha relación tutorial permanente co alumnado e periódica coas familias.
- h) As actuacións coa asociación de nais e pais de alumnos e alumnas, na procura dunha liña adecuada de colaboración e relación escola-familia.
- i) A absoluta dispoñibilidade e colaboración da orientadora, tanto no que atinxe ao noso centro coma aos centros adscritos.

Cómpre ter en consideración que aínda que nos guían os principios dunha actuación no conxunto do sistema e na liña de programas, iso non significa que non se vaian atender as demandas de intervención que nos cheguen, tanto por parte do profesorado coma por parte das familias ou do alumnado. Agora ben, a intervención -tal como indican M. Selvini e outros (1996)³- centrarase nos principios da totalidade e das relacións circulares, polo que tratará de ir reconvertendo as demandas, de xeito que sexamos capaces de ir modificando unha cultura profesional e/ou unhas ideas previas situadas máis na liña dunha intervención clínica alumnado-problema, **nunha idea de problemática xeral da diversidade e para o conxunto do sistema.**

Para o desenvolvemento de tódalas as estratexias mencionadas, faise necesario contar con diversidade de recursos técnicos e materiais, que se irán recopilando progresivamente ao longo de todo o curso, tendo en conta as necesidades e demandas que vaian xurdindo.

9.-PRESENZA DAS COMPETENCIAS CLAVE NOS ÁMBITOS DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

<p style="text-align: center;">ÁMBITO DO PROCESO DE ENSEÑANZA-APRENDIZAXE</p>	<p>Aínda que a individualización da ensinanza ou a atención á diversidade implica a todas as competencias, resaltamos principalmente tres:</p> <p>.Competencia en Comunicación Lingüística.</p> <p>.Competencia Matemática e Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</p> <p>-Competencia para Aprender a Aprender. No apartado de ensinar a pensar (mellora da motivación, reforzo do interés e apoio á adquisición de hábitos e técnicas de estudo e de traballo intelectual, comprensión lectora, fomento da lectura...)</p>	<p>As restantes competencias clave son)son interdisciplinares</p>
--	--	--

<p style="writing-mode: vertical-rl; transform: rotate(180deg);">ÁMBITO DA ACCIÓN TITORIAL</p>	<p>A finalidade da acción titorial é que o alumno se coñeza e se acepte, mellore o seu proceso de socialización e aprendizaxe e se sinta protagonista do seu propio proxecto persoal. En relación ao P.A.T destacamos tres competencias fundamentais:</p> <p>-Competencias social e cívica. No apartado de ensinar a convivir e a adaptarse (autoconcepto e autoestima, educación emocional, afectiva e sexual, habilidades sociais, participación e cidadanía, coeducación, educación para a paz e resolución pacífica de conflitos, educación para a saúde, utilización do tempo libre...).</p> <p>-Aprender a aprender.</p> <p>-Sentido de iniciativa de iniciativa e espírito emprendedor. No apartado Ensinar a ser persona e Ensinar a tomar decisións (exploración dos propios intereses, coñecemento do sistema educativo e das saídas académicas, coñecemento do mundo laboral e saídas laborais..).</p> <p>-Conciencia e expresións culturais</p> <p>A través de:</p> <p>Apreciar e gozar da cultura e a arte. Fomentar o traballo en equipo e colaborador dentro do ámbito cultural. Respetar de forma consciente as diferentes expresións culturais e artísticas.</p>	
--	---	--

ÁMBITO DA ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL	<p>A finalidade da orientación académica e profesional é que a alumna/o aprenda a decidir, edúquese na igualdade de xénero para a futura elección de estudos e profesións, realice un uso racional das TIC, constrúa o seu proxecto profesional...). En relación ao P.O.A.P sobresaee unha competencia básica:</p> <p>8.Autonomía e iniciativa persoal</p>	
--	---	--

Aínda que todas as competencias básicas deben estar presentes nos plans e programas do departamento de orientación, destacamos, no centro do cadro, as que se incardinan mellor nos seus ámbitos de actuación.

Por outra parte, a acción Titorial (que inclúe a orientación académica e profesional), ademáis de traballar o desenvolvemento dalgunhas competencias de forma máis intencionada, ten a función de coordinar, dinamizar e crear sinerxias naquelas competencias básicas que son comúns en todas as materias, colaborando con todos os axentes implicados na comunidade educativa

10- ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

O Departamento de Orientación centra a súa intervención en tres ámbitos de actuación distintos aínda que complementarios entre si: **APOIO AO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE- PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE, O PLAN DE ACCIÓN TITORIAL E A ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL.**

10.1-APOIO AO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE (VER ANEXO I: PROGRAMACIÓN PT)

O Departamento de Orientación contribuirá a proporcionar axuda pedagóxica ás diferentes necesidades dos alumnos, mediante a intervención directa ou ben facilitando recursos e estratexias que incidan naqueles aspectos que manifestan a diversidade do alumnado e que están estreitamente relacionados co proceso de ensino-aprendizaxe, tales como a capacidade para aprender, os estilos de aprendizaxe e os intereses dos alumnos.

Nas medidas de atención a diversidade, que se adopten, tanto de carácter ordinario como extraordinario, priorizaranse,

a atención a alumnado que asista aos reforzos , e ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, tendo en conta as propostas de mellora recollidas na memoria do curso pasado, e a información da xunta de avaliación extraordinaria.

10.1.1 Obxectivos:

- a) Facilitar ao profesorado información acerca do expediente persoal dos alumnos-as, especialmente do de 6º de primaria, para poder dar unha resposta educativa máis axustada as súas necesidades.
- b) Prestarlle atención docente directa ao ANEAE, a través das profesoras especialistas de pedagogía terapéutica e de apoio á etnia, seguindo as liñas establecidas no Plan de Atención á Diversidade.
- c) Colaborar na selección do material curricular do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- d) Facilitar aos profesores/as técnicas e instrumentos relativos a hábitos de traballo, técnicas de estudo, programas de mellora cognitiva ou de habilidades sociais.
- e) Colaborar co profesorado na prevención e detección de problemas de aprendizaxe a na planificación e realización de tarefas ou actividades dirixidas à súa solución.
- f) Buscar a cooperación entre tódolos responsables do proceso de ensino-aprendizaxe das alumnas/os para optimizar os resultados do mesmo e conseguir o desenvolvemento integral dos alumnos/as.
- g) Colaborar, cando proceda, na fase de deseño e desenvolvemento das diferentes decisións curriculares.
- h) Realizar o seguimento do proceso de aprendizaxe dos alumnos que presenten necesidades específicas de apoio educativo.
- i) Participar nas sesións de avaliación, colaborando co profesorado na búsqueda de respostas educativas ás necesidades do alumnado, informando sobre o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

10.1.2 Actuacións:

- a) Colaboración na planificación das actividades de apoio establecendo criterios organizativos sobre horarios, agrupamentos que favorezan a aplicación das medidas de reforzo e atención a alumnos con dificultades de aprendizaxe.
- b) Seguimento de alumnos que promocionaron con áreas avaliadas negativamente.

- c) Colaboración e asesoramento na realización das adaptacións curriculares.
- d) Colaboración cos Dptos Didácticos na planificación e seguimento das medidas de reforzo e adaptacións do curriculum, tanto ordinarias como extraordinarias para os alumnos que o precisen.
- e) Participación nas sesións de avaliación e reunións do equipo docente.
- f) Asesoramento e colaboración no desenvolvemento de algúns aspectos da programación como criterios e procedementos da avaliación e de promoción...
- g) Establecer directrices comúns para a elaboración das programacións didácticas nas que se reflexen a transversalidade, a atención a diversidade a orientación e a tutoría.
- h) Realización da avaliación psicopedagóxica dos alumnos que presenten importantes problemas de aprendizaxe e que precisen medidas educativas específicas.
- i) Realización de entrevistas e encontros cos profesores, alumnos e pais co fin de recoller e achegar a información e a cooperación precisas para dar respostas ás necesidades do alumnado.
- j) Proporcionar asesoramento e apoio aos alumnos e familias ante posibles circunstancias de índole aptitudinal, motivacional, social..., que puideran interferir no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

10.1.3 Seguimento e Avaliación

A través das diferentes reunións cos membros da comunidade educativa e das sesións de avaliación, farase o seguimento e a avaliación das actividades propostas, tendo en conta os seguintes criterios de avaliación:

- Comprobar en que medida se desenvolveron as ACS e a súa valoración final.
- Seguimento das intervencións demandadas, analizando o proceso, o grao de implicación e os resultados.
- Cómo influíu a distribución no tempo e o espazo na atención á diversidade.
- Modificacións da proposta de intervención tanto a nivel de horario como na atención prestada ao alumno (dentro ou fóra da aula) ao longo do curso.

- Cuantificación de demandas de asesoramento solicitadas e atendidas.
- Asesoramento solicitado ao D.O. tivo consecuencias positivas para os implicados no proceso.
- Con motivo dos informes psicopedagóxicos tomáronse as medidas adecuadas no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Os resultados académicos dos alumnos con medidas de ATENCIÓN A DIVERSIDADE son valoracións obxectivas da eficacia destas medidas.
- Valorar as repercusións na aula e no proceso de ensino aprendizaxe das actividades realizadas.
- Velar pola implementación das medidas acordadas na sesión de avaliación sobre reforzos e atención á diversidade.
- Analizar os resultados do proceso de ensino-aprendizaxe a través dos datos das avaliacións. No caso do alumnado atendido polo departamento reflexar éstos na folla de seguemento elaborada para tal fin. **(Anexo II)**

10.2- PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (ANEXO V).-Como ten un documento específico elaborado a principios do curso 2012-13, achéganse as adendas elaboradas no terceiro trimestre do curso 2020-2021 e aprobadas no claustro do 25 de marzo que van adaptando o recollido NO PLAN DE CONVIVENCIA aprobado polo claustro en xuño de 2015. CADA CURSO IMOS FACENDO DIFERENTES MODIFICACIÓNS AO PLAN EN FUNCIÓN DAS DIFERENTES NECESIDADES E DA LEXISLACIÓN VIXENTE- Está presentado nun documento anexo a PXA. Elaborou as adendas deste curso o equipo directivo.

10.3.- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (ANEXO VI). Como ten un documento propio. Especificamos as actuacións que pretendemos desenvolver ao longo do curso.

10.3.1.- PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS (incluído dentro dos programas desenvolvidos polo departamento de forma xeral e no Plan de Convivencia.

O Departamento de Orientación, en colaboración cos Titores/as, e Xefe de Estudos, colaborará na implementación, aplicación e desenvolvemento do plan de acción titorial marco. A través do departamento preténdese coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico ás actividades de tutoría, preparando material e participando, a orientadora, nas sesións de tutoría que se considere oportuno. Isto, farase de xeito sistemático, cando se traballe a orientación académica e profesional. Asímesmo, seguiranse elaborando novos bloques de actividades para contribuir de xeito eficaz a lograr un clima escolar positivo en función das necesidades detectadas.

O PAT constitúe un documento aparte dentro do PEC, que será unha guía para os titores, así como o referente do DO para a proposta de novas actividades e dinámicas de traballo.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación do mesmo, tendo en conta as respostas dos alumnos, e a valoración dos Titores, Profesores e Xefatura de Estudos.

A orientación é inseparable do conxunto da acción educativa e neste sentido compete a todo o profesorado, fundamentalmente a través da acción titorial. Ésta conxuga o propósito de integrar a orientación personal, académica e profesional.

Tendo en conta a lexislación vixente, dentro do PAT, quedará inmerso o PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS.

Tamén queda inmerso neste plan o Programa de IGUALDADE que se elaborou este curso como un documento propio.

10.4.- ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

A Orientación académica e profesional ten por obxecto axudar ao alumnado ao longo de todo o proceso educativo, especialmente na Educación Secundaria, a coñecer, valorar e decidir sobre si mesmo e sobre as súas preferencias, intereses e capacidades académicas, vocacionais e profesionais para que poda formular libre e responsablemente, a súa decisión persoal sobre o seu futuro, decisión que deberá reflectir nun proxecto concreto.

O proceso de toma de decisións ao que se está facendo referencia (razón de ser da orientación académica e profesional, deberá ser realizado polo propio alumno, tendo o resto dos membros da comunidade educativa (profesorado, pais/nais, Departamento de Orientación...) a responsabilidade de ofrecerlle a información e orientación precisas para que poda efectuar dita toma de decisións.

As accións englobadas neste ámbito levaranse a cabo a través de:

- O traballo programado dentro da hora de titoría.
- No seo das distintas áreas e materias, cando así se considere oportuno.
- E por medio de actividades específicas a desenvolver polo propio Departamento de Orientación, a través de: charlas, visitas, atención individual.
- O Programa específico de transición da etapa de primaria a secundaria e de secundaria obrigatoria e postobrigatoria a outros estudos.

As fases que comprende o programa de orientación académica-profesional son:

a) Fase de información. Investigación:

Pretende ampliar os coñecementos que o alumno ten sobre si mesmo, o sistema educativo e o mundo laboral, así como dotalo de

habilidades e estratexias persoais de búsqueda, selección, tratamento e transmisión da información.

b) Fase de Reflexión:

Pretende promover a reflexión sobre o axuste entre a realidade persoal de cada alumno/a e as opcións e posibilidades que se lle presenten.

c) Fase de toma de decisións:

Debe optar por unha das alternativas educativas ou profesionais.

10.4.1 Obxectivos:

Os obxectivos a acadar son os seguintes:

- a) Proporcionar unha orientación académico-profesional individualizada e diversificada.
- b) Favorecer o seu paso dende o sistema educativo ao mercado laboral de xeito que sexa unha transición positiva.
- c) Propiciar un coñecemento axustado e positivo de sí mesmo.
- d) Facilitar unha toma de decisións reflexiva e autónoma
- e) Ofertar a mellor información poible acerca do sistema produtivo actual.
- f) Facilitarlle canles de comunicación con institucións específicas tanto ao alumnado con ANEAE como as súas familias, para propiciar unha adecuada incorporación ao mundo laboral.
- g) Desenvolver a reflexión e a capacidade crítica de cara a toma de decisións.
- h) Implicar ao profesorado e aos pais/nais no proceso de toma de decisións dos alumnos/as.
- i) Coordinar a orientación académica e profesional do alumnado ao longo da súa estancia no centro.

10.4.2 Actuacións:

Todos estes obxectivos mencionados desenvolveranse a través das seguintes actuacións xerais.:

- Propiciando o autocoñecemento do alumnado (aptitudes, habilidades, intereses motivacións, personalidade...)
- Facilitando información referida a nova estrutura do sistema educativo, bolsas, requisitos para acceder a estudos superiores...

- Proporcionando información acerca dos itinerarios da ESO, FP FP BÁSICA, modalidades de Bacharelato, Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior e Graos Universitarios.
- Informar das distintas axudas (bolsas) para realización de posteriores estudos, esta información farase como no curso anterior a través da páxina Wb do centro.
- Informar das saídas profesionais en función da decisión tomada..
- Facilitación do proceso de inserción na vida laboral, na medida do posible.
- Concienciación dos alumnos/as das posibilidades que se poden abrir en vindeiros cursos en función dos resultados académicos obtidos.
- **Coñecemento das normas do centro e das aulas para unha convivencia saudable tanto para os membros da comunidade educativa como para as familias coa finalidade de protexernos e protexer a todas as persoas coas que mantemos relación.**

Estas actuacións concretaranse ao longo de cada curso da ESO da seguinte forma:

Primeiro de ESO:

- a) Coñecemento dos compañeiros/as así coma de sí mesmo.
- b) Coñecemento das normas do centro.
- c) Traballo relacionado con posibles conflitos grupais que podan xurdir.
- d) Participación nos diferentes programas.
- e) Coñecemento da etapa así como do sistema educativo: estrutura xeral .
- f) Reforzo da autoestima e do autoconceito do alumnado.
- g) Fomento dos hábitos de reflexión grupal e persoal.
- h) Fomento de hábitos de estudo.
- i) Estratexias e habilidades para a resolución pacífica de problemas e de toma de decisións.

Segundo de ESO:

- a) Coñecemento da etapa así como do sistema educativo: estrutura xeral, optativas, itinerarios a tomar en 3º da ESO e as consecuencias que derivan.
- b) Reforzo da autoestima e do autoconcepto do alumnado.
- c) Profundización no programa de hábitos de estudio.
- d) Condicións de incorporación aos programas de FP Básica.

Terceiro Curso de ESO .

- a) Coñecemento de sí mesmo (intereses, motivacións, aptitudes, actitudes...)
- b) Coñecemento do sistema educativo: optativas para o vindeiro curso e posibles itinerarios a seguir de cara a unha opción de Bacharelato (OPCIÓN ACADÉMICA) ou de FP (OPCIÓN APLICADA), ou incorporación a FP BÁSICA,
- c) Estratexias e habilidades para a resolución de problemas e de toma de decisións.
- d) Traballo relacionado coa orientación vocacional.
- e) Visitas guiadas aos diferentes centros, escolas taller, charlas (responsable da oficina de información xuvenil e axente de desenvolvemento local do concello...).

Cuarto curso de ESO

- a) Avaliación das necesidades presentadas polo alumnado no campo da Orientación Académica e Profesional, de cara a coñecer os focos de actuación principais a desenvolver.
- b) Realización de actividades relacionadas co coñecemento de un mesmo, actividades nas que se fomente sobre todo a autorreflexión dos alumnos/as sobre as súas capacidades, intereses, motivacións, perspectivas de futuro, limitacións..
- c) Información das diferentes alternativas que se lles ofrecen ao rematar a escolaridade obrigatoria, según acadaran ou non o Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.
- d) Información do procedemento da Avaliación final de ETAPA.
- e) Visitas guiadas aos diferentes centros do concello onde se imparten ciclos, escolas taller, preparación para as probas de acceso a ciclos atendendo á lexislación vixente, escolas taller, charlas (responsable da oficina de información xuvenil e axente de desenvolvemento local do concello...).

f) Realización dalgún taller de transición á vida activa en colaboración con diferentes institucións do concello.

g) Primeiro de Bacharelato

a) Coñecemento das características da nova etapa.

b) Coñecemento da situación persoal.

c) Identificación de intereses e actitudes.

d) Coñecemento das opcións de 2º de Bacharelato así como do desenvolvemento da avaliación final da etapa de cara a incorporación a Graos.

e) Posibilidades de paso dunha modalidade á outra, cambiode optativas, repetición de curso.

f) Perfilamento do proxecto persoal de vida.

g) Información aos pais.

Segundo de Bacharelato

a) Búsqueda de información das distintas opcións educativas.

b) Axudar ao alumnado na toma de decisións sobre as distintas opcións que se lle presentan.

c) Elaborar folletos ou dossiers con información académica e profesional actualizada e conectada co entorno.

d) Orientación para avaliación final de etapa, opcións dos Ciclos Formativos de Grao Superior.

e) Saídas ou visitas guiadas ós diferentes centros: Universidade...

f) Entrevistas persoais cos alumnos/as, que se realizarán en horario de recreo, principalmente.

g) Información aos pais.

Algunhas destas actuacións traballaranse fundamentalmente na ESO, a través das titorías, como poden ser o autoconcepto, a autoestima, as habilidades sociais, os valores personais, análise individual de aptitudes, intereses, a toma de decisións, mentras que outras abarcarán a tódalas ensinanzas que se imparten no Centro, por exemplo, información sobre a optatividade dos cursos posteriores, as saídas académicas e/ou profesionais de cada nivel educativo (ESO, Bacharelato,), información sobre o acceso á Universidade, información sobre as carreiras universitarias, información sobre as notas de corte, información sobre bolsas e axudas, asesoramento sobre o campo máis acorde cos intereses profesionais de cada alumno, etc.

En Bacharelato como non teñen unha hora de tutoría presencial toda esta información proporcionaráselle mediante unha elaboración dun dossier para a aula de xeito que a información esté accesible a tódolos alumnos, así mesmo farase entrega dunha copia deses dossiers ó/á titor/a de cada grupo explicándolle o contido, para que el á súa vez poda realizar aclaracións aos alumnos, ademais de colgala na páxina Web do centro.

En todo caso, e tal e como se plantexa nos obxectivos anteriormente expostos, a implicación tanto do profesorado coma dos pais/nais dos alumnos /as será da máxima importancia. Para elo deberase facer partícipe a ámbolos dous grupos de todas aquelas actividades que así se considere oportuno ou, polo menos, mantelos informados en todo momento do traballo que se está a desenvolver no ámbito da orientación académica e profesional.

11.- IMPLEMENTACIÓN E TEMPORALIZACIÓN (ANEXO III)- páxina 66

12.- CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DO PLAN (ANEXO IV) AVALIACIÓN.

A avaliación debe cumprir unha serie de funcións sintetizadas no seguinte cadro:

Avaliación inicial. Avaliación da programación en se mesma	Avaliación continua. Avaliación da programación no seu desenvolvemento	Avaliación final. Avaliación dos resultados da programación
1. Calidade: - contidos - calidade técnica. - Evaluabilidade. 2. Adecuación ao contexto: - Respostas ás necesidades - Priorización de respostas. 3. Adecuación á situación de partida	1. Implantación da programación: - Actividades propostas. - Secuencia de actividades, - Temporalización. - Flexibilidade. 2. Marco do desenvolvemento: - Clima - Coherencia	1.-. Medidas e logros: - Constatación. - Contraste. 2.-Resultados: - Criterios. - Referencias. 3. Continuidade: - Decisións. - Incorporación de melloras. - Plan de seguimento

Podemos diferenciar tres momentos no proceso de avaliación da Programación:

1. Avaliación inicial e función de diagnósticos.

Para que a programación sexa realista e eficaz, é necesario partir dunha avaliación das necesidades ás que imos dar resposta. A avaliación inicial ten unha importancia fundamental no desenvolvemento da intervención nun IES pois ten como función básica adecuar as ensinanzas de cada materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de apredizaxe así como facer previsións á realidade concreta, identificar as características máis significativas do contexto para lograr un mellor axuste no proceso. Constitúe un factor preventivo na atención á diversidade, en xeral, e na atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en particular.

2. Avaliación continua e función orientadora.

Avalía a programación no seu desenvolvemento e na súa práctica concreta, a atención da avaliación desprázase cara ao proceso de implementación, remarca a función orientadora e formativa que toda avaliación ha de ter, diríxese sobre todo á reorientación dos procesos e a súa finalidade básica é adecuar o axuste do programa educativo. Posibilita unha continua interacción e axuste entre os elementos e permite a retroalimentación do sistema.

3. Avaliación final e a función informativa.

A avaliación da programación, ten como fin, contrastar o logro dos obxectivos propostos e tomar as decisións sobre a súa continuidade ou, non decidíndose o que se vai manter, modificar ou eliminar.

Esta avaliación que se realizara ao finalizar o curso escolar: recollerá datos e valoracións cualitativas, participasen todos os membros do D.O., coas súas achegas e propostas dende os diferentes ámbitos de intervención, reflectíse na memoria do Departamento de Orientación, responsabilidade do xefe do Departamento.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

A avaliación será criterial en todo momento, eses criterios poden ser cuantitativos ou cualitativos e tomarase como referencia os seguintes criterios de avaliación:

Respecto ao asesoramento ao Centro:

Participar na revisión do PEC. Elaboración da PGA e Memoria final de curso. Participar na información e proposta de alumnos e alumnas a : FP Básica, Programa de transición, deseño da optatividad, constituicións de grupos seguindo as liñas recollidas no PEC e as intruccións da CCP.

Deseñar e levar a cabo plans e programas adscritos ao P.A.T, e ao Programa de Orientación Profesional.

Coparticipar cos D.D. no deseño dos procesos de ensino, incorporación do alumnado, transicións entre as distintas etapas, detección de dificultades de aprendizaxe, resposta educativa a estas dificultades e seguemento das mesmas.

Deseñar a participación dos profesores na avaliación psicopedagóxica.

Participar nos programas de innovación educativa para mellorar a calidade do ensino e implementar novas metodoloxías, materiais...

Favorecer a reflexión crítica e a análise das situacións educativas para aumentar a conciencia educativa do proceso educativo e dos problemas que comporta.

Achegar e suxerir novas liñas de traballo na práctica docente e estudar novas estratexias metodolóxicas que se achegan dende o campo educativo.

Respecto á orientación do alumnado

Deseñar, en colaboración coa CoCoPe, o procedemento para a prevención e detección das necesidades educativas do alumnado
Realizar a avaliacións psicopedagóxica en colaboración co profesorado do IES.

Deseñar e implementar o programas de orientación vocacional, temporalizandolo en función da idade e do curso.

Realizar o seguimento do alumnado, durante o seu proceso de escolarización no IES.

Identificar e Intervir naqueles casos individuais que presenten unha problemática máis específica.

Respecto ao asesoramento ás familias

Participar e potenciar as intervencións socio-familiares e a escola de pais.

Orientar e asesor ás familias de forma individual ou en grupo, dando resposta ás súas demandas a través de entrevistas, programas ou sesións de traballo, prestando especial atención a aquelas cuxos fillos ou fillas presentan n.e.a.e.

Respecto á intervención no medio.

Colaborar con servizos sociais, servizos de sanidade, administración de xustiza... naqueles casos que ás institucións o requiran.

Realizar a coordinación cos centros de primaria adscritos e cos centros de Secundaria obrigatoria que envían aos seus alumnos a Bacharel .

Participar en Xornadas educativas coas universidades e realizar a coordinación das visitas dos alumnos aos devanditos centros.

Favorecer a innovación educativa en coordinación co CEFORE, CAFI, Equipos de orientación específicos....

Favorecer os mecanismos de intercomunicación dos distintos estamentos, axentes e ámbitos educativos, mediante un maior coñecemento mutuo, e para axudar a crear un funcionamento máis flexible, máis adaptado ás necesidades concretas e menos intolerante.

Con estes criterios de avaliación pretenderase:

- 1. Saber onde se quere ir.**
- 2. Ter preparada as accións**
- 3. Saber se se alcanzaron os obxectivos**
- 4. Readaptar as accións tendo en conta a distancia entre os resultados esperados e os resultados posibles.**

INDICADORES DE AVALIACIÓN:

Para avaliar a programación, e operativizar os anteriores criterios de avaliación podemos utilizar indicadores cuantitativos e cualitativos:

Cuantitativos :	Cualitativos :
<p>.Número de alumnos atendidos.</p> <p>-Numero de actividades que se realizaron por curso ou nivel, con alumnos (colectivas e individuais) e con pais.</p> <p>-Produtos elaborados polo D.O.</p>	<p>-Grao de satisfacción polas actividades realizadas tanto no alumnado como entre os titores. Medido a a través de cuestionarios.</p> <p>-Nivel de funcionalidade e utilidade das actividades deseñadas. Medido a criterio dos titores, con recollida de propostas de mellora. Incluirase no cuestionario correspondente ao apartado anterior.</p> <p>-Grao de adecuación das actividades realizadas aos principios e orientacións recollidos no Proxecto Curricular do centro. Medido a criterio do Departamento de Orientación coa participación dos titores implicados e a xefatura de estudos.</p> <p>-Grao de coordinación e coherencia interna das actividades realizadas en relación ao resto de contidos das áreas curriculares. Medido a criterio da xefatura de estudos do centro.</p>

CONCLUSIÓN

O Departamento de Orientación intentará contribuír a dar ao alumnado unha educación completa, que abrangue os coñecementos e as competencias necesarias na sociedade actual, que lles permita desenvolver os valores que sustentan a práctica da cidadanía democrática, a vida en común e a cohesión social, que estimule neles e elas o desexo de seguir aprendendo e a capacidade de aprender por si mesmos e optimizar un tránsito exitoso á vida activa.

- -Os instrumentos de seguimento e valoración desta programación son as grellas que figuran no Anexo IV.

En calquera caso, debemos ter presente que este Plan de Traballo constitúe dende un primeiro momento unha proposta flexible que se deberá ir adaptando ás demandas, necesidades, circunstancias...que podan ir xurdindo ao longo do curso.

Santiago a 20 de setembro de 2021

A Xefa do Departamento de Orientación

M^a Cruz Presas López

ANEXO I

PROGRAMACIÓN CURSO 2021/2022

PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Aula de apoio ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

Pedagogía Terapéutica

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. FUNCIÓNS DAS PROFESORAS DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA
3. APOIO AOS ALUMNOS
 - 3.1. CARATERÍSTICAS DO ALUMNADO
 - 3.2. ALUMNADO CON ACS
 - 3.3. ALUMNADO CON REFORZO
4. CONTIDOS
5. METODOLOXÍA E AGRUPAMENTOS
6. FOMENTO DA LECTURA
7. USO DAS TIC
8. AVALIACIÓN
9. RECURSOS
10. COORDINACIÓN COAS FAMILIAS

1. INTRODUCCIÓN

A presente programación toma como referencia os seguintes textos legais de aplicación:

- Polo que se establece o currículo de Primaria en Galicia.
- Polo que se establece o currículo de E.S.O. en Galicia.
- Que aproba o Regulamento orgánico e funcional dos I.E.S.
- De ordenación da educación para a atención do alumnado con N.E.E.
- Que regula a atención á diversidade na E.S.O.
- Sobre avaliación e promoción do alumnado da E.S.O.
- Que regula a atención a diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Sobre atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo na Educación Secundaria.

2. FUNCIÓNS DAS PROFESORAS DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

As funcións das profesoras de Pedagogía Terapéutica serán:

1. Participar xunto cos Departamentos Didácticos na elaboración da P.X.A.
2. Colaborar na recollida de información para a avaliación dos alumnos con N.E.A.E. e alumnado con dificultades manifestadas de aprendizaxe nas áreas instrumentais.
3. Colaborar na elaboración e temporalización das A.C.S. previa valoración dos Niveis de Competencia Curricular.
4. Colaborar na planificación dos horarios dos alumnos que asisten á aula de apoio facendo compatibles as súas adaptacións co currículo xeral.
5. Asesorar e apoiar didacticamente ao profesorado na súa acción docente co alumnado con N.E.A.E. e alumnado que presenta dificultades manifestadas de aprendizaxe nalgunhas das áreas instrumentais.
6. Realizar intervencións directas co alumnado e realizar un seguimento do mesmo en coordinación co profesorado.
7. Observar o progreso dos alumnos e participar na avaliación dos mesmos.
8. Colaborar en cumprimentar a avaliación da programación das áreas de Lingua Castelá, Lingua Galega, e Matemáticas do Documento de Adaptación Curricular para os alumnos/as que precisen unha A.C.S.
9. Atención ó alumnado exento da segunda lingua estranxeira.

3. APOIO AOS ALUMNOS

O apoio directo aos alumnos terá como prioridade os seguintes **obxectivos:**

1. Favorecer ao máximo o desenvolvemento das capacidades do alumnado.
2. Potenciar a súa integración no grupo-clase e no centro.
3. Realizar un seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado dende unha dimensión afectiva, cognitiva e social; e ao mesmo

tempo intentar detectar e corrixir os atrancos que dificulten o clima de confianza e autoestima imprescindibles para ser quen de aprender.

4. Favorecer a xeneralización dos aprendizaxes adquiridos a outros contextos.
5. Potenciar o acceso e uso de programas informáticos de acordo coas súas posibilidades.

3.1. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

- A) Alumnado con necesidades educativas especiais permanentes que precisen unha A.C.S. en tódalas áreas ou nalgunha delas.
- B) Alumnado con necesidades educativas especiais temporais que precisen unha A.C.S. en tódalas áreas ou nalgunha delas.
- C) Alumnado con dificultades manifestas de aprendizaxe nas áreas instrumentais.
- D) Alumnado con problemas de conduta.

A partir da avaliación inicial, a realizar no mes de outubro, poderá incorporarse novo alumnado á aula de P.T., en caso de que se precise un apoio específico para traballar a súa A.C.S.

3.2. ALUMNOS CON A.C.S.

A partir do informe psicopedagóxico e da proposta de A.C.S. para cada alumno, establecerase un horario de atención para cada un deles.

Tentarase incorporar a cada alumno/a a un grupo de traballo que teña N.C.C. (Niveis de Competencia Curricular) semellantes. Ademais, nos horarios terase en consideración a asistencia ás materias nas que se poidan beneficiar das aprendizaxes que se estivesen a realizar na aula de referencia.

A metodoloxía será activa, participativa e motivadora, permitindo establecer actividades que sexan o máis significativas e funcionais para o alumnado.

Traballárase a partir do currículo de referencia do alumnado e cando sexa preciso realizaranse modificacións nos contidos e obxectivos para dar unha resposta axeitada as dificultades de cada alumno/a .

Realizarase un seguimento continuado das A.C.S., da avaliación mesmas, e promoción do alumnado cara entornas menos restritivas.

3.3. ALUMNADO CON DIFICULTADES MANIFESTAS DE APRENDIZAXE

Para o alumnado que precisa de reforzo nas áreas instrumentais, terán prioridade os obxectivos e contidos destas áreas tomando como referencia os que se traballan na aula ordinaria. Así mesmo, estableceranse as actividades máis axeitadas para a consecución dos mesmos. Todo isto levarase a cabo en coordinación co profesorado de área.

4. CONTIDOS.

A programación da aula de apoio contén unha selección, organización e secuencia de contidos que xiran en torno a: Área Matemática, Áreas Lingüísticas: Castelán e Galego, e aspectos conductuais e/ou emocionais.

A coherencia entre os contidos e os criterios de avaliación vén reflectida na Avaliación Psicopedagóxica de cada alumno/a.

- Na **Área de Matemáticas** os bloques de contidos a desenvolver serán:
 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas.
 2. Números e álgebra.
 3. Xeometría.
 4. Funcións.
 5. Estadística e probabilidade.

- Na **Área de Lingua Castelá e Literatura** os bloques de contidos a desenvolver serán:

1. Comunicación oral: escoitar e falar.
2. Comunicación escrita: ler e escribir.
3. Coñecemento da lingua.
4. Educación literaria.

- Na **Área de Lingua Galega e Literatura** os bloques de contidos a desenvolver serán:

1. Comunicación oral: escoitar e falar.
2. Comunicación escrita: ler e escribir.
3. Funcionamento da lingua.
4. Lingua e sociedade.
5. Educación literaria.

- Aspectos **conductuais** e/ou **emocionais**:

- o Autocontrol.
- o Autoestima.
- o Interacción social e de comunicación.
- o Asertividade.
- o Toma de decisións.
- o Habilidades sociais.
- o Técnicas de estudo.
- o Lóxica matemática.
- o Intelixencia emocional.

5. METODOLOXÍA E AGRUPAMENTOS

Durante este curso, e continuando coa situación excepcional derivada da Covid-19, soamente farase a intervención co alumnado dentro da aula de apoio.

A atención ao alumnado na aula de apoio do centro deberá caracterizarse por unha secuencia precisa dos contidos, unha implicación do alumno/a, e un minucioso control do profesor/a. Traballarase en grupos pequenos nos que, se non teñen problemas asociados graves de comportamento e/ou forte falta de motivación, avanzarán e aprenderán ao seu nivel.

Deberanse incluír exemplos concretos, e práctica a partir dunha planificación coidadosa das explicacións e demostracións. Procuraremos achegar na medida do posible estes aspectos aos contidos desenvolto no grupo-clase de cada alumno e alumna.

Un obxectivo prioritario é formar individuos competentes para se integrar na sociedade. Polo tanto, desde a aula de apoio daremos prioridade ao desenvolvemento das competencias clave:

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia matemática e competecias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
3. Competencia Dixital (CD).
4. Aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

• Nas Áreas Lingüísticas traballaremos os seguintes aspectos:

- Procuraremos axudar ao alumnado a superar as súas dificultades de aprendizaxe (D.A.).
- Desenvolveremos, en relación as necesidades detectadas, a expresión oral e o dominio do vocabulario.
- Faranse exercicios específicos de velocidade lectora; traballarase con especial interese os tres niveis de comprensión lectora: literal, interpretativa e crítica.
- Utilizarase un sistema de marcas auto correctivas para tentar superar os erros de exactitude lectoescritora (ortografía).

- Na escritura de composición (redacción), incidirase nos tres aspectos: planificación, elaboración e revisión.
 - Traballaremos os aspectos gramaticais básicos.
- Na Área Matemática partiremos do repaso das operacións básicas para evitar a aparición das D.A. posteriores cando aumente o nivel de abstracción das operacións.

Na resolución de problemas, aspecto de especial importancia a hora de traballar con estes alumnos/as, interviremos nos tres aspectos deficitarios:

1. Comprensión do texto.
2. Análise (orde) dos datos do problema.
3. Razoamento lóxico-matemático: paso, dos dous supostos anteriores, a saber que operación ou operacións hai que realizar para resolver o problema.

6. FOMENTO DA LECTURA.

“Os plans de fomento da lectura considerarán a lectura coma unha ferramenta básica para o exercicio do dereito á educación e á cultura, no marco da sociedade da información e subliñarán o interese xeral da lectura na vida cotiá da sociedade, mediante o fomento do hábito lector.”

O Plan contempla o fomento da lectura coma unha tarefa distinta da formación da habilidade de ler, que se inicia na familia e máis na escola, e que precisa de persoas e lugares que permitan o achegamento aos libros.

Polo tanto, a promoción da lectura é concibida coma unha tarefa común de toda a sociedade, froito da colaboración entre os responsables de políticas culturais, sociais, educativas e de comunicación.

Nesta mesma liña, dentro dos principios metodolóxicos para a educación secundaria, podemos ler: “Coa finalidade de promover a

comprensión de lectura e de uso da información, dedicarase un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias.”

Centrándonos na aula de Pedagogía Terapéutica, márcanse uns obxectivos para organización e funcionamento do fomento lector para os alumnos/as.

Obxectivos específicos:

- Adecuar as respostas educativas necesarias ás necesidades específicas deste alumnado.
- Incidir nos aspectos onde máis falla o alumnado, como son Exactitude Lectora, Ritmo e Velocidade Lectora, Comprensión Lectora para conseguir que, individualmente, acaden segundo os obxectivos propostos o maior índice posible de Lectura Eficaz.
- Optimizar recursos materiais e persoais para unha correcta aprendizaxe da lectura destes alumnos.
- Incentivar a lectura persoal nos seus momentos de ocio.
- Utilizar as novas tecnoloxías para a aprendizaxe da lectura e desenvolvemento da comprensión lectora.

Organización e funcionamento:

- Conseguir o mantemento adecuado da biblioteca de aula.
- Implicación do alumnado con N.E.A.E. nas numerosas actividades de fomento lector que se programan no centro ao longo do ano.
- Implicación das familias para que se fagan responsables de que os alumnos lean diariamente.

7. USO DAS TIC

Contribuirase a “Promover a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como

recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe", atendendo as características do alumnado.

É importante ter en conta que o termo de Necesidades Específicas de Apoio Educativo abrangue a aqueles <<alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por se ter incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado>>.

O traballo cas TICs (Tecnoloxías da Información e da Comunicación), permite favorecer o desenvolvemento das adaptacións curriculares, a aprendizaxe de aspectos instrumentais básicos, de aspectos repetitivos, de aspectos espacio-temporais e de autonomía de traballo, ademais de favorecer a creatividade e a expresión.

Debido a situación especial pola Covid-19, neste curso seguirase co uso da aula virtual. E no caso dun confinamento, utilizaremos esta ferramenta para continuar co ensino do alumnado. Tamén utilizaranse as videoconferencias.

8. AVALIACIÓN

A avaliación estará baseada en diferentes aspectos coma:

- A superación dos criterios de avaliación na correspondente A.C.S. de cada alumno.
- As observacións de cada sesión: o alumno será avaliado en traballo e actitude (cara á materia, ós/ás compañeiros e ás profesoras)

A avaliación dos alumnos con A.C.S. será realizada polo profesor da área e nela colaborarán as mestras de pedagogía

terapéutica, nas materias que impartan conxuntamente. Cada trimestre realizarase un informe de seguimento de hábitos e actitude dos alumnos na aula de apoio. No derradeiro trimestre realizarase un informe final sobre a evolución de cada alumno e alumna, onde se incluíran diferentes apartados como son:

- ✓ Obxectivos e contidos traballados.
- ✓ Consecución dos mesmos.
- ✓ Materiais empregados.
- ✓ Avaliación.
- ✓ Propostas de mellora.

9. RECURSOS.

❖ MATERIAIS:

A aula de apoio está dotada do seguinte material:

- Libros de texto e cadernos específicos para traballa-las distintas áreas instrumentais.
- Material manipulativo.
- Material informático.
- Biblioteca de aula.

❖ PERSOAIS:

Este curso somos dúas PTs a tempo completo no centro con destino definitivo.

10. COORDINACIÓN COAS FAMILIAS.

As profesoras de P.T. colaborarán co profesorado titor nas tarefas de orientación familiar coa seguinte finalidade:

- Lograr unha participación activa dos pais, nais ou titores legais no proceso educativo do alumnado.
- Preténdese conseguir que o traballo que se desenvolve no centro teña continuidade na familia.
- Garantir unha puntual información sobre os acontecementos e progresos educativos máis relevantes do alumnado.
- Axustar o nivel de expectativas das familias.

ANEXO II

INFORME INDIVIDUAL PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Alumno/a			
Grupo		Curso	
Medidas de atención á diversidade		Sesións recibidas	

1.-

Obxectivos _____

- a) Fomentar os hábitos de estudo.
- b) Potenciar a autonomía no estudo
- c) Descompoñer en pasos máis sinxelos as explicacións do profesorado da materia, para poder levar a cabo unha mellor realización das tarefas.

d) Mellorar a expresión oral e escrita , así como , a comprensión de textos.

e) Incrementar a atención e concentración ante as tarefas.

2.- Aspectos traballados na intervención

3.- Bloques de Contidos a traballar o vindeiro curso_____

Comprensión Oral	Comprensión Lectora	
Expresión Oral	Expresión Escrita	
Vocabulario	Ortografía	
Razoamento lóxico	Organización de ideas	
Cálculo	Resolución de Problemas	
Autoestima	Autocontrol	
Habilidades de interacción social e comunicación	Outros:	

4.- Observacións e propostas de mellora

En Santiago de Compostela , a---- de-----de 2022

Mestra especialista en Pedagogía Terapéutica

ANEXO III

ACTUACIÓN PARA A CONSECUCIÓN DOS OBJECTIVOS E TEMPORALIZACIÓN.				
ACTUACIÓN		RESPONSABLE/S	DESTINATARIOS/AS	TEMPORALIZACIÓN
01	Coordinación co equipo directivo.	Orientadora.	Equipo directivo.	Todo o curso.
02	Elaboración das liñas xerais de orientación e acción tutorial tendo en conta a memoria do curso anterior e as achegas feitas pola Inspección Educativa.	Departamento	E. Direc, Titores , Membros dep.	setembro.
03	Seguimento do PAT , Plan de Convivencia e Plan de Atención á diversidade como documentos inmersos dentro do PEC	Orientadora	E. Direc, Titores , Membros dep.	Todo o curso
04	Proposta de establecemento da reunión mensual do Departamento de Orientación.: organización do Depart, equipamento e plan de traballo.	Xefe de Estudos e DO		Setembro.
05	Constitución do Departamento de Orientación	Orientadora	Membros depart	Setembro.
06	Publicitar as liñas xerais de actuación do Departamento.	Membros Departamento	Claustro, Consello Escolar e Familias.	Setembro e outubro.
07	Redacción da proposta dos alumnos exentos 2ª lingua Estranxeira tendo en conta a información dos centros de Primaria.	Direcc, DO	Direcc , DO	1º quincena setembro
08	Implementación dos Desdobres nas mat. Instrum.	, E. Directivo , Xefes Dep Lin, Len , Mat e Orientadora	Direcc, Xef est, Xefes Dep , Orientadora	1º quincena setembro
09	Proposta de organización dos apoios por parte do profesora de Pt	Orientadora	Profesorado de PT,	2ª quincena de setembro.
10	Seguimento dos apoios educativos	D. Orientación	Membros D. Orientación e E. Directivo	Todo o curso
11	Asesoramento en prevención e resolución de conflitos	Orientadora	E. Direc, Titores	Todo o curso

			profesorado	
12	Deseñar estratexias para a realización coordinada da avaliación inicial do alumnado	Departamento de Orientación.	Totalidade do profesorado.	Setembro/ Outubro.
13	Asesoramento respecto dos asuntos a tratar nas reunións xerais coas familias.	Departamento de Orientación.	Titores.	Outubro.
14	Reunión xeral cos pais e nais dos alumnos e alumnas.	Orientadora.	Equipo Directivo , Titores , Pais e nais do alumnado.	2ª quincena de outubro.
15	Reunión individual con familias para dar información das valoracións individuais e das tomas de decisións extraordinarias	Orientadora	Pais/Nais	Todo o curso
16	Reunión con membros do EOE	Orientadora e Titores	E Directivo, Especialista. Sensoriais ,.	Todo o curso
17	Realización de charlas informativas coordinadas pola universidade ao alumnado de 2º de Bacharelato	Vicedirectora XE e Orientadora		Todo o curso, con máis insistencia no 3º trimestre
18	Reunión con servizos Sociais externos ao centro	Orientadora e Titores		Todo o curso
19	Reunións mensuais cos diferentes servizos sociais do concello de Santiago que formamos a COORDINADORA DE VITE	Director e Orientadora	Director, orientadora e membros da coordinadora	Todo o curso
20	Elaboración e aprobación das modificacións realizadas ao Plan de Orientación.en función das necesidades detectadas	Departamento de Orientación.	Comunidade educativa.	Todo o curso.
21	Información tanto oral como escrita as familias e ao profesorado.	Orientadora.	Profesorado e familias.	Todo o curso.
22	Deseño do desenvolvemento do Programa de toma de decisións para a ESO e Bacharelato	Departamento de Orientación e equipo docente .	Profesorado, alumnado e familias de 4º de ESO e Bacharelato	Xaneiro.
23	Desenvolver o Programa de Toma de decisións	Departamento de Orientación.	Alumnado Profesorado titor..	Todo o curso
24	Realización das avaliacións psicopedagóxicas demandadas, e dos correspondentes informes	Orientadora.	Demandantes, equipos docentes, propio alumnado e familias.	De outubro a maio.

25	Asesoramento na realización e seguimento das A.C.	Orientadora.	Equipos docentes, profesorado de apoio, xefatura de estudos.	Primeiro e segundo trimestre.
26	Reunións trimestrais coa totalidade do Departamento.	Orientadora	Totalidade de membros.	Setembro, outubro, xaneiro, abril e xuño.
27	Reunións mensuais do Departamento.	Orientadora	Membros do departamento	Todo o curso
28	Redacción das actas das reunións do Departamento.	Orientadora	Membros do Departamento.	Inmediatamente despois de cada reunión.
29	Colaboración coa Asociación de Nais e Pais dos Alumnos e Alumnas.	Orientadora	Directiva da ANPA.	Todo o curso.
30	Informar dos resultados da avaliación psicopedagóxica realizada ao alumnado con NEAE.	Orientadora	Profesorado, titor, alumnado e familias.	Todo o curso
31	Deseñar estratexias para coordinar a orientación académica e profesional tanto cos titores do noso centro con cos diferentes centros da zona	Orientadora	Titores Bacharelato	2º e 3º trimestre
32	Informar aos Centros de Primaria sobre as ofertas do noso centro	Equipo directivo e Departamento de Orientación.	Equipo directivo, equipos docentes e CCP.	Marzo.
33	Seguemento e avaliación do Plan de Acción Titorial.	Departamento de Orientación.	Coordinadores/as de ciclo e membros do DO.	Todo o curso
34	Seguemento e avaliación Plan Anual de Actividades do DO	Departamento de Orientación.	Membros do Departamento.	Trimestralmente
35	Asesoramento ao profesorado na cumprimentación da documentación académica do alumnado.	Departamento de Orientación.	Equipo directivo e totalidade do profesorado.	Todo o curso.
36	Asistir ás sesións de avaliación.	Orientadora.	Equipos docentes.	Decembro, marzo, xuño.
37	Actualizar os datos psicopedagóxicos do ANEAE..	Orientadora	Expediente do alumnado .	Todo o curso..
38	Elaboración dos informes para o alumnado obxecto de RE e de apoio do próximo curso	Departamento de Orientación.	Profesorado titor e profesorado de apoio.	Xuño

39	Avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.	Departamento de Orientación.	Xefes departamento, profesorado de apoio, profesorado do RE, profesorado de PDC , equipo directivo, orientadora e memoria final	Maio.
40	Informar aos centros de primaria lexislación exención segunda lingua estranxeira(Artigo noveno 6 do 17 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2021/22, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.)	Orientadora	Orientadores dos centros de primaria da zona.	Xuño.
41	Colaboración na elaboración dos Consellos Orientadores do alumnado propostos para FP BÁSICA .	Orientadora.	Expediente persoal dos alumnos e alumnas.	Xuño.e Setembro
42	Participación em charlas ofertadas pola Universidade	Director e Orientadora	Equipo Directivo e Departamento de Orientación	novembro
43	Coordinación Coa universidade de Santiago	Director, Orientadora, Titora da Universidade e Alumnos	Director, Orientadora, Titor da Universidade e Alumnos	Todo o curso
44	Participación en Grupos De Traballo e en programas dirixidos á mellora do éxito escolar e, programas de reforzo, orientación e apoio (PROA), PROGRAMAS DE ENRIQUECIMENTO SEM.			
45	Redacción da memoria do Departamento de Orientación.	Orientadora.	Equipo directivo, Departamento e claustro.	Xuño.
46	Cubrir toda a documentación	Departamento	Equipo	Xuño

	que demande a administración drdorienta	nto de Orientación	directivo, Departamento .	
47	.Realización de informes para a xustificación de material adaptado ao alumnado con NEAE.	Orientadora	Directora	Maio-xuño
4	Cubrir a documentación procedente para o alumnado que solicita axudas por ter necesidades específicas de apoio educaivo	Orientadora	Directora	Setembro

ANEXO IV

CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Ano académico: 2021. - 2022...

Este instrumento contemplado para avaliar o PAD, pretende recoller a opinión dos membros do departamento e, así, poder facer unha análise do grao de consecución dos obxectivos prantexados.

ACTUACIONES	GRAO DE CONSECUCIÓN			
	TOTAL	ALTO	MEDIO	BAIXO
Identificación e valoración das necesidades do noso centro través da:- identificación temperá e - revisión e/ou modificación das medidas de apoio e/ou reforzo que estea a recibir o alumnado para avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar.				
• Número de alumnos/as con R.E. nas áreas instrumentais				
• Número de alumnos/as con R.E. e apoio específico				
• Número de alumnos/as dos que se solicitou avaliación psicopedagóxica				
• Número de alumnos/as que foron avaliados psicopedagoxicamente				
• Número de alumnos/as dos que se solicitou avaliación psicopedagóxica e non foron avaliados:... .Motivos da non avaliación...				
• Número de alumnos atendidos por as especialistas de PT.				

<ul style="list-style-type: none"> • Número de alumnos/as que foron obxecto dunha A.C.S.:. 				
<ul style="list-style-type: none"> • Número de alumnos/as que participaron nun programa de enriquecemento curricular. 				
<ul style="list-style-type: none"> • Número de alumnos/as propostos para flexibilizar a súa escolaridade:.. 				
<ul style="list-style-type: none"> • Número de alumnos/as propostos para repetir curso:.. 				
<ul style="list-style-type: none"> • Número de alumnos exentos de segunda lingua 				
<ul style="list-style-type: none"> • Número de alumnos propostos para FP-BÁSICA 				
Información xeral sobre a ESO e o noso IES	Adecuada		Inadecuada	
<ul style="list-style-type: none"> • A información que se facilitou sobre o sistema educativo e sobre as leis que o regulamentan foi 				
<ul style="list-style-type: none"> • Que esa información se facilite no colexio e nunha reunión diferenciada para alumnado paréceche .. 				
<ul style="list-style-type: none"> • Os medios que se usaron (proxeccións) para informar do sistema educativo parecéronche .. 				
Desenvolvemento das actuacións previstas no Programa de Acollda.	TOTAL	ALTO	MEDIO	BAIXO
Realización, nos casos de novas incorporacións, da entrevista persoal a cada familia, de cara á obtención da información necesaria para a ficha de avaliación inicial e o dictame de escolarización				
Análise do expediente persoal do alumnado e de toda aquela información que facilite o coñecemento da súa realidade e dos aspectos que poden incidir no proceso de ensino-aprendizaxe.				
Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro:				
<ul style="list-style-type: none"> • N° de alumnos/as de atención educativa hospitalaria. 				
<ul style="list-style-type: none"> • N° de alumnas/os menores sometidos a medidas de responsabilidade penal. 				
<ul style="list-style-type: none"> • N° de alumnas /os sometido a medidas de protección e tutela 				
<ul style="list-style-type: none"> • N° de alumnas/os afectado por medidas de violencia de xénero. 				

• N° de alumnas/os pertecente a familias itinerantes				
• N° de alumnas/os procedente do estranxeiro				
Elaboración en cada área das probas iniciais de avaliación.	TOTAL	ALTO	MEDIO	BAIXO
Avaliar periódicamente (nas sesións de avaliacións) a consecución dos obxectivos marcados nas diferentes áreas por aqueles alumnos/as que reciban algunha das medidas de atención á diversidade, realizando as adaptacións precisas.				
Adecuación das programacións á diversidade do alumnado .				
Establecer unhas liñas de recuperación de pendentes para alumnado con dificultades na aprendizaxe				
Participación no deseño e desenvolvemento dos programas de: ensinar a pensar e técnicas de estudo, entrenamento nas habilidades de interacción social, mellora da comprensión lectora, aprendizaxe cooperativa .				
Favorecer a aprendizaxe e consolidación de habilidades sociais, que posibiliten ao alumnado ter unha relación fluída e cordial co centro, fomentando unha convivencia positiva (Aula de Atención educativa e Convivencia).				
Valoración e intervención nas incidencias de puntualidade, absentismo e abandono escolar temperá				
Solicitar a intervención do Equipo de Orientación Específico naqueles casos en que se estime necesario				
Aportar os datos que a administración educativa e demais servizos demanden con relación á atención á diversidade				
Favorecer a adecuación organizativa do centro e da aula ás características do alumnado tendo en conta as directrices da CCP contempladas no PEC: - Distribución de alumnos por grupos. - Asignación de titorías - Desdobres/ Agrupamentos				
Información regular ás familias sobre os progresos e dificultades do seu fillo ou filla, a través do titor/a				
Participación na implementación, seguimento e avaliación do PAD e/ou nos programas				

incluídos neste documento de acordo coa lexislación vixente.				
Elaboración dos diferentes protocolos para a solicitude das medidas extraordinarias				

Propostas de mellora para o curso próximo:

CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN

Ano académico: 2021. - 2022...

Este instrumento contemplado para avaliar o Plan de Orientación, pretende recoller a opinión dos membros do departamento e, así, poder facer unha análise do grao de consecución dos obxectivos prantexados.

OBXECTIVOS	GRAO DE CONSECUCIÓN			
	TOTAL	ALTO	MEDIO	BAIXO
Constituír o DO e elaborar o Plan Anual de Actividades.				
Manter una reunión semanal cos membros do departamento.				
Elaborar, revisar e actualizar a documentación e o material de traballo existentes no Departamento de Orientación.				
Definir e dar a coñecer a toda a Comunidade escolar as liñas xerais de actuación, a través de reunión (claustro, consello, titorías co alumnado e coas familias...)				
Atender as necesidades do alumnado e realizar unha orientación planificada, continua, preventiva, sistemática e integradora.				
Levar a cabo as avaliacións psicopedagóxicas precisas coa finalidade de ofrecerlle a resposta educativa máis axeitada e elaborar os Informes Psicopedagóxicos correspondentes.				
Realizar o seguimento das medidas de intervención específicas: <ul style="list-style-type: none"> • Desdobres 				

<ul style="list-style-type: none"> • Reforzos. • Apoio dentro da aula. • Apoio fora da aula • Adaptacións curriculares 				
Avaliar periódicamente (nas sesións de avaliacións) a consecución dos obxectivos marcados nas diferentes áreas por aqueles alumnos/as que reciban algunha das medidas de atención á diversidade.				
Potenciar o desenvolvemento dunha avaliación continua e integradora a partir das directrices establecidas na CCP				
Establecer unhas liñas de recuperación para o alumnado con dificultades na aprendizaxe.				
Prever dificultades de aprendizaxe e favorecer o desenvolvemento de técnicas e hábitos de estudo necesarios para ter éxito no proceso educativo.				
Favorecer a aprendizaxe e consolidación de habilidades sociais, que posibiliten ao alumnado ter unha relación fluída e cordial co centro.				
Estruturar e explicitar todas as actuacións a través do PAT, no que se contemplen as accións para co alumnado de nova incorporación e para co alumnado que remata educación secundaria (cambios de etapas).				
Coordinar co equipo directivo aqueles temas relacionados coa planificación e desenvolvemento da acción docente.				
OBXECTIVOS	GRAO DE CONSECUCIÓN			
	TOTAL	ALTO	MEDIO	BAIXO
Colaborar na elaboración, seguimento, actualización e avaliación dos diferentes documentos do Centro.				
Solicitar a intervención do Equipo de Orientación Específico naqueles casos en que se estime necesario				
Aportar os datos que a administración educativa e demais servizos demanden				
Promover a reflexión e a coordinación				

entre os distintos servizos que interveñen cun mesmo alumno ou alumna.				
Reflexionar sobre o proceso avaliador, tanto no que afecta aos resultados coma no que ten que ver co proceso.				
Promover a cooperación entre o Centro e as familias para unha maior eficacia e coherencia na educación do alumnado.				
Coordinar o traballo de titorías xunto coas Xefas de Estudos e asesorar ao profesorado no desempeño da función titorial.				
Implementación, seguimento e avaliación do PAT a través das actividades que se leven a cabo nas titorías: asesoramento, colaboración e incorporación de contidos relacionados coa aprendizaxe emocional, a dinámica de grupos e a igualdade real entre homes e mulleres.				
Asesoramento ao profesorado que o demande naqueles aspectos relacionados co ámbito da orientación, así como no desenvolvemento do PAT, POAP e do PXAD.				
Fomentar actuacións que teñan como obxecto a atención a diversidade presente nas aulas: <ul style="list-style-type: none"> • Identificación temperá de necesidades. • Revisión e/ou modificación das medidas de apoio e/ou reforzo que estea a recibir o alumnado para avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar. 				
Cooperar na relación titores-pais na búsqueda de solucións aos problemas que afecten aos seus fillos.				
Facilitar información ás familias e implicalos no proceso educativo dos seus fillos.				

Propostas de mellora para o curso próximo:

CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN DO PAT E DO POAP


Ano académico: 2021. - 2022...

OBXECTIVOS	GRAO DE CONSECUCIÓN			
	TOTAL	ALTO	MEDIO	BAIXO
Facilitar a integración dos alumnos/as no seu grupo-clase e na dinámica do centro escolar				
Revisión dos expedientes do alumnado, analizando os datos dos informes dos cursos anteriores e considerando todo aquilo que facilite o coñecemento da súa realidade e dos aspectos que poden incidir no proceso de ensino-aprendizaxe.				
Establecemento dun horario semanal de atención individualizada ás familias				
Asesoramento ás familias sobre todo aquilo que afecte á educación dos seus fillos e fillas, orientando a súa implicación nas tarefas de estudo e na promoción da autonomía, autoconcepto e autoestima.				
Establecemento dunha liña de coordinación entre os distintos niveis da etapa e entre as distintas etapas.				
Planificación e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade, especialmente as contempladas no Plan Xeral de Atención á Diversidade				
Participación no deseño e desenvolvemento dos programas de: preparación para a educación secundaria postobligatoria, ensinar a pensar e técnicas de estudo, entramento nas habilidades de interacción social, mellora da comprensión lectora, incorporación á educación non regrada, incorporación ao mundo laboral ...				

Desenvolvemento do Programa de HHSS elaborado polo departamento.				
Información regular ás familias sobre os progresos e dificultades do seu fillo ou filla, prestando especial atención á información escrita correspondente ás distintas sesións de avaliación.				
Actualización do expediente do alumnado				
Participación no seguimento e avaliación dos distintos proxectos e/ou programas do Centro.				
Previr as dificultades de aprendizaxe e así evitar futuros abandonos, fracasos e inadaptacións escolares				
Desenvolver na hora de tutoría programas educativos específicos segundo as necesidades do grupo de alumnos.				
Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares dos alumnos mediante as oportunas medidas de atención a diversidade.				
Axudar aos alumnos/as na toma de decisións sobre as opcións que se lle presentan				
Informar aos alumnos/as acerca das opcións académicas e profesionais ao rematar os estudos que están a cursar.				
Informar as familias dos alumnos/as que rematan a etapa de Primaria e da ESO, sobre as diferentes alternativas académico-profesionais.				
Coordinar a orientación académica e profesional do alumnado ao longo da súa estancia no Centro.				

Propostas de mellora para o curso próximo:

.
...



ANEXO V - PROGRAMAS

I.- PROGRAMA DE INTERVENCIÓN CON ALUMNAS E ALUMNOS CON ALTAS CAPACIDADES.

1.- INTRODUCCIÓN

Non hai que caer na percepción de que estudantes con altas capacidades intelectuais, debido a que posúen certas habilidades superiores, non require unha resposta diferente á ofrecida aos seus compañeiros para acadar o éxito escolar. De feito, non articular as medidas adecuadas que respondan ás necesidades presentadas polo alumno pode provocar situacións de frustración, falta de motivación, problemas de conduta, indiferenza cara ás materias escolares, en definitiva, fracaso e inadaptación escolar.

2.- NECESIDADES:

Aínda que as necesidades educativas dos alumnos con altas capacidades intelectuais non son homoxéneas, senón máis ben específicas de cada alumno e poden manifestarse segundo circunstancias moi variadas (capacidades persoais, momento evolutivo, condicións ambientais, circunstancias familiares, etc.) en xeral, estes estudantes precisan:

- Un ambiente rico e estimulante - dentro e fóra da escola - que lles permite desenvolver a súa capacidade creativa, amosar as súas habilidades e satisfacer o seu desexo de coñecer, coñecer, facer, intervir, controlar ou participar.
- Un ambiente que estimule as súas potencialidades e non limite o seu desenvolvemento, permitíndolles e animándoos a manifestar orixinalidade, diverxencia, creatividade, intelixencia e flexibilidade.
- Autonomía, independencia e autocontrol.
- Sentimento de pertenza ao grupo de amigos e compañeiros.
- Aceptación e confianza das persoas que o rodean.
- Seguridade, escoita, respecto e comprensión no seu contorno.
- Recoñecemento dos seus logros e estímulo para superar os obstáculos e retos plantexados.
- Contactos e ocupacións comúns con diferentes grupos sociais, tanto na escola como no lecer.
- Habilidades relacionadas coa asertividade, control da frustración, autoestima, etc., para un desenvolvemento adecuado nas súas relacións interpersoais e sociais.
- Recoñecemento das condicións persoais dos demais e das diferenzas entre as persoas como valor positivo e enriquecedor.

- Un ensino adaptado ás túas necesidades e ritmo persoal de aprendizaxe.
- Unha oferta curricular flexible que permite afondar nos contidos.
- Acceso a recursos educativos adicionais que complementen a oferta educativa ordinaria.
- Tarefas con maior grao de dificultade e duración que as do grupo de clase.
- Gama e variedade de tarefas académicas para escoller e realizar.
- Unha variedade de materiais e recursos adecuados aos seus intereses, competencias e habilidades.
- Aprendizaxe autónoma, baseada no descubrimento e na investigación.
- Actividades que implican retos cognitivos, así como retos persoais e escolares.
- Desafíos intelectuais superiores, evitando tarefas repetitivas e / ou produtivas.
- Tarefas cun maior nivel de complexidade e abstracción.
- Unha actividade mental continua.
- Facer múltiples conexións entre a información, a interrelación de ideas e contidos de diferentes áreas e temas, sacando conclusións, etc.
- Flexibilidade do seu ensino en aspectos como horarios, actividades, recursos, materiais ou grupos.
- Planificación e avaliación do seu propio proceso de aprendizaxe.
 - Hábitos de estudo adecuados.
 - Acceso á información e estratexias de busca.

3.- ALUMNADO CON DOBRE EXCEPCIONALIDADE

As altas capacidades intelectuais, en certos casos, veñen acompañadas de características doutras necesidades específicas de apoio educativo ou ben de sobre-excitabilidades (termo acuñado polo psicólogo Dabrowski) nalgún eido do desenvolvemento: emocional, sensorial, intelectual... (por exemplo: medos irracionais, obsesións e manías desmesuradas, fobia aos rúidos, hipersensibilidade ás etiquetas da roupa ou a determinados tecidos, aversión a texturas concretas dalgúns alimentos, inquietude mental en exceso que provoca desaxustes no sono). Esta casuística coñécese como **dobre excepcionalidade**. Cando se presenta unha dobre excepcionalidade convén delimitar que características son máis propias de cada realidade para coñecer, con profundidade, o impacto de cada unha na configuración única dos perfís cognitivo, socio-emocional, motivacional, académico, comportamental ,etc, dese neno ou desa nena en concreto. No plano da intervención educativa é necesario equilibrar as fortalezas e as debilidades achegadas polas altas capacidades e

polas outras necesidades específicas de apoio educativo ou sobre-excitabilidade tamén presente.

Cómpre precisar que as necesidades específicas de apoio educativo que poden convivir máis frecuentemente coas altas capacidades intelectuais son: trastorno do espectro autista, dislexia e trastorno por déficit de atención e hiperactividade con patrón persistente hiperactivo-impulsivo.

4- ATENCIÓN EDUCATIVA:

A atención educativa a estes alumnos levarase a cabo normalmente dentro do seu propio grupo. É neste contexto onde se deseñarán as diferentes medidas e accións, de carácter organizativo e curricular, que fagan progresar a estes alumnos no seu proceso de aprendizaxe e desenvolvemento.

A educación inclusiva, principio básico do noso sistema educativo, ten como propósito lograr o máximo desenvolvemento posible de todo o alumnado, en convivencia cos seus iguais e cos demais membros da comunidade educativa, entendendo que unicamente dese modo se favorece a equidade e se contribúe a unha auténtica cohesión social.

A educación inclusiva non pode esquecer que o alumnado con altas capacidades intelectuais tamén constitúe un grupo moi heteroxéneo, con tanta diversidade como a que existe entre o resto da poboación. Non só proveñen de familias, ambientes culturais, modelos educativos, contornos sociais distintos, etc, senón que tamén manifestan diferenzas individuais no que respecta aos seus logros académicos, á súa personalidade, ao seu desenvolvemento social, emocional, cognitivo, etc. As características diferenciais deste alumnado requiren que a escola e a sociedade contemplan, de xeito explícito, as súas potencialidades. Por iso, abordar esa diversidade desde unha proposta inclusiva supón que, valorando positivamente as diferenzas, se lle ofrezca ao alumnado a resposta educativa que permita desenvolver ao máximo todo o seu potencial e acadar o éxito persoal e social, contribuíndo, xunto cos seus iguais, á construción dunha sociedade inclusiva.

Tanto o centro como a aula deben adaptarse ás distintas realidades das alumnas e dos alumnos do sistema educativo, ás súas potencialidades, ao seu desenvolvemento, aos seus ritmos, aos seus estilos de aprendizaxe e ás súas particulares formas de ser e de aprender.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE) no artigo 77 contempla a intervención educativa coas alumnas e cos alumnos con altas capacidades intelectuais, cuxa atención integral se rexerá polos principios de normalización e de inclusión.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio,

de educación, que establece que "os centros educativos deberán ofrecer unha resposta que compense as diferenzas individuais de todas as alumnas e alumnos, no marco dos principios de normalización e inclusión e desde a consideración da diversidade como un elemento enriquecedor para o conxunto da sociedade".

Pero non sería adecuado pensar que a intervención educativa con este alumnado, como con calquera outro, debe atender só ao ámbito curricular, pois do que se trata é de contribuír ao desenvolvemento do seu potencial.

4.1.- MEDIDAS EDUCATIVAS:

- **Ordinarias de atención á diversidade** (todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado) destacan:

- a. Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b. Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d. Desdobramentos de grupos.
- e. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- f. Programas de enriquecemento curricular.
- g. Programas de habilidades sociais

Programas de enriquecemento para nenos con altas capacidades intelectuais

Os programas de enriquecemento teñen un interese substancial por varias razóns e, entre elas, destacamos:

- Permite aos nenos superdotados aprender sobre novos campos de interese.
- Favorece afondar en temas específicos que non se ofrecen na educación formal.
- Permite o desenvolvemento de habilidades e habilidades específicas que permiten coñecer estratexias aplicadas noutros contextos.
- Aumenta a motivación cara á aprendizaxe, empregando metodoloxías activas e experimentais.
 - Contribúe á interacción e socialización tanto con compañeiros que comparten intereses comúns como con outros que teñen intereses específicos e habilidades similares, o que os converte nunha ferramenta para mellorar as súas habilidades cognitivas e psicosociais.

Os nenos con altas capacidades necesitan oportunidades para o desenvolvemento do talento e, o enriquecemento curricular non é en ningún caso un complemento, é unha necesidade e un dos

escenarios que permitirá o pleno desenvolvemento da personalidade dos nenos e nenas con altas habilidades.

Este programa de intervención pretende ofrecer a estes estudantes oportunidades a través do **desenvolvemento de proxectos** de enriquecemento sobre temas de interese relevante que impliquen a realización de tarefas que supoñan retos e desafíos intelectuais. Esta medida permítelles complementar o currículo oficial e adaptalo á complexidade cognitiva destes alumnos. Trátase de actividades, que proporcionan aos estudantes con altas capacidades intelectuais oportunidades de profundizar en diferentes áreas do coñecemento, a través da experimentación, a investigación e a creación e enriquecemento de oportunidades de aprendizaxe segundo os intereses ou as necesidades de cada grupo e idade.

Ten unha metodoloxía de traballo que ten en conta os intereses do neno, mantendo un carácter lúdico no seu desenvolvemento. Baséase no traballo en diferentes áreas de interese do alumnado, auténticos protagonistas da aprendizaxe, utilizando diferentes ferramentas tecnolóxicas e poñendo o acento dun xeito transversal na formación en valores, o desenvolvemento da competencia socioemocional, as relacións de amizade, o compromiso, a cidadanía e o sentido da vida ”.

OBXECTIVOS:

En todos os casos, o programa de enriquecemento debe conter catro áreas principais:

Área de desenvolvemento competencial

O rendemento académico é variable e depende de factores motivacionais, ambientais , persoais, etc. O seu rendemento académico non ten , necesariamente que ser elevado en todas as áreas ou materias

Se a resposta educativa é axeitada favorécese un rendemento académico acorde co seu potencial.

Desenvolvemento da reflexión e do diálogo.

Estimulación de intelixencias múltiples.

Reforzo do uso de estratexias de aprendizaxe.

Desenvolvemento do pensamento produtivo

Promoción da capacidade de razoamento abstracto

Desenvolver e ensinar estratexias para a aprendizaxe

Establecer hábitos que fomenten comportamentos de aprendizaxe axeitados

Área cognitiva.

Inclúe adestramento cognitivo en funcións executivas

Atención

Percepción

Memoria

Lingua

Velocidade de procesamento

Orientación

Razoamento

Control executivo

Área de creatividade

Mellora da creatividade: estratexias para enfocala adecuadamente aos teus proxectos.

Despertar e desenvolver a flexibilidade

Plantexamento de retos

Resolución de problemas, tanto de carácter curricular como de carácter social.

Procesamento de textos: delimitación de temas, inventar partes, resumir, cambiar títulos ..

Debates: argumentos a favor e en contra de diferentes temas.

Área de axuste socioemocional

O perfil socio.emocional dos alumnos e das alumnas con altas capacidades intelectuais é tan heteroxéneo como no resto da poboación.

Acadar un desenvolvemento persoal adecuado.

Desenvolvemento da Intelixencia emocional: educación das emocións, o seu recoñecemento e unha xestión óptima

Previr disfuncións de comportamento e problemas motivacionais que poidan xurdir debido ao dominio nas materias curriculares.

Desenvolver habilidades relacionais entre iguais.

Adestrar na comunicación asertiva de ideas e pensamentos.

Traballo coa autoestima e o autoconceito nesas áreas que son necesarias.

Desenvolvemento da responsabilidade, xestión de recursos e eficacia práctica.

- Medidas educativas extraordinarias : Para o alumnado con altas capacidades intelectuais destacan dúas destas medidas extraordinarias: as adaptacións curriculares e a flexibilización da duración do período de escolarización.

O feito de que un alumno ou unha alumna con altas capacidades intelectuais conte cunha adaptación curricular non significa nin pode ser motivo de ningún tipo de exclusión, dado que ten que compartir cos seus compañeiros e compañeiras de clase as súas aprendizaxes, achegar as súas inxedanzas e recibir as dos compañeiros e compañeiras.

Flexibilización da duración do período de escolarización

A proposta desta medida debe pasar por unha pausada reflexión entre a xefatura do departamento de orientación -responsable da avaliación psicopedagóxica e das correspondentes orientacións para a proposta curricular-, o equipo docente -responsable directo das ensinanzas das áreas ou materias- e a familia -que debe dar a súa conformidade-, pois debe valorarse a utilidade da medida e a oportunidade ou o mellor momento para levala a cabo. Neste proceso recoméndase a participación do equipo de orientación específico.

A flexibilización da duración do período de escolarización non equivale só a un simple adiamento dun curso, pois debe ir acompañada da correspondente adaptación curricular.

5.- Seguimento da intervención

O alumnado con altas capacidades intelectuais precisan un seguimento respecto á intervención e á evolución das medidas de atención á diversidade propostas para dar resposta ás necesidades específicas de apoio educativo que presentan. Este seguimento debe realizarse nestes ámbitos:

Equipo docente e familia, que consiste nun seguimento continuo que trata de verificar a evolución do alumno ou da alumna e a funcionalidade das medidas adoptadas. Este seguimento debe realizalo o equipo docente e a familia, coordinado polo profesorado titor, quen recollerá por escrito as opinións deste e da familia, así como as propostas de novas medidas, de ser o caso.

Departamento de orientación, que terá a periodicidade que se determine no informe psicopedagóxico e será responsabilidade daxe fatura do departamento de orientación. Neste ámbito de seguimento analizaranse os informes do seguimento do equipo docente e valoraranse o desenvolvemento dos procesos de ensinanza e de aprendizaxe, a coordinación do equipo docente e a aplicación das medidas educativas propostas no informe psicopedagóxico. Igualmente, de ser o caso, decidirase sobre novas medidas que poida necesitar o alumno ou a alumna.

A familia do alumnado con altas capacidades intelectuais será informada sobre as medidas de atención educativa propostas e sobre calquera outro cambio ou axuste que se puidese producir ao longo da súa escolarización.

No informe de avaliación individualizado que se elabore ao remate do curso, o profesorado titor, asesorado polo orientador ou pola orientadora do centro, recollerá información do alumno ou da alumna referida ás medidas educativas adoptadas, aos resultados de ditas medidas e ás orientacións ou propostas para o vindeiro curso académico.

Ao comezo de cada curso, o orientador ou a orientadora será o encargado de informar ao profesorado titor e ao equipo docente das necesidades específicas de apoio educativo do alumnado con altas capacidades intelectuais e das medidas propostas, en base ao informe psicopedagóxico e á información do equipo docente do curso anterior e da familia.

6.- avaliación curricular

A avaliación é un proceso que está presente en toda actividade humana pois permite comprobar se se acadou o que se pretendía ou se son necesarios axustes ou modificacións no proceso de avaliación.

A avaliación no sistema educativo é necesaria para verificar, de forma continua e sistemática, como se desenvolve o proceso educativo, como contribúe ao desenvolvemento persoal e profesional de discentes e de docentes, como se axusta ao que cada quen necesita, que melloras ou axustes deben introducirse, etc. É dicir, a avaliación no sistema educativo ten que informar do conxunto do proceso e, ao mesmo tempo, orientar a todas as persoas que participan nos procesos de ensinanza e de aprendizaxe. Cando iso sucede, a avaliación contribúe, de forma considerable, á mellora da calidade educativa e, por extensión, do éxito escolar do alumnado.

Deixando a un lado a avaliación do proceso de ensinanza e centrándose na avaliación do proceso de aprendizaxe, é conveniente que esta se oriente a:

Contribuír a que o alumnado sexa coñecedor do seu proceso de aprendizaxe, das estratexias que usa e das que lle resultan facilitadoras, do que necesita para mellorar a súa competencia, etc.

Promover que a información que obteña o profesorado sobre o desenvolvemento ou o nivel competencial do alumnado sirva para que este sexa, en todo momento, plenamente consciente da súa propia aprendizaxe.

Polo tanto, a avaliación do proceso de aprendizaxe, nos seus diferentes momentos e/ou modalidades (inicial, continua, global, formativa, final, etc.), debe ter como referentes os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe, por seren estes os que orientan sobre o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer. Pero esa avaliación non debe limitarse só ás diferentes áreas ou materia. Esa avaliación tamén debe informar do desenvolvemento a nivel competencial, polo que se fai necesario o emprego de rúbricas como instrumento de avaliación.

Logo desas consideracións, cando se trate de avaliar o nivel de competencia curricular do alumnado con altas capacidades intelectuais é conveniente ter en conta que:

Debe ter os mesmos referentes ca o resto do alumnado. É dicir, esa avaliación estará orientada ao que dispoñan os decretos do currículo das distintas ensinanzas para o curso correspondente, agás que se trate de alumnado con altas capacidades intelectuais co currículo adaptado (adaptación curricular).

A avaliación das competencias clave debe considerar, igual ca no resto do alumnado, as súas especificidades, que no caso de alumnado con alta capacidade intelectual, poden resumirse, con carácter xeral, no seguinte:

Comunicación lingüística (CCL). O alumnado con alta capacidade intelectual adoita ter un amplo vocabulario, unha grande capacidade de argumentación e gusta de lecturas cun nivel de comprensión elevado. Igualmente, teñe gran imaxinación e fantasía.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). O alumnado con alta capacidade intelectual goza resolvendo problemas que lle supoña un desafío e acostuma a percibir rápido as relacións entre feitos; é observador, orixinal e con predisposición a xerar diferentes estruturas de pensamento; formula principios e xeneralizacións con facilidade; aplica coñecementos dunha área ou materia a outra con moita facilidade; gústalle inventar; etc.

Competencia dixital (CD). O alumnado con alta capacidade intelectual adoita ter unha gran competencia nas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), xa que, en moitos casos, usa as redes tecnolóxicas como fonte de información para aprender temas que son do seu agrado.

Aprender a aprender (CAA). O alumnado con alta capacidade intelectual adquire con facilidade conceptos novos e tenta dar sentido ás cousas, ademais posúe unha gran curiosidade intelectual que debe ser satisfeita.

Competencias sociais e cívicas (CSC). O alumnado con alta capacidade intelectual está moi preocupados polas desigualdades e as inxustizas, é crítico co mundo e a contorna na que vive, gústalle explicar os seus coñecementos a compañeiros e compañeiras, adoita preguntar e cuestionar as verdades asentadas, é moi críticos e conta cun sentido do humor peculiar, que pode non ser comprendido.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). O alumnado con alta capacidade intelectual goza facendo as cousas de xeito innovador e teñe iniciativa por aprender todo o que lle atrae.

Conciencia e expresións culturais (CCEC). O alumnado con alta capacidade intelectual ten respecto polo patrimonio material e inmaterial e goza con todas aquelas temáticas da súa preferencia.

Polo tanto, estas especificidades deberán tomarse en conta á hora de escoller os instrumentos de avaliación máis axeitados para determinar as cualificacións deste alumnado.

Os instrumentos de avaliación deben permitir, igual ca no resto do alumnado, expresar todo o potencial de aprendizaxe, polo que serán necesarias tarefas que promovan a creatividade, a imaxinación, o pensamento diverxente, etc.

As tarefas desenvoltas para a avaliación deben, en sintonía coas rúbricas dos estándares de aprendizaxe, permitir distintos graos de complexidade e/ ou de afondamento.

Se teña en consideración (valor) a diversidade de opinións, a variedade de alternativas, as ideas innovadoras, os interrogantes sobre a realidade, etc.

Se promova a autoavaliación, onde se contemple a colaboración entre o alumnado e o compromiso coa aprendizaxe do grupo.

PROGRAMA II- DE HABILIDADES SOCIAIS

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN.

II. DELIMITACIÓN CONCEPTUAL

III. OBXECTIVOS

- **XERAIS**
- **ESPECÍFICOS.**

IV. PROGRAMA DE INTERVENCIÓN CO ALUMNADO.

- Sesión 1. **INTRODUCCIÓN ÁS HABILIDADES SOCIAIS.**
- Sesión 2. **TIPOS DE COMPORTAMENTO.**
- Sesión 3. **ESCOITA ACTIVA.**
- Sesión 4. **PEDIR FAVORES.**
- Sesión 5. **DAR UNHA NEGATIVA OU DICIR NON.**
- Sesión 6. **TOMA DE DECISIONS.**
- Sesión 7. **POÑERSE NO LUGAR DO OUTRO/ APRENDENDO A EMPATIZAR.**
- Sesión 8. **PEDIR DISCULPAS.**
- Sesión 9. **AFRONTAR CONFLICTOS.**

V. AVALIACIÓN

I. INTRODUCCIÓN

As habilidades sociais ou o que tecnicamente se coñece como conduta asertiva consiste en pedir o que queres e negarte ao que non queres dun modo axeitado. Conseguir as túas metas sen danar a outros. Expresar sentimentos e pensamentos, realizar eleccións persoais e sentirse ben conun mesmo.

As habilidades sociais implican as destrezas nas relacións cós demais, as competencias sociais das personas. Nacen das interaccións cos outros, da participación activa nos diferentes contextos e implican relacións sociais exitosas, é dicir, desenvolvemento social e coñecemento social.

Se os repertorios conductuais afectan ás relacións interpersonais, as relacións interpersonais na aula poden tornarse conflitivas cando faltan habilidades sociais e cando os hábitos dos alumnos convértense en relacións de agresividade. Nestos casos, mediatízase a percepción da vida da clase e condicionase a percepción do clima global do centro.

Ante esta situación, ou quizás para previr que isto ocorra, entendemos que é preciso por en marcha este programa de habilidades sociais con carácter preventivo, xa que o desenvolvemento das habilidades sociais está directamente relacionado cun axeitado funcionamento psicolóxico, académico e social. Polo tanto, promovendo a competencia persoal e social do alumnado, estaremos facendo prevención de diferentes problemas: desaxustes psicolóxicos, problemas emocionais e escolares, conductas disruptivas, violencia, inicio temperá de consumo de estupefacientes...

Somos conscentes de que a competencia persoal e social é un concepto teórico multidimensional referido a un *conjunto de capacidades, conductas y estrategias, que permiten a la persona construir y valorar su propia identidad, actuar competentemente, relacionarse satisfactoriamente con otras personas y afrontar, de forma positiva, las demandas, los retos y las dificultades de la vida, lo que posibilita su ajuste y adaptación, su bienestar personal e interpersonal y vivir una vida más plena y satisfactoria* (Monjas, 2002)

Ao mesmo tempo, posibilitase o seu axuste e adaptación social e persoal (actuar competentemente, relacionarse satisfactoriamente cos outros...) e favorécese a construción da súa propia identidade e o seu benestar persoal e interpersoal. Tendo en conta que a conduta interpersoal apréndese e desenvólvese, e polo tanto pode ensinárase e modificarse, debemos aproveitar o centro escolar -o ámbito social no que os rapaces e rapazas pasan gran parte do seu tempo relacionándose entre si e co profesorado- como un espazo para o ensino axeitado, é dicir, intencional e directo, das habilidades sociais.

É neste contexto e na relación cos iguais, onde por medio de estratexias de intervención axeitadas, posibilitamos que os rapaces aduqiran e practiquen unha serie de condutas e habilidades sociais, como por exemplo: escoitar activamente, pedir desculpas, dar unha queixa, facer unha crítica, expresar

unha loanza, disentir, ser empático, asertivos, resistirse ás presións do grupo e moitas outras.

II. DELIMITACIÓN CONCEPTUAL

De seguido, imos tratar de clarificar conceptos básicos que se usan a hora de tratar o tema das habilidades sociais:

Competencia social: fai referencia a avaliación realizada por un axente social do contexto (pai, profesor, irmán, etc) da capacidade dun suxeto para adecuar o seu comportamento social a unha situación determinada. É a adecuación das condutas ao contexto. Trátase dun xuízo avaliativo.

Habilidades sociais: son un numeroso e variado conxunto de condutas que se poñen de manifesto en situación de interacción social. "*Son un conxunto de cognicións, emocións e conductas que permiten relacionarse e convivir con outras persoas de forma satisfactoria e feliz*" Monjas, 2007).

O termo habilidade indica que non se trata dun rasgo de personalidade, máis ou menos innato, senón dun conxunto de comportamentos adquiridos e aprendidos.

Asertividade: é un conxunto de condutas que se integran dentro das habilidades sociais, fai referencia a condutas de expresión directa dos propios sentimentos e da defensa dos dereitos persoais e respecto polos demais.

III. OBXECTIVOS

Obxectivo xeral:

- Propiciar que o alumnado adquira unha conduta social competente que lle permita relacionarse da forma máis efectiva posible cos seus compañeiros, cos profesores e cos demais membros da comunidade escolar.

Obxectivos específicos:

- Proporcionar información sobre as habilidades sociais e a importancia da súa posta en práctica e da súa aprendizaxe.
- Traballar co alumnado a adquisición de habilidades sociais e persoais necesarias para lograr unhas relacións interpersonais positivas.
- Potenciar a corresponsabilidade, a xestión das emocións e a toma de decisión.
- Fomentar no alumnado o pensamento crítico mediante a reflexión sobre problemas e situación actuais.
- Fomentar valores como a tolerancia e o respecto...

IV. CONTIDOS

Sesión 1	INTRODUCCIÓN ÁS HABILIDADES SOCIAIS
Sesión 2	AS HABILIDADES SOCIAIS E TIPOS DE COMPORTAMENTO
Sesión 3	ESCOITA ACTIVA
Sesión 4	PEDIR FAVORES
Sesión 5	DAR UNHA NEGATIVA OU DICIR NON
Sesión 6	TOMA DE DECISIÓNS
Sesión 7	POÑERSE NO LUGAR DO OUTRO/ APRENDENDO A EMPATIZAR
Sesión 8	PEDIR DISCULPAS
Sesión 9	AFRONTAR CONFLICTOS

Esta planificación de contidos implementarase dentro da acción tutorial. Tanto en Infantil e Primaria como en Secundaria, a Acción Tutorial non está desligada da docente, cuando actuamos como docentes nunha materia concreta, tamén estamos intervindo na formación humana de cada alumno e do grupo como tal. Pero en Infantil e Primaria a transversalidade ao longo de todo o horario lectivo é maior, o titor ou titora está moito tempo co grupo e as características evolutivas do alumnado propician e piden que se afronten os temas tutoriais ao fío dos acontecementos diarios e no momento que suceden. En Secundaria, coa intervención por especialidades, a suposta preparación dos alumnos e do grupo para aplazar a solución de conflitos e a existencia dunha hora de tutoría dentro do horario lectivo cos alumnos, propician que se afronte a Acción Tutorial, de forma máis programada na hora de tutoría.

Metodoloxía

Este programa está pensado para traballar interactivamente a nivel grupal co alumnado de ESO, realizarase nas horas de tutoría durante 9 sesións.

Para ensinar estas habilidades empregaremos un conxunto de técnicas como son o modelado, xogo de roles, remuíño de ideas, discusión dirixida, subgrupos, actividades de expresión, de lapis e papel, dinámica de grupo etc., que axudan a que o alumno consiga, non só uns coñecementos teóricos senón fundamentalmente que poña en xogo unha serie de recursos prácticos para a interacción, e desenvolva unhas actitudes interpersonais positivas.

Traballárase a través dun enfoque interactivo .As sesións desenvolveranse seguindo unha metodoloxía participativa, de tal xeito que eles mesmos sexan **os protagonistas da súa propia aprendizaxe**.

En canto a organización da aula, realizaranse modificacións na disposición do mobiliario en función do tipo de traballo e do agrupamento do alumnado (individual, pequeno grupo e gran grupo).

O profesor titor, asesorado pola orientadora, propiciará unha dinámica grupal adecuada procurando presentar de forma motivadora as actividades , e impulsando a participación activa do alumnado nos debates propostos .

Recursos

Os recursos a empregar serán os seguintes:

- Recursos humanos:
 - Tutores de cada grupo, profesorado e orientadora.

- Recursos materiais:
 - Ordenador,
 - Tv e reprodutor de DVD
 - Encerado
 - Material audiovisual
 - Tarxeta para os nomes
 - Carteil das normas de funcionamento do grupo.
 - Tarxetas para a dinámicas dos sentimentos .

V. PROGRAMA DE INTERVENCIÓN CO ALUMNADO

1ª SESIÓN: INTRODUCCIÓN ÁS HABILIDADES SOCIAIS

OBXECTIVOS:

- Familiarizarse coas habilidades sociais.
- Demostrar a súa utilidade
- Establecer as normas do grupo.

PASOS:

1. Saúdo
2. Presentación dos profesionais que impartan o taller
3. Presentación dos participantes; Van dicindo como se chaman e as aficións que teñen .
4. Pásase o cuestionario pre sobre información e actitudes (Avaliación inicial)- VER ANEXO I
5. Introducción ás Habilidades Sociais.
6. Normas de funcionamento do grupo.

Introducción ás habilidades sociais

Ao longo dunha serie de sesións imos falar e traballar este tema, como nos comportamos e o que dicimos cando estamos cos demais.

Todos sabemos que hai boas e malas maneiras de falarlle á xente. Segundo como o facemos é posible que os demais se enfaden con nos, non nos fagan caso ou lles caiamos simpáticos. Queremos que aprendades a forma axeitada de facelo, xa que isto vos permitirá ter máis amigos e levarvos mellor con eles.

Hai moitas habilidades sociais como: falar co teu profe , falar cun amigo que está triste , pedirlle un favor, tomar unha decisión

** Podedes poñer exemplos de situacións como as que dixemos e que vos parezan que poden chamarse tamén habilidades sociais ? (Os alumnos van dicindo situacións nas que eles utilizan diferentes habilidades).*

Normas de funcionamento do grupo

Imos practicar con frecuencia o traballo en grupo. Isto permitiranos, entre outras cousas, ter un achegamento maior aos vosos compañeiros , un intercambio persoal e de ideas e que vos expresedes con maior facilidade e participedes máis que se o fixerades de xeito individual diante de toda a clase.

Pero para que o traballo grupal teña éxito ten que haber unhas normas básicas e xerais de funcionamento, que agora ides coñecer e que son fundamentais para traballar así:

- **Escoitar as opinións dos demais**, así como dos outros grupos.
- **Respecto das decisión do grupo**, aínda que ás veces non coincidan coa túa.
- **Falar en primeira persoa**, sempre que expresamos unha idea, sentimento ou unha opinión. (Gústame esa persoa, quero que me axudes ...)
- **Falar un detrás de outro**, levantando a mán para pedir o turno.
- **Non interrumpir**, cando está a falar a outra persoa, esperar a que remate o seu turno, aínda que queiras facer un comentario a algo dito.

ANEXO I

CUESTIONARIO HABILIDADES SOCIALES

Nome do alumno/a

Curso

Habilidad	1	2	3	4	5
Escuchar: ¿Presta atención a la persona que le está hablando y hace un esfuerzo					

para comprender lo que le están diciendo?					
Formular una pregunta: ¿Determina la información que necesita y se la pide a la persona adecuada?					
Dar las «gracias»: ¿Permite que los demás sepan que é agradece los favores, etc.?					
Presentarse: ¿Se da a conocer a los demás por propia iniciativa.					
Hacer un cumplido: ¿Dice que le gusta algún aspecto de la otra persona o alguna de las actividades que realiza?i					
Pedir ayuda: ¿Pide que le ayuden cuando tiene alguna dificultad?					
Participar: ¿Elige la mejor forma para integrarse en un grupo o para participar en una determinada actividad?					
Disculparse: ¿Pide disculpas a los demás por haber hecho algo mal?					
Convencer a los demás: ¿Intenta persuadir a los demás de que sus ideas son mejores y que serán de mayor utilidad que las de la otra persona?					
Conocer los propios sentimientos: ¿Intenta reconocer las emociones que experimenta?					
Expresar los sentimientos: ¿Permite que los demás conozcan lo que siente?					
Comprender los sentimientos de los demás: ¿Intenta comprender lo que sienten los demás?					
Pedir permiso: ¿Reconoce cuando es necesario pedir permiso para hacer algo y luego lo pide a la persona indicada?					
Compartir algo: ¿Se ofrece para compartir algo que es apreciado por los demás?					
Ayudar a los demás: ¿Ayuda a quien lo necesita?					
Negociar: ¿Llega a establecer un sistema que satisfaga tanto él mismo como a quienes sostienen posturas diferentes?					
Emplear el autocontrol: ¿Controla su carácter de modo que no se le «escapan las cosas de la mano»?					
Defender los propios derechos: ¿Defiende sus derechos dando a conocer a los demás cuál es su postura?					
Formular una queja: ¿Les dice a los demás cuándo han sido ellos los responsables de originar un determinado problema e intenta encontrar una solución?					
Responder a una queja: ¿Intenta llegar a					

una solución justa ante la queja justificada de alguien?					
No entrar en peleas: ¿Encuentra otras formas para resolver situaciones difíciles sin tener que pelearse? Responder al fracaso: ¿Comprende la razón por la cual ha fracasado en una determinada situación y qué puede hacer para tener más éxito en el futuro?					
Tomar iniciativas: ¿Resuelve la sensación de aburrimiento iniciando una nueva actividad interesante?					
Resolver los problemas según su importancia: ¿Determina de forma realista cuál de los numerosos problemas es el más importante y el que debería solucionar primero?					
Tomar una decisión: ¿Considera las posibilidades y elige la que le hará sentirse mejor?					

Adaptación de Goldstein y otros (1989)

A escala de puntuación que empregaremos será:

- 1= Nunca utiliza esta habilidade.
- 2= Moi poucas veces.
- 3= Algunha vez.
- 4= A miúdo.
- 5= Sempre

2ª SESIÓN: AS HABILIDADES SOCIAIS

OBXECTIVOS

- Introducción aos conceptos de comportamentos pasivo, agresivo e asertivo
(rato,monstro e un mesmo)
- Emprego inicial en entrenamiento en habilidades sociais.

PASOS DA SESIÓN

- 1.-Saudar
- 2.-**Explicación dos teus comportamentos: pasivo (rato) agresivo (mosntro) e asertivo (un mesmo)**

Comportamento pasivo:

Se lle pode chamar o "rato "
Deixa que os demais lle manden, que lle digan o que ten que facer e nunca defende os seus dereitos.

Aproveitanse del.

Comportamento agresivo:

Se lle pode chamar o "o monstro"
Critica aos demais, insúltaos e humíllaos .
Só se preocupa de conseguir o que desexa
Métese en líos.
Aprovéitase dos demais.

Comportamento asertivo:

Se lle pode chamar " Eu mesmo "
Compórtase tal e como é.
Deixa que os demais saiban o que sinte e pensa, sen ofender.
Respecta os sentimentos e opinións dos demais sin impoñerse e sen permitir que os demais se aproveiten del.

Comportarse axeitadamente non significa ter que humillarse ante os demais e facer o que din sen querer meterse en líos nin discusións, senón moitas veces todo o contrario: saber decidir e defender a nosa postura, facer o que cada un pensa dacordo coa súa personalidade.

3.-Técnicas de entrenamiento en habilidades sociais:

TÉCNICAS	OBXECTIVOS
Modelado	Observar como debe realizarse unha conducta
Role- playing ou dramatización	Practicar a conducta para aprendela
Instruccións	Informar ao alumno como debe realizar unha conducta
Dinámica de grupos	Fomentar as interaccións sociais
Aprendizaxe cooperativo	Aprender conductas sociais sen competitividade
Estratexias de compañeiro titor	Ofrecer modelos adecuados ao suxeito
Diálogo	Fomentar a reflexión

4.-Presentación dos modelos axeitados e non axeitados, ventaxas e inconvincentes dos mesmos.

Simúlase o seguinte caso: " un compañeiro de clase pídeche que lle deixes os rotuladores ".

MODELO PASIVO (O RATO)

Así Fai o rato

Compañeiro 1: Deixame os rotuladores

Compañeiro 2: E que os estou utilizando eu (con voz baixiña e sen mirar á cara).

Compañeiro 1: Eu tamén os necesito e ti podes utilizalos despois, déixamos.

Compañeiro 2: Bueno, toma (con voz máis baixiña e sen mirar á cara).

MODELO AGRESIVO (O monstro)

Así Fai o monstro

Compañeiro 1: Deixame os rotuladores

Compañeiro 2 : ¡Pídellos a outro; (Con voz alta e mirando fixamente aos ollos).

Compañeiro 1: Non te cabrees, só os necesito un momento, déixamos .

Compañeiro 2: ¡Non me da a gana de deixarchos, pasa de min (con voz alta e mirando fixamente aos ollos)

As desventaxas de non ter habilidades sociais:

**"Vexamos que pode ocorrer de non ter habilidades sociais".
Expoñemos entre todos as desventaxas :**

- Dificultade para facer novos amigos
- Incomprensión.
- Pode que non sexamos capaces de comunicar ben as nosas necesidades ou sentimentos.
- Atoparnos sós.
- Ter dificultades cos adultos
- Perder amigos

MODELO ASERTIVO (un mesmo)

Compañeiro 1: Deixame os rotuladores .

Compañeiro 2: Non chos podo deixar neste momento, estounos utilizando eu (voz normal e mirando aos ollos).

Compañeiro 1: Non sexas hegoísta e déixamos.

Compañeiro 2: Xa che dixen que os estou utilizando eu. Se queres cando remate deixochos (voz normal e mirando aos ollos).

Compañeiro 1: Pero é que os necesito agora mesmo.

Compañeiro 2: Mira, podes pedirlllos a outro, se queres os meus terás que esperar (voz normal e mirando aos ollos).

Compañeiro 1: Bueno pois esperarei a que acabes.

As ventaxas de ter habilidades sociais:

"Vexamos que pode ocorrer cando se teñen habilidades sociais".

Expoñemos entre todos as ventaxas :

- Caeremos mellor aos demais.
- Comprenderemonos mellor.
- Melloraremos a comunicación entre nos
- Faremos máis amigos.

5.-Actividades na clase:

Ensaio / rol-playing e modelado :

Traballaremos os modelos de comportamento en diferentes situacións como:

- 1) O teu profesor quere que lle fagas un favor, axudarlle a ordenar uns libros.
- 2) Unha dependente de panadería dache mal o cambio.
- 3) Ves que o teu amigo/a está chorando e queres axudarlle.
- 4) Enfádaste cun amigo e queres disculparte.

6.-Actividades de Reforzo:

Escribe unha situación na que ao longo da semana te comportaras de xeito pasivo, agresivo ou asertivo.

3ª SESIÓN: ESCOITA ACTIVA

OBXECTIVO

- Entrenamento na habilidade Social de saber escoitar e facerse escoitar.

PASOS DA SESIÓN

1.-Saudamos e correximos as tarefas da semana anterior.

2.-Desenvolvemento do esquema da sesión

Introducción

Hoxe imos falar sobre como ter unha conversación. A uns cústalle máis que a outros: Hai persoas moi faladoras -que a veces aburren-, outras que falan moi ben -que a xente gústalle escoitalas-, e outras que non falan nunca.

Para que falar cos demais sexa máis doado, é importante saber:

- Como empezar (saudar, facer unha pregunta, presentarse)
- Como continuar.
- Como rematar.

Moitas veces é posible que coñezades a un grupo de mozos /as que vos caen ben, gustaríavos ser os seus amigos e falar con eles, pero non sabedes como, quedades coas ganas de facelo.

- Pasóuvos isto algunha vez?
- Nalgún momento vos parece que non tedes nada interesante que decir e vos da vergoña falar cos demais?
- Parécevos doado falar cun grupo de xente?

Instruccións

“Será moito máis doado facelo se seguimos algunhas pistas”

Para empezar a falar cunha persoa ou grupo hai que:

Saudar: “Ola bos días”

Presentarse (se non te coñecen)

Facer unha pregunta (se é o caso), dar unha opinión, ou facer un comentario para introducirte no grupo o una conversación.

Para continuar:

Ver se os outros vos están escoltando.

Escoitar o que din os demais.

Facer pequenos silencios para deixar que o/ compañeiro/a pregunte ou interveña.

Non cambiar de conversación de xeito brusco.

Para rematar:

Dicir que non podemos continuar falando.

Despedirvos.

Modelo

Mediante a técnica de Roll-playing e para afianzar o traballado os alumnos realizarán simulacións de situacións da vida diaria nas que porán en práctica o aprendido, exemplo:

- Situación 1: Un grupo de compañeiros van a un partido de baloncesto e ti queres ir con eles.
- Situación 2. Unha compañeira/o nova/o chega ao centro.
- Situación 3: Presentar os pais o teu profesor.

As vantaxas de saber conversar cos demais:

- Facer máis amigos.
- Aprender cousas novas e interesantes.
- Participar en xogos e actividades que che gusten

Inconvintes

- Non ter amigos
- Estar só
- Aburrirse

Actividades de Reforzo:

Escrebe unha conversación que teñas iniciado con alguén durante a semana

4ª SESIÓN: PEDIR FAVORES

OBXECTIVO

- Entrenamento na Habilidade de pedir favores

PASOS DA SESIÓN

Saudamos e correximos as tarefas da semana anterior.

Desenvolvemento do esquema da sesión

Introducción

Con frecuencia atopámonos ante situacións nas que temos que pedir favores:

- Que alguén nos deixe algo prestado.
- Que alguén nos explique algo.
- Que nos dean permiso.

A miúdo, tamén temos que pedir explicacións de algo que non sabemos ou non entendemos:

- Preguntar o prezo dun caderno nunha librería.
- Pedir á profesora que repita algo ou explique outra vez o tema.

Depende de cómo vos pidan ou pidades o favor, será máis doado ou máis difícil de conseguir.

Instruccións

Para acadar o noso obxectivo con éxito debemos seguir unha serie de pistas:

- Ser amables.
- Explicar claramente o que queredes.
- Explicar os motivos, se é posible, polos que necesitades o favor.
- Non insistir moito se non volo queren facer (teñen dereito a non facelo).
- Cando vos digan si, darlle as grazas.

O profesor xuntamente cun alumno simularán unha situación de pedir un favor, os demais compañeiros analizarán os seguintes aspectos deste rol-playing:

- Se é amable o alumno que lle pide o favor.
- Se explica claramente o que quere, en 1ª persoa
- Se explica os motivos polos que necesita o favor.
- Se insiste demasiado.
- Se o agradece cando fan o favor
- Se busca outra alternativa e non se enfada cando lle dicen que non.
- Linguaxe non verbal: Ton de voz, mirada, posición, postura, xestos ...

Para afianzar o traballado os alumnos realizarán simulacións de situacións da vida diaria nas que porán en práctica o aprendido, exemplo:

- Situación 1: Queres cun amigo che grave unha cinta de música.

- Situación 2: Un alumno quere que o profesor repita a última frase dun dictado.
- Situación 3: Pedirlle a un compañeiro que che explique un exercicio que non entendes.

Ventaxas de pedir favores de xeito adecuado

- Facer que os demais coñezan as túas necesidades de xeito amable e non ameazante.
- Conseguir que os compañeiros che fagan máis favores.

Inconvintes de non pedir favores

- Non permitas que os demais saiban as túas necesidades e desexos.
- Podes acabar sentíndote mal porque o segues necesitando e querendo.

Inconvintes de facer a petición de xeito non adecuado

- Facer que alguén se enfade e se sinta incómodo
- Correr o risco de que a outra persoa se negue.

Actividades de Reforzo:

Escribe unha situación en forma de diálogo na que pidas un favor e outra na que cho pidan a ti.

5ª SESIÓN: DAR UNHA NEGATIVA OU DICIR NON

OBXECTIVO:

- Entrenamento na habilidade social de dar unha negativa ou dicir non.

PASOS DA SESIÓN

Saudamos e correximos as tarefas da semana anterior.

Desenvolvemento do esquema da sesión

Introducción:

Hai moitas ocasións nas que nos piden que fagamos algo, e as nosas respostas poden ser diferentes según se podemos ou queremos facelo ou non podemos ou non queremos:

- Unhas veces podes facelo se ti queres ex: Un amigo pídeche a bici porque quere dar unha volta.

- Outras veces porque é xusto, ex: facer a túa cama.

- Outras porque estás ocupado, ex: estás estudiando e invítanche a ir ao cine.

- E noutras ocasións pensas que non é correcto facer o que che piden, ex: gastar unha broma desagradable a un compañeiro.

Soe pasar que nos da medo e non nos atrevemos a dicirlle que non, porque cremos que se van enfadar connosco, e facemos o que nos piden a disgusto.

-Outras veces atrevémenos a negarnos pero non o dicimos de xeito correcto.

Para que isto non ocorra, imos ver como habería que facelo.

Instruccións:

Para dar unha negativa que non ofenda a un compañeiro e sen sentirnos incómodos, debemos seguir unha serie de pistas:

- escoitar o que che pide o outro
- Dicirlle claramente que non vas a facer o que che pide
- Explicarlle por que te negas a facelo, para que o outro comprenda a túa postura.
- Buscar unha forma adecuada de decilo sen ferir os sentimentos do outro. Ser amable.
- Suxerir algunha outra idea en vez da que che propoñen. Dar alternativas.
- Non busques excusas e di a razón real.

Visionado dunha película: "La Ola "

Ao rematar o video faránse preguntas sobre as situacións que viron.

Rol-playing.- Repártense entre os alumnos fichas nas que figuran as instruccións anteriores e observar se as cumpren, ex:

- Situación 1: Unha compañeira quere falar contigo na clase mentras o profesor está a explicar, e ti queres atendelo .
- Situación 2: O teu irmán pídeche os patíns e ti quedaches cun amigo para patinar.

- Situación 3: Un compañeiro pídeche que vaias ao cine e ti tes que estudar.
- Situación 4: Os teus pais queren que vaias a unha festa familiar aburrida e ti queres irte cos teus amigos.

Ventaxas

Ventaxas de saber decir NON (e dicilo) :

- Fas saber aos demais cal é a túa postura e os teus sentimentos.
- Evitas que a xente se aproveite de ti porque defendes o que pensas.
- Sínteste ben porque non tes que facer algo que non che gusta.
- Tes menos posibilidades de que che volvan a pedir algo que non é correcto.

Inconvintes

Inconvintes de non saber decir NON (e non dicilo) :

- Sínteste moi mal por ter que facer algo que non che gusta. Enfádaste e estás descontento.
- Podes facer cousas que che traian problemas.
- Das unha impresión equivocada aos demais de cómo és ti. Deixas de actuar de xeito auténtico, coas túas propias ideas, e pasas a copiar o que fan os demais.
- Non saberás se os teus amigos son de verdade ou están contigo porque fas o que che din.

Actividades de Reforzo

Escribe en forma de diálogo unha situación na que te negaches a facer algo que non deberías facer e outra na que non te negaches.

6ª SESIÓN: TOMA DE DECISIONS

OBXECTIVO:

- Entrenamento na habilidade social de tomar decisións.

PASOS DA SESIÓN

Saudamos e correximos as tarefas da semana anterior.

Desenvolvemento do esquema da sesión

Introducción

Habitualmente escoitamos frases como: Estou indeciso, non sei que facer . Non sempre é doado saber tomar unha decisión. Ata a decisión mais simple (que roupa poño mañá, que vou a comprar...) resulta complicada para algunha persoa. O problema agudízase cando a decisión ten unhas consecuencias importantes: Elexir os amigos, decidir que vas a estudar...

Os alumnos poñen exemplos de decisións que tomaron onte, a continuación preguntamos:

- Tivestes algunha dificultade para tomar esa decisión? Cales?
- Como te sentías cando intentabas decidirte e non podía?
- Como che afecta, que consecuencias ten para ti o non poder dicidirte?

Instrucións

Existe un método básico para axudarvos a tomar unha decisión e ten cinco pasos:

- 1.- Identificar ben o problema
- 2.- Buscar maior número posible de solucións, aínda que vos parezan absurdas ao principio.
- 3.- Analizar cada unha das solucións posibles vendo ventaxas e inconvintes.
- 4.- Tomar a decisión: Será, claro está, a opción que vos comporte maiores ventaxas e menos inconvintes .
- 5.- E por último, ven o máis difícil: facelo.

Dinámica de grupos.

Os alumnos analizan un caso reunidos en pequenos grupos, para elo terán en conta os cinco pasos anteriores. Ao finalizar corríxense as tarefas en gran grupo.

Ventaxas

A capacidade de tomar decisións rápidas , eficaces e intelixentes traerávos unha serie de vantaxes moi interesantes :

- Non terás a sensación de que te equivocas.
- Axúdache a ser máis eficaz nas situacións sociais.
- Axudarache a non perder o tempo intentando tomar decisións.
- Pode aumentar as posibilidades de que os demais respeten a túa opinión.

Inconvintes

O non ser quen de decidir trae unha serie de inconvintes :

- Podes perder boas oportunidades e experiencias.
- Pode que os demais confíen menos en ti.
- Podes acabar sentándote frustrada.
- Pode que os demais terminen decidindo por ti.

Actividade de Reforzo

Utilizando a ficha de rexistro (Anexo II) analizaremos os pasos que demos á hora de ter que decidirnos por algo .

SESIÓN 6 (Anexo) ACTIVIDADES PARA DESENVOLVER NA CLASE E DURANTE A SEMANA

1.-O meu problema é

.....
.....
.....

2.-Posibles solucións:

.....
.....
.....
.....

3.-Vantaxes:

- 1
- 2
- 3
- 4

5

4.-Inconvintes:

- 1
- 2
- 3
- 4
- 5

5.-Decidín que a mellor solución é:

.....
.....
.....

6.-E vouno facer

7ª SESIÓN: POÑERSE NO LUGAR DO OUTRO

OBXECTIVO:

- Entrenamento na habilidade social de empatizar.

PASOS DA SESIÓN

Saudamos e correximos as tarefas da semana anterior.

Desenvolvemento do esquema da sesión

Proporcionamos as pautas máis utilizadas para ser empático:

- Observa como se sente a persoa e escoita o que di.
 - Os sentimentos se transmiten, non tanto coas palabras, senón co corpo, coa cara e cos xestos.
 - Obsérvaos con sumo coidado e atención o que di e como o di, se desexas identificar o sentimento que che está transmitindo o outro.
- Comprende como se pode estar sentindo (Pensa como se sente tratando de poñerte no seu lugar).
- Demóstralle que comprendes como se sente cos xestos e co corpo:
 - Adopta os comportamentos non verbais semellantes aos do outro.
 - Mantén contacto visual e adopta unha expresión facial apropiada aos sentimentos que transmite a persoa.

- Demóstralle que comprendes como se sinte coas palabras: Role-

- .

Actividades de Reforzo:

Facer un cumprido a un amigo durante esta semana e anota o que che contestou.

8ª SESIÓN: PEDIR DESCULPAS

OBXECTIVO:

- Entrenamento na habilidade de pedir desculpas.

PASOS DA SESIÓN

Saudamos e correximos as tarefas da semana anterior.

Desenvolvemento da sesión

Introducción

Con frecuencia os demais fan cousas que non nos gustan e nos molestan. Moitas veces non nos atravesamos, danos corte, ou non sabemos como decirlles aos demais que nos están molestando sen que por eso se sintan ofendidos. Outras veces somos nos os que molestamos aos demais. Como recibimos as queixas dos demais?. As veces nos demasiado ben, é importante saber recibir queixas dos demais pois axúdanos a entendernos coa xente. Hai que ter en conta que as queixas hai que facelas de xeito considerado e respetuoso.

Instruccións

Pautas para desculpase :

- Pensa en como se pode sentir ou lle puido afectar á outra persoa o que lle fixeches.
- Pensa nas cousas que fixeches polas que tes que desculpate ou responsabilizarte.
- Busca o momento e lugar axeitado para facelo.
- Descúlpate amablemente polo que fixeches en 1ª persoa, e pregúntalle se podes facer algo por el ou por ela para mellorar a situación.
- Pide perdón.

Pautas para dar queixas:

- Elixir o momento adecuado para expresar a queixa
- Dicir por que se está desgustado co outro/a.
- Expresar o que che molestou en 1ª persoa.
- Pedirlle ó outro/a que iso non se repita.
- Non insultar, nin amenazar á outra persoa.
- escoitar a opinión da outra persoa.

Ex: Expresa o que che molestou : "*Fastídiame moito que me volvas o libro manchado*".

Pautas para recibir queixas:

- escoitar a queixa sen interromper.
- Pensar no que teñen razón do que vos dixeron que molesta e dicírllo.
- Aínda que non estés de acordo respecta a súa opinión.
- Expresa a túa intención de que non volverá a ocorrer.

Ex: Fixarte no que lle molesta ao outro: "*Moléstalle que non coides o seu libro*".

Actividades de Reforzo

Escribe unha queixa que fixeras durante a semana e outra que che deron a ti, e que contestaches.

--

Actividades de Reforzo

Escribe unha queixa que fixeras durante a semana e outra que che deron a ti, e que contestaches.

Ventaxas e Inconvintes

- Ventaxas de facer unha queixa constructiva e positiva:

1. Podes mellorar as túas relacións cos demais
2. Permites que os demais saiban que che importan o suficiente como para compartir con eles os teus sentimentos.
3. Algunhas veces podes axudar a facer as cousas mellor e máis seguras para ti e para os demais, por exemplo, expresando unha queixa sobre un mal servizo.

- Ventaxas de escoltar as queixas dos demais:

1. Deixas que saiban que estás interesado no que teñen que decir.
2. Podes coñecer cousas que fas que molestan e así cambialas.

- Inconvintes de non expresar unha queixa:

1. Sentimento de malestar contigo mesmo
2. Enfádaste innecesariamente coa outra persoa
3. Maior cantidade de problemas entre ti e os demais.

- Inconvintes de non escoitar ou non prestar atención às queixas que vos fan :

1. Podes facer que os demais eviten estar contigo
2. Que se enfaden ou se sintan mal porque non lles fas caso.
3. Non te enteras do que lles molesta aos demais.
4. Non melloras a túa forma de comportart

SESIÓN 9: AFRONTAR CONFLICTOS

OBXECTIVO:

- Entrenamento na habilidade de afrontar conflitos

PASOS DA SESIÓN:

Saudar e correxir as tarefas da semana anterior

Desenvolvemento do esquema da sesión:

Introducción

Hoxe imos falar de como a xente resolve os seus problemas. É moi normal que as persoas teñan diferentes opinión e creencias sobre algún tema, ou que existan desacordos ou haxa malentendidos.

Exemplos de situación que poden xerar conflitos:

- Un amigo voso non está dacordo convosco respecto ás regras dun xogo á que estades xogando.
- Vosos pais esperan que estedes na casa una hora antes da que pensades ir.
- Un membro do voso grupo de amigos quere facer una cousa e vos outra.

Estes son problemas que é necesario solucionar tomando acordos conxuntos para que non se convirtan en problemas graves.

- Sabedes poner algún ex. dun conflito que tivérades recentemente cos vosos pais?
- E cos vosos amigos?
- Como o solucionachedes?
- Había outras solucións?

Os problemas poden chegar a solucionarse **ben** ou **mal**

Mal: porque sempre hai un rapaz que lle toca perder, e outro que se pon moi cabezota e quere ter a razón. Porque hai enfados e insultos. Nestas ocasións as simples discusións convértense en problemas máis graves e poden traer consecuencias negativas como perder amigos, facer inimigos ou crear problemas cos adultos.

Ben: Se chega a un acordó e se respectan as dúas partes.

Instruccións:

Para aprender a resolver os conflitos con éxito, debemos seguir unha serie de pasos:

1. Identificar o conflito (que pasa).
2. Coñecer as distintas opinións (saber o que quere o outro e contar o que queres ti).

3. Explicar cada opinión, dar razón de porque queredes facer tal cousa ou porque o fixéchedes.
4. Buscar o maior número de solución.
5. Ver se algunha alternativa satisface ás dúas partes (chegar a un acordo).
6. Se se chega a un acordo conxunto cumplilo e se non hai, cada un fai libremente o que quere, sen enfados.

Modelo

Dous alumnos reproducen a seguinte situación, ex. "Un amigo está enfadado contigo nun partido de baloncesto"

-**Ti**: "Escoita Luis, que che pasa?"

-**L**: "Déixame tranquilo"

-**Ti**: "Non sei que che pasa"

-**L**: "Eres un tramposo, na outra xogada fixéchesme falta e seguiches xogando como si nada".

-**Ti**: "Eu creo que fumos os dous polo balón e chocamos, non o fixen con mala idea".

-**L**: "A min pareceume falta".

-**Ti**: "Cando sexa así dimo no momento e se non está claro se é falta ou non, facemos un saque neutral, dacordo?".

-**L**: "Paréceme ben".

Tareas para clase:

A continuación e antes de pasar o role-playing, repártese una tarxeta a cada neno para que cando os seus compañeiros fagan a representación se fixen nos seguintes aspectos:

- Se se identifica o problema.
- Que opinións hai.
- Que explicacións se dan.
- Se buscan distintas alternativas.
- Se se chega a un acordo.
- Se se cumpre un acordo.
- Linguaxe non verbal: tono de voz, mirada, posición, xestos...

Role-playing (por parellas)

Escenifican distintas situacións nas que tiveran algún conflito. No caso de que non houbera propoñemos as seguintes:

Situación 1: É sábado pola tarde e ti queres ir xogar un partido de fútbol cos teus amigos e os teus pais queren que estudes esa tarde.

Situación 2: Estades organizando 3 amigos/as una saída ao cine e non vos podes dacordo en que película ver.

Vantaxes e inconvintes:

Vantaxes:

1. Solucionar problemas que xurdan entre ti e os demais
2. Resolver problemas sen poner en perigo a vosa amizade.
3. Comprender mellor aos demais.
4. Facer que os outros te comprendan mellor.
5. Facer que os demais saiban que eres tolerante, repetuoso e imparcial.
6. Que os demais te respecten máis.

Inconvintes:

1. Atoparse implicado en máis discusións, deacordos e pelexas.
2. Manter aos amigos.
3. Pode resultar difícil conxeniarse cos compañeiros, familia...
4. Pode que os pequenos problemas se convertan en grandes.
5. Pode que os demais te respecten menos.

Actividades de Reforzo

Utilizando a ficha de rexistro (Anexo III) analizaremos os pasos que demos á hora de resolver un conflito.

SESIÓN 9

ACTIVIDADES PARA DESENVOLVER NA CLASE E DURANTE A SEMANA

1.-O meu problema

é:.....
.....
.....

2.-Posibles solucións:

.....
.....
.....
.....

3.-Vantaxes:

- 1
- 2
- 3
- 4
- 5

4.-Inconvintes:

- 1
- 2
- 3
- 4
- 5

5.-Decidín que a mellor solución é:

.....
.....
.....

6.-E vouno facer

VI. AVALIACIÓN

O obxectivo da avaliación é coñecer de forma máis obxectiva cómo son os nosos alumnos e ver se experimentaron algún cambio no seu comportamento tras a aplicación do programa Farase unha avaliación inicial utilizando distintas técnicas: observación natural, e cuestionarios de habilidades. Ao finalizar a implementación do programa faremos unha análise dos cambios experimentados polo alumno tanto a nivel conductual , cognitivo como emocional e a súa repercusión no grupo clase.

PROGRAMA III.- DE EDUCACIÓN PARA A TOLERANCIA E RESPETO POLAS DIFERENTES CULTURAS .

Persoas destinatarias: ALUMNAS E ALUMNOS DA E.S.O.
(especialmente de Etnia Xitana atendidas polo D.O)

OBXECTIVOS:

Facer unha análise comparativa dos roles que lle asignamos a personas de diferentes culturas.

Reflexionar acerca da irracionaldade dos nosos estereotipos e prexuízos.

Crear actitudes de rechazo cara a discriminación de calquera tipo.

Desenvolver actitudes de tolerancia e de aceptación da diferenza e de outros puntos de vista.

Recoñecer o dereito á igualdade de oportunidades e a necesidade de facer compatible dito dereito co dereito a ser diferente, o dereito á propia identidade(étnica, cultural, sexual.)

CONTIDOS:

Diferencia entre cultura e etnia.

Convivencia de varias culturas no mesmo lugar (situación cando unha cultura minoritaria convive con unha maioritaria.

Historia do POVO XITANO.

Os xitanos de hoxe.

A lei xitana.

Lingua xitana (características do castelán).

Discriminación.

Racismo.

ACTIVIDADES

Prantexamos 4 ámbitos de traballo:

1. Desinhibición e coñecemento. Xogos de presentación
2. Coñecemento dun mesmo e das demais persoas do seu grupo aula.
3. Actividades que provoquen a reflexión e consecuencias de respecto polas normas de convivencia do propio grupo no que estamos inmersos.
4. Coñecer e comprender unha cultura e forma de vivir que comparte territorio coa nosa. A cultura xitana .

Para traballar estes aspectos coas actividades debemos ter en conta:

- *Favorecer a participación libre e espontánea de tódolos participantes. Non censurar ningún tipo de comentario. Se partimos do coñecemento de nós mesmos e dos demais chegamos máis fácil á tolerancia e aceptación dos que nos rodean.*

DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES

Primeira sesión : Introducción: Activar esquemas e interrogantes previos , a través de preguntas que reflexen o descoñecemento que soemos ter da principal minoría étnica existente no noso país e que os propios alumnos estimulen unha aprendizaxe máis significativo no resto das actividades .

Para elo convén prantexar as seguintes cuestións en relación ao povo xitano:

1. ¿ Cando chegou a España?
2. ¿ De onde procede?
3. ¿ Cantos xitanos hai en España?
4. ¿ Hai xitanos fora de España?
5. ¿ Cales son os principais valores do povo xitano?
6. ¿Cáles son os seus problemas máis importantes?
7. ¿Cómo contribuíu o povo xitano á riqueza cultural do noso país?

Segunda sesión : Análise do povo xitano dende distintas perspectivas : Linguaxe, Literatura, Historia.

Terceira Sesión : Discusión entre compañeiros sobre a Historia e situación actual do povo Xitano. (Material recollido do SECRETARIADO XITANO).

Cuarta Sesión : Investigación cooperativa sobre diversos temas relacionados coa historia e cultura do povo xitano , como por exemplo:

- Situación actual: As novas xeneracións.
- Traballo, costumes e valores.
- Arte: *El cante flamento*
- Historia, Lingua

Despois de traballar todos estes conceptos empezaremos a traballar aspectos da súa aula como:

- 1.-Comentario das normas existentes no centro : RRI , LEI DE CONVIVENCIA
- 2.-Remuíño de ideas sobre conceptos coma: tolerancia, convivencia, norma, respecto e cumprimento, consenso.
- 3.-Reflexión individual : cada alumno escribe 10 normas que cre necesarias para un bo entendemento entre todos/as: profesores e alumnos e alumnas.
- 4.-Lectura en voz alta das normas de cada un dos alumnos e alumnas.

METODOLOXÍA:

Despois de coordinarnos cos titores dos alumnos e alumnas coas que estamos intervindo valoraremos a posibilidade e o interese de estender estas actividades ao gran grupo.

Podemos traballar estes aspectos primeiramente a nivel individual ou en pequeno grupo e logo pasaremos ao traballo en gran grupo. Nestas actividades é importante chegar a un consenso polo tanto débese favorecer o diálogo e a discusión durante todo o curso.

O programa implementarase de forma interdisciplinar na que aproveitaremos o material para a realización de técnicas de estudo, enriquecemento de vocabulario, pensamento reflexivo, modificación de certas condutas como : absentismo, respecto polas normas do centro e da aula, puntualidade..

AVALIACIÓN

Avaliarase o programa de intervención seguindo unha serie de indicadores tales como: se os obxectivos son axeitados as necesidades dos alumnos/as e do centro. Se as actividades e a metodoloxía empregada son motivadoras e participativas. Se os recursos foron debidamente organizados e aproveitados.

FONTE E MATERIAIS

- Unidade Municipal de Atención a Drogodependientes (U.M.A.D) Santiago de Compostela.
- Materiales complementarios seleccionados por M^a JOSÉ DÍAZ-AGUADO no PROGRAMAS DE EDUCACIÓN PARA LA TOLERANCIA Y PREVENCIÓN DE LA VIOLENCIA EN LOS JÓVENES- MINISTERIO DE TRABAJO Y ASUNTOS SOCIALES, INSTITUTO DE LA JUVENTUD 1996.
- Fundación Secretariado General Gitano: Programa para traballar la tolerancia y el respeto a la diversidade en Educación Secundaria Obligatoria. Madrid 1997

PROGRAMA IV

Programa de Intervención para a mellora do

Déficit de Atención con Hiperactividade .

ÍNDICE:

- 1.-Obxectivos**
- 2.-Actuacións: Ámbito Familiar- Ámbito Escolar.**
- 3.- Pautas.**
- 4.- Metodoloxía.**
- 5.- Avaliación.**
- 6.- Bibliografía.**

1.-OBXECTIVOS:

- Fomentar a conduta reflexiva e a autoavaliación xeral do seu comportamento, para o que empregaremos algunhas técnicas de autocontrol como: A tartaruga, Párate e pensa.
- Aprender de forma axeitada as consecuencias dos éxitos ou os fracasos.
- Ser capaz de utilizar as autoinstrucciones ou linguaxe interna para aprender a pensar. Estas técnicas serve para diminuír esta impulsividade cognitiva e para mellorar a calidade de vida do neno
- Reforzar a autoestima
- Favorecer a autonomía persoal do neno (Debemos recordar que é mellor simplificar o traballo para que se poida executar autonomamente que facelo máis complicado e ter que dar demasiadas axudas. Co tempo o neno que traballa con autonomía aprende mellor.)
- Favorecer o contacto controlado cos demais nenos/ás.
- Mellorar o proceso académico.

2.-ACTUACIÓNS PARA CONSEGUIR OS OBXECTIVOS ANTERIORES

A. - NO ÁMBITO FAMILIAR: Ter en conta a importancia da coordinación entre todas as persoas que interveñen co alumno/a

- ❖ Existencia dunha disciplina ben entendida (non demasiado esixentes pero tampouco permitir que o neno faga o que queira). Debemos ser firmes e dialogantes. É importante que o neno aprenda:
7.2-Sensibilización ao alumnado:Cando o servizo de mediación non está institucionalizado no centro,o labor do Departamento de Orientación, do profesorado responsable das titorías e do equipo responsable da mediación é encomiable e fundamental.A través das sesións de titoría pódense establecer os primeiros contactos do alumnado co tema. Neste punto, a función será tanto informativa coma formativa.

O Noso obxectivo é dobre: que o alumnado se familiarice co servizo e espertar interese entreaquellos e aquelas que poidan constituír as futuras candidaturas a alumnado mediador. É aconsellable tratar o tema da mediación nas reunións de delegados e delegadas. Estas medidas están contempladas no cuarto punto do Plan de Convivencia do noso centro.

A continuación, describense as ferramentas que utilizamos para a análise da conflictividade escolar:

Cuestionarios ao alumnado:

1.-Que tipo de conflictos é máis frecuentes entre os teus compañeiros e compañeiras?

- Insultos , ofensas
- Malentendidos
- Agresión física leve
- Agresión física grave

2.-Onde ocorren os conflitos

- Na saída ou entrada
- Na clase
- Nos cambios de clase
- No recreo
- Nos baños
- Fora do centro

3.-¿Qué fas para resolver un conflito cun compañeiro ou compañeira

- Recurrir a un amigo-a
- Recurrir a un profesor-a
- Recurrir á túa familia
- Pelexar
- Dialogar con el ela
- Pasar del- dela
- Outras

8.-FASES DA IMPLANTACIÓN DO SERVICIO DE MEDIACIÓN ESCOLAR

Presentamos a continuación unha tabOa de utilidade para a redacción dun protocolo de mediación

	QUEN	CANDO	ONDE	cÓMO	MATERIAIS
Xurde o confl ito	Entre os alumnos- as		No centro educati vo (aula , corredor, recreo) ou fora del pero que afecta á vida do centro		

Solicita o servizo	Toda a comunidade educativa pode propoñer	sempre	No Departamento de Orientación	Cubriendo unha solicitude	Ficha de solicitude
Proceso de mediación	Alumnado mediador e alumnado en conflito	Nos recreos	Na aula de mediación	Según as fases e os principios da mediación	Rexistro de mediación
Revisión dos acordos	As persoas mediadoras coas partes en conflito	Según se establece o acordo	Na aula de mediación		Rexistro de compromiso
Coordinación e seguimento do proceso de mediación	Os mediadores e mediadoras coa persoa coordinadora do programa	Reunión de mediación	Na aula de mediación ou espacio alternativo	Revisión, análise e debate dos casos	Autoavaliación dos mediados

Nun principio é normal que poucos alumnos-as soliciten de maneira voluntaria a mediación como modo de afrontar os conflitos.

Normalmente nos centros é o alumnado que está involucrado nun conflito recorre a xefatura de estudos, ao seu titor-a ou aos departamentos de orientación para intentar solucionar as diferenzas. Polo tanto nos comezos da mediación serán xefatura de estudos, departamento de orientación e profesores tutores-as quen suxiran ou deriven aos alumnos e alumnas cara o servizo de mediación.

Cando o sistema adquiere dinamismo, se interioriza, se oen experiencias exitosas, é o propio alumnado quen toma o relevo.

8.1- SELECCIÓN DO ALUMNADO MEDIADOR

É aconsellable que o alumnado mediador teña ou desenvolva ao longo do programa unha serie de cualidades:

- . Ser sensible ante os conflitos dos demais e ter unha actitude activa e positiva ante eles.
- . Percibir estas situacións como unha oportunidade de aprendizaxe.
- . Saber escoitar activamente.
- . Ter empatía.
- . Comprometerse a respectar a confidencialidade e neutralidade na xestión do conflito..
- . Recoñecer, comprender e expresar emocións coordinando mensaxes verbais e non verbais (expresión corporal, mirar aos ollos, xesticular, asentir...)..
- . Ter liderado positivo no grupo..
- . Ser creativo na busca de solucións, motivando as partes para o cambio.
- . Ter capacidade para soportar situacións de tensión emocional.

8.2-CONTIDOS QUE SE TRATARÁN COS ALUMNOS MEDIADORES

Basicamente os contidos da formación serán os seguintes:

1. Introducción ao conflito:

- 1.1. Que é un conflito? Educar no conflito
- 1.2. Estilos de afrontamento do conflito: agresivo, asertivo e pasivo.
- 1.3. Tipos de conflitos.
- 1.4. Percepcións.

2. Habilidades de comunicación.

- 2.1. Concepto de comunicación.
- 2.2. Obstáculos para una comunicación eficaz.
- 2.3. Tipos de comunicación:
 - 2.3.1. Comunicación verbal.
 - 2.3.2. Comunicación no verbal: espacios, postura, orientación, tono y volumen de voz, xestos..
- 2.4. A escoita activa.
- 2.5. As mensaxes en primeira persona.
- 2.6. Asertividade.

3. Expresión de emocións e sentimentos.

4. Habilidades socioafectivas.

5. Que é a mediación? Figura do mediador: funcións e compromisos.

6. Proceso de mediación e os seus fases.

7. Mediación en acción: protocolo de actuación

9.- METODOLOXÍA DE TRABALLO

Os contidos se trasmiten a través das seguintes técnicas:

- . Dinámicas para constituír grupo: de presentación, de coñecemento e de cohesión dos grupos.
- . Outras dinámicas de grupos: chuvia de ideas, traballo en pequenos grupos, posta en común, elaboración de conclusións, etc.
- . Actividades de cooperación.. Creación e elaboración dos seus propios materiais: carteis, logos, lemas, solicitudes, dípticos, contos...
- . Simulacros ou dramatizacións.

10.-FUNCIÓNS DA PERSOA COORDINADORA

- . Coordinar e dinamizar o servizo de mediación..
- . Programar e impulsar a formación continua do alumnado..
- . Xestionar o programa de sensibilización..
- . Fomentar a cohesión de grupo do equipo de mediación..
- . Coordinarse cos responsables da convivencia escolar..
- . Responsabilizarse da avaliación continua do servizo, informar periodicamente aos órganos de xestión e participación do centro.

. Dirixir as reunións de seguimento

Estas reunións serán semanais e a súa periodicidade debe respectarse tanto se hai temas relevantes que tratar como se non, xa que fomentar a cohesión do grupo é fundamental para o éxito do programa.

Por outro lado, estas reunións supoñen unha continuación da formación. A evolución do alumnado, a súa madurez para solucionar conflitos e afrontarse a eles vense reflexados nestas sesións. Son, ademais, o momento e o lugar para compartir experiencias, para consultar dúbidas, para sentirse arroupado e arroupada, e -como non- para formular casos que poidan derivar en conflitos

. Compártense tamén medos e inseguridades, pero tamén se buscan solucións, intercámbianse estratexias; anímase e valórase a boa evolución do equipo.

Estas reunións están enfocadas a:

1. Realizar o seguimento exhaustivo dos casos que xorden, así como a mellorar a organización do servizo. É unha oportunidade única de formación baseada na experiencia e na reflexión, apoiándonos no contrato de confidencialidade que nos permite compartir as vivencias en cada un dos procesos de mediación e buscar solucións entre todos e todas ás dificultades encontradas.
2. Crear e fomentar a cohesión no grupo e un bo clima de traballo coa finalidade que funcione ben no seu conxunto.

3. Continuar coa formación do alumnado mediador: aproveitamos este momento para recordar a teoría tratada pero esta vez baseándonos nunha realidade vivida. Así, os contidos fanse máis reais para o alumnado, interiorízaos moito mellor. É un complemento necesario para a súa formación teórica inicial.
4. Adestrar na observación dos conflitos: o alumnado mediador aprende a sersensible ante os conflitos, aprende a identificalos e detectalos. Comprométese dende un principio a non ter unha actitude pasiva.
5. Fomentar a función "denuncia". Non se trata de crear un grupo de "acusons profesionais", senón que o alumnado mediador se compromete coa mellora da convivencia, e iso pasa por observar, e tamén por denunciar e neutralizar estas situacións.
6. Adaptar os materiais de formación ao seu xeito de expresarse, achegar outros puntos de vista, facilitar novas ideas e mesmo propoñer cambios.
7. Crear materiais para a divulgación do servizo de mediación. O mesmo alumnado diseña os seus carteis cunha linguaxe propia, cun ton próximo, de confianza e cunha creatividade inmellorable. Ensinar o que fan e verse reflexados polos corredores en forma de carteis, chamamentos, murais, etc., é moi motivador para eles.
8. Planificar e participar tanto en actividades relacionadas coa mediación, como naquelas relacionadas coa convivencia do centro, por exemplo, celebración do "Día da Paz", "Día da muller", "Día dos dereitos humanos", "Día dos dereitos da infancia"...

11.- AVALIACIÓN

Apostamos por unha avaliación continua, centrada no proceso e na que haxan participado todos os axentes involucrados no programa.

É importante que se valoren non só datos cuantitativos, senón tamén os resultados cualitativos que revelen os cambios de actitudes ou a concienciación da comunidade educativa, así como o impacto que a longo prazo causase a cultura da mediación no ámbito educativo.

Recolleremos algúns **indicadores** e ferramentas que poden servir para deseñar o plan de avaliación:

- Número de alumnado e profesorado que solicita entrar no equipo de mediación.
- Número de solicitudes de mediación..
- Sectores da comunidade educativa que derivan casos de mediación.. Cursos/grupos que solicitan o servizo..
- Grao de implicación e concienciación da comunidade educativa ante o proxecto.. Número de alumnado que comeza e que finaliza no grupo de mediación
- Grao de satisfacción do alumnado que participa no programa.
- Grao de satisfacción do alumnado mediado..

- Número de mediacións resoltas satisfactoriamente.
- Cumprimento dos acordos.
- Grao de coñecemento, implicación e satisfacción da comunidade educativa.. Aproveitamento dos recursos (materiais, humanos e organizativos).
- Asistencia e grao de implicación dos asistentes ás reunións de seguimento.. Grao de consecución dos obxectivos.
- Calidade e funcionalidade dos materiais elaborados.

Momentos da avaliación:

Inicialmente	Análise da convivencia: cuestionarios, análise dos partes de conduta, observación directa.
Procesualmente	Observación directa. - Rexistro de asistencia ás reunións semanais de coordinación.. - Estatísticos da conflictividade. - Comentarios recollidos nas actas e memorias de CCPs, claustros, consellos escolares, equipos educativos. - Rexistros de avaliación do proceso. Portfolio
Finalmente	Cuestionarios. - Enquisas. - Observación directa. - Rexistros de avaliación. - Comentarios recollidos nas actas e memorias de CCPs, claustros, consellos escolares, equipos educativos. Na memoria final farase constar: . Obxectivos alcanzados. .Dificultades encontradas e - Propostas de mellora. "O éxito da mediación non debe medirse polo número de acordos conseguidos, senón polas repercusións emocionais que o proceso produce nas partes"

12.-Bibliografía

- VV.AA. (2005): "La mediación escolar: una estrategia para abordar el conflicto". Barcelona. Editorial GRAÓ.
- VIÑAS CIRERA, J. (2004): "Conflictos en los centros educativos. Cultura organizativa y mediación para la convivencia". Barcelona. Editorial GRAÓ.
- TORREGO, JUAN CARLOS (coordinador) (2000): "Mediación de conflictos en instituciones educativas. Manual para la formación de mediadores". Madrid. Editorial Narcea.
- JARES, X. (2001): "Aprender a convivir". Vigo. Ed. Xerais.

- JARES, X. (2001): "Educación y conflicto. Guía de educación para la convivencia". Ed. Popular.
- GOLEMAN, D. (1996): "Inteligencia emocional". Barcelona. Editorial Kainós.
- MORENO, M. y SASTRE, J.M. (2003): "Resolución de conflictos y aprendizaje emocional. Una perspectiva de género". Barcelona. Editorial Gedisa.
- AVILÉS MARTÍNEZ, J.M. (2003): "Bullying. Intimidación y maltrato entre el alumnado". Bilbao. Editorial STEE-EILAS.
- XUNTA DE GALICIA: "Maltrato entre iguales".
- Díaz -Aguado María José.
"Prevención de la violencia y lucha contra la exclusión desde la adolescencia".
Ed. INJUVE (Instituto de la Juventud), 2004.


PROGRAMA VII

TITORÍA ENTRE IGUAIS

O ALUMNO TITOR



DE TI DEPENDE A CONVIVENCIA POSITIVA



ÍNDICE:

- 1.- Introducción
- 2.-Titoría entre iguales
 - 2.1.- Obxectivos xerais
 - 2.2.- Obxectivos específicos
 - 2.3.- Implicacións
 - 2.4.- Secuenciación do proceso
 - a) Asignación de titores /titorandos
 - b) Actividades Cooperativas
 - c) Temporalización das titorías
 - d) Temporalización do Proceso

2.5.- Avaliación do Programa

2.6.- Propostas de mellora.

2.7.- Bibliografía

2.8.- Anexos

INTRODUCCIÓN

No curso 2019-20, seguiremos aplicando dentro do plan de mellora da acción tutorial O PROGRAMA DE TITORÍA entre iguais a través do cal alumnado voluntario de 2º/3º de ESO tutelan a alumnado de 1º de ESO que responde a un perfil previamente definido e que son seleccionados polos seus tutores, coordinados por Xefatura de Estudos. Con esta actuación, imos incorporar "O Alumno-Titor" tanto ao Plan de Acción Tutorial como ao Plan de Convivencia do Centro. As familias destes alumnos deben dar o seu consentimento.

A tutoría entre iguais trata de crear un grupo de alumnos que tras recibir unha formación en técnicas de escoita activa e desenvolvemento da empatía e resolución de problemas axuda aos seus compañeiros en situación de indefensión, confusión, dificultades académicas e dificultade de relación cos seus iguais. É unha proposta multidimensional que inclúe actividades de grupo clase e intervencións individuais.

O OBXECTIVO XERAL DO PROGRAMA é **mellorar a integración escolar e traballar pola cultura da non exclusión e a non violencia, fomentando que as relacións entre iguais sexan máis satisfactorias.**

Outros dous grandes obxectivos desta actuación son:

1. Mellorar a adaptación inicial do alumnado de 1º de ESO ao novo centro educativo.

2. Fomentar a responsabilidade do alumnado de 4º diso como axentes da acción tutorial sobre os seus compañeiros de 1º de ESO.

Deste xeito, potenciamos no alumnado a competencia básica social e cidadá e a competencia de adquisición de autonomía e iniciativa persoal. Igualmente, contribúese a mellóraa da convivencia no centro. A convivencia debe de converterse nun clima, nun ambiente, nunha atmosfera que se respira no Centro Educativo.

FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA E CONTEXTO DE CENTRO.

A tutoría entre alumnos é froito de correntes pedagógicas baseadas na aprendizaxe individualizada mediante alumnos/as colaboradores e o adestramento destes. Seguindo a Parrilla (1992), podemos falar de distintas estratexias de aprendizaxe,

dentro das cales contempla as tutorías e realiza a seguinte precisión:

1.- A tutoría entre iguais: é unha estratexia que trata de adaptarse ás diferenzas individuais en base a unha relación entre os participantes. Adoitan ser dous compañeiros da mesma clase e idade, un dos cales fai o papel de titor e o outro de alumno. O titor ensina e o alumno aprende.

2.- Tutoría entre compañeiros de distinta idade: é unha variante da tutoría entre iguais. É condición indispensable que exista diferenza de idade entre o titor e o seu alumno, e que a axuda ocorra invariablemente en forma de interacción diádica.

Nós, no noso plan de mellora, referímonos ao segundo grupo definido por Parrilla: Tutorías entre compañeiros de distinta idade.

Consideramos, seguindo a David Durán, que "A tutoría entre iguais" é unha estratexia que aproveita pedagógicamente as diferenzas entre os alumnos e permítenos ver a diversidade non como un problema senón como un recurso.

Na actualidade atopamos referencias e apuntas en diferentes revistas pedagóxicas: Educar, Cadernos de Pedagogía, ... A maioría das experiencias recolleitas refírense ao primeiro grupo de tutorías de iguais definido por Parrilla. Parécenos interesante outras experiencias na que alumnos de 3º e 4º ESO tutelan a compañeiros máis pequenos.

O noso centro educativo goza da peculiaridade de ser acolledor de múltiples tipoloxías de alumnado. Na última revisión do noso Proxecto Educativo apostamos por introducir medidas organizativas e pedagóxicas que dean resposta a todo tipo de alumnado e que favorezan o desenvolvemento integral da persoa. Extraer o máximo potencial do noso alumnado éo noso reto, a nosa filosofía a cultura de máximos fronte aos mínimos e a pedagogía do éxito fronte ao fracaso. É dicir, destacamos, fundamentalmente, o traballo ben feito fronte á apatía e a cultura do non esforzo, as actitudes e valores prol-sociais fronte á violencia como forma de resolver o conflito. Sabemos que son retos ambiciosos e somos conscientes de que os cambios realízanse aos poucos e é por iso que nos aventuramos a realizar este plan de mellora coa finalidade de incluír ao alumnado como parte activa do seu proceso de ensino e aprendizaxe, dotándolle dos recursos necesarios a través destas tutorías individualizadas.

Partimos dunhas necesidades atopadas no noso centro educativo: o alumnado actual é froito dos actuais cambios sociais, novas modalidades de estrutura familiar, novas xeracións de acceso á información (moita información pero sen filtros nin canles para extraer a máis veraz), influencia dos medios de comunicación,

novas canles de aprendizaxe, menores máis protexidos e menos autónomos, ... Todo iso repercute na construción dunha identidade que en ocasións se atopa desorientada en canto ás actitudes, valores, normas, organización e hábitos. O noso alumnado goza en ocasións de menos autonomía e madurez para afrontar eses cambios. Un momento crave é o paso de primaria a secundaria, onde a todo o anterior súmaselle un novo escenario con novas relacións, espazos, niveis de referencia. É neste contexto onde habemos de ensinar a tomar decisións e creemos que a tutoría entre compañeiros pode contribuír a iso.

Dentro do marco do Plan de Acción Tutorial, o noso Plan de Mellora diríxese ao ámbito do asesoramiento persoal. Esta nova dimensión da tutoría centra o protagonismo na figura do compañeiro-tutor -no noso caso alumnado de 2º/3º ESO- que nalgunhas horas libres acompañará e guiará ao alumnado receptor de 1º ESO. O punto forte desta relación é o nivel de comunicación e grado de empatía que se logra entre compañeiros. Os mentores xogan o papel de intermediarios e valedores do alumno que teñen ao seu cargo. Ademais, contribuír a desenvolver, entre outros, o objetivo do noso Plan de Acción Tutorial referido ao auto-coñecemento e á elaboración dun concepto positivo de si mesmos.

Partimos do modelo de persoa que desexamos promover no alumnado e a partir de aí definir que é o que se quere conseguir, que valores son os máis importantes, que habilidades e actitudes quérense traballar e que coñecementos son básicos neste proceso.

Nos documentos básicos do centro:, Proxecto Educativo de Centro, RRI, Plan de convivencia... queda determinado que queremos educar persoas:

- Que sexan autónomas: que se coñezan, que se estimen, con capacidade de decisión, autocontrol e esforzo.
- Que sexan capaces de valorar o esforzo e teñan interese polo traballo ben feito.
- Que alcancen valores (esforzo, constancia, interese, apertura, sensibilidade) que potencien o seu sentido de responsabilidade, a través da reflexión e o diálogo.
- Que baseen as súas relacións cos demais no respecto, a dignidade da persoa, a integración dos diferentes e a igualdade real entre homes e mulleres.
- Que saiban desenvolver actitudes de empatía, compaixón e perdón nas súas relacións.
- Que desenvolvan todas as súas intelixencias incluíndo a intelixencia social, emocional e espiritual.

A tutoría entre iguais céntrase en dotar aos alumnos de actitudes prosociales nas interaccións ademais de adestrarlles en habilidades de comunicación e de escoita que lles facilita a axuda a alumnos en situación de conflito. Están baseados no

fomento do proceso natural de responsabilidade cara a outros, de desenvolver a empatía e o apoio emocional que os mozos e mozas mostran espontaneamente nteraccións cotiás.

3. Obxectivos Específicos

1. Sensibilizar e cohesionar á comunidade educativa do centro en torno a un clima de convivencia positivo.
2. Desenvolver a intervención dos iguais no proceso formativo dos alumnos.
3. Sensibilizar, formar e implicar aos alumnos na xeración e mantemento dunhas normas de convivencia que faciliten a integración e benestar de todos os alumnos do centro.
4. Crear un referente, (titor-a), para favorecer a autoestima e diminuír a inseguridade ante situacións de conflitos entre iguais.
5. Compensar o desequilibrio de poder e forzas propias dun conflito entre iguais, desde unha perspectiva preventiva e disuasoria.
6. Integrar a "tolerancia cero á violencia" como un trazo de identidade do centro.

5. DESENVOLVEMENTO

1. PUNTO DE PARTIDA.

Movidos pola inquietude que causa nos centros de Secundaria o proceso de adaptación que vive o alumnado de 1º de ESO na súa transición desde Primaria, plantexámosnos que podiamos facer para mitigar os seus problemas de adaptación a esta nova etapa educativa e para dar algunha solución ás consecuencias derivadas de devanditos problemas: baixo rendemento académico, illamento, desmotivación, mal comportamento no aula.

Ademais das medidas ordinarias que o Plan de Acción Tutorial contempla, ideamos unha estratexia nova de apoio ao mesmo. Pensamos que a tutoría entre compañeiros, sendo titores alumnos voluntarios e alumnas voluntarias de entre o alumnado de maior idade da etapa e, xa que logo, e por experiencia do Centro noutros programas, podería resultar unha práctica positiva en sentido bi-direccional. O alumnado de 1º de ESO beneficiaríase da madurez e experiencia dos seus titores, mentres que o alumnado de 3º/ 4º de ESO beneficiaríase do seu propio exercicio de responsabilidade no traballo cos seus compañeiros tutorandos. Descartamos ofrecerllo ao alumnado de 1º porque este curso recibe alumnos novos de centros diversos que se incorporan á nova etapa e 2º de Bachillerato por razóns obvias

de falta de tempo deste alumnado nun curso decisivo do final dos seus estudos no Instituto.

2. PLANIFICACIÓN E POSTA EN MARCHA.

En primeiro lugar, haberá que definir claramente o **perfil do alumnado de 1º de ESO** idóneo para recibir esta atención específica. Terían que cumprir unha das seguintes características: ir mal nos estudos, estar desmotivados, presentar unha deficiente organización das súas tarefas e materiais, ter un nivel de atención en clase irregular, estar illados do grupo, manifestar un ritmo de aprendizaxe diferente segundo a materia.

Seguidamente, definimos as que debían ser as **pautas de intervención dos voluntarios**: traballar a adaptación do seu tutorando ao Centro, revisar con el o seu horario e os posibles problemas co profesorado do grupo, reaxustar a súa adaptación aos espazos do Centro, traballar coa axenda, tratar das súas relacións sociais, traballar as relacións cos profesores e as materias, actuar de intermediario con Xefatura de Estudos, titor ou titora e Orientación.

Finalmente, estableceremos a **secuencia de actuacións** que imos seguir:

1º. Convocar a todo o alumnado de 3º E 4º de ESO para informarlles do Plan de Mellora e pedir voluntarios. Entregaráselles un contrato que deberían asinar. (ANEXO II)

2º. Elaborar unha Ficha de Seguimiento para que poidan rexistrar as súas actuacións. (ANEXOS IV E V)

3º. Seleccionar ao alumnado de 1º de ESO durante as reunións de Orientación e Xefatura de Estudos cos titores.

4º. Convocar ás familias (ANEXO I) do alumnado seleccionado para informarlles e pedir a súa autorización (ANEXO III).

5º. Organizar as parellas de titor-tutorando e fixar a primeira reunión para realizar unha dinámica de presentación e coñecemento inicial mutuo.

6º. Posta en marcha e seguimento.

7º. Avaliación do Plan de Mellora (ANEXO VII).

8º. Entrega de Diplomas e Merenda de convivencia (se se estima convinte).



4.- TAREFAS DOS TITORES/as

- Dar a coñecer a cultura do centro
- Ser o referente do alumno no centro
- Dar exemplo co seu comportamento
- escoitar atentamente ao alumno titorado
- Non utilizar a violencia para resolver os conflitos.
- Aportar madurez e sentido común.
- Actuar de forma preventiva e non como un guardaespaldas.
- A súa principal tarefa é PREVER A VIOLENCIA ESCOLAR. Ofrecer soporte, compañía e amizade.



O ALUMNO- TITOR

Aquí veñen reflectidas algunhas ideas que podedes traballar se non se vos ocorre ningunha:

Como che imaxinas a túa vida e o teu futuro nos próximos 10 anos?

Que actividades son as que máis che apaixonan na vida?

Algunha vez pensaches en facer algo e logo non o fixeches?

Que forma tes de relacionarche coas persoas que che rodean?

De que maneira fas as cousas de cada día? Cando fas algo que non está ben ou deixas de facer algo que deberías facer. Que escusa pos?

Que temas ou cousas tes sobre os que nunca falas nin falarías?

TEMPORALIZACIÓN E AVALIACIÓN:

INICIAL 1º TRIMESTRE- ANÁLISE DE NECESIDADES

Durante o primeiro trimestre farase a selección de alumnos de primeiro que precisen intervir no programa como titorandos para analizar entre os titores , a xefa de estudos e a orientadora , as necesidades mais detacables.

Paralelamente falaremos cos alumnos e alumnas para expouer os obxectivos do programa, os aspectos de información e de formación mais salientables, realización do listado de voluntarios e acordar con eses voluntarios sobre cando se pode realizar a actividade con eles, propoñeremos 1 recreo semanal no 1º trimestre.

Aos pais dos alumnos que participen no programa se lles comunicará os aspectos detallados do programa a través dunha reunión ou por carta que se enviará a través dos seus fillos.

Durante este proceso, de aplicación do proxecto, realizarase a asignación de titores aos alumnos de 1º de ESO e levarán a cabo diferentes actuacións, baseadas nas titorías formais e informais que os alumnos manterán entre eles e co coordinador/a. O programa pon moita énfase nas titorías informais, é dicir, aquelas que se realicen nas horas do recreo, ao saír de clase, nos corredores, etc. considerándoas clave para conseguir os obxectivos que nos expuxemos.

Así mesmo, as titorías formais pasan a ser unha ferramenta para encamiñar e dirixir o proceso, para resolver calquera dúbida ou discrepancia que poida xurdir e para facer a avaliación do

alumnado. Unha vez finalizado o proceso de tutorización, os alumnos tutores recibirán un diploma que acredite a súa participación no proxecto.

Os equipos docentes 1º de ESO, fan unha valoración de necesidades (1-2-3) dos alumnos. sendo o 1 aqueles que teñen poucas necesidades, son pouco vulnerables a situacións conflitivas e de acoso escolar e 3 para os que teñen historial de conflitos ou con alto nivel de ser obxecto de bullying.

Os equipos docentes de 2ºe 3º de ESO fan a mesma valoración entre os seus alumnos (1-2-3) con respecto ás competencias de axuda ou soporte para ser tutores, no que o 1 é baixo e o 3 corresponde a alumnado de altas competencias como titor.

Unha vez asignadas as valoracións, o coordinador e unha persoa do equipo directivo realizan a asignación de tutores casando as necesidades altas, con competencia altas (3), as baixas coas baixas (1) e os intermedios cos seus pares (2).

Segundo trimestre- APLICACIÓN DE TODAS AS PROPOSTAS CONSENSUADAS NO PRIMEIRO TRIMESTRE. Completaremos a ficha de seguemento para ver aqueles aspectos que van funcionando e aqueles que é preciso ir modificando . Nas reunión cos tutores dos grupos iremos vendo tamén os aspectos que é preciso modificar, a idoneidade do programa en canto a aspectos de horario, número de voluntarios, tempo dedicado, temas abordados, obxectivos perseguidos É dicir, se o diseño e o desenvolvemento segue as liñas establecidas no programa, tamén valoraremos os cambios apreciados nos alumnos tutorados : en canto a rendemento, tarefas, realización de traballos, relación interpersoal,,,,

Nos alumnos tutores tamén valoraremos os seguintes aspectos:

- A capacidade de dar axuda,
- Capacidade de relacionarse cos demais,
- Capacidade de empatizar con persoas de outros países e coas dificultades para adaptarse ao nivel de estudos e a cultura do noso país,
- Descubrir erros,
- Valorar o traballo dos demais membros da comunidade educativa,
- Desenvolver un sentimento de responsabilidade con outra persoa que confía en ti,
- Potenciar un sentemento de competencia persoal.

TERCEIRO TRIMESTRE- Avaliación Final

A actividade rematará a mediados de maio cunha avaliación que realizarán no mes de maio-xuño todos os axentes implicados e as propostas de cara ao próximo curso.

CONCLUSIÓNS

Como sinalamos, a finalidade da posta en marcha do Programa dirixíanse nunha dobre dirección. Por unha banda, cara á mellora do proceso de adaptación e rendemento escolar do alumnado de 1º ESO e, por outro, cara ao desenvolvemento de competencias básicas e sentido de responsabilidade persoal do alumnado de 2º e 3º de ESO, que non é para nós menos importante.

Se os logros estímense positivos nestas dúas direccións, o cal resulta imprescindible para conseguir que esta dinámica de axuda, comunicación, empatía e responsabilidade entre o alumnado participante nesta experiencia, é importante que se vaia dando a coñecer e xeneralizándose a nivel de Centro.

Desta forma, pretendemos que este estilo de convivencia e colaboración convértase nunha práctica común entre alumnado de distintos niveis educativos e, aínda que de maneira sistemática desenvólvese nos niveis de 1º ESO e 4º ESO, pódase converter en modelo de relación para o resto de alumnado do Centro.

Esperamos que o que comence como un Programa de Mellora da convivencia e de relación se convirta nunha realidade que poidamos incorporar ao noso Proxecto Educativo de Centro como sinal de identidade do mesmo.

BIBLIOGRAFÍA

- 1.-PROGRAMA TEI, Tutoría entre Iguales, para la mejora de convivencia, autor : Andrés González Bellido
- 2.- DURAN, David y VIDAL, Vinyet. - "Tutoría entre iguales: de la teoría a la práctica. Un método de aprendizaje cooperativo para la diversidad en secundaria." Ed. GRAO, 2004.
- 3.-DURÁN, D. y MESTRES, P (1998). - "Enseñar y aprender, una materia optativa de tutoría entre iguales". Aula de innovación Educativa, 75, pp 63-68.
- *2000b: "Tutoría entre iguales". Un recurso para atender a la diversidad. Cuadernos de pedagogía, 288 pp36-39-
- 4.-PARRILLA, A. (1992): "El profesor ante la integración escolar: investigación y formación". Capital Federal (Argentina). Cincel.

Razonar en pareja: Tutoría entre iguales para la resolución cooperativa de problemas cotidianos, ene 2017, Autores: Marta Flores Coll , David Duran Gisbert , Lluís Albarracín Gordo

ANEXOS DESTE PROGRAMA

ANEXO I

REUNIÓN PAIS

Dirixímosnos/ a vostedes para convocarlles a unha reunión que terá lugar mañá ----- de xaneiro de , ás h. na Biblioteca do instituto.

O motivo da reunión é presentarlles un Plan de Mellora que QUEREMOS DESARROLAR no instituto e ofrecerlles aos seus fillos e fillas a oportunidade de beneficiarse do mesmo, axudándolles a mellorar a dinámica xeral de participación no centro.

Dada a importancia desta cita, rogámoslles que fagan o esforzo de acudir, polas prestacións que este proxecto pode ofrecer aos seus fillos e fillas.

Xefatura de Estudos

ANEXO II

FORMULARIO ALUMNO-TITOR

I.- DATOS PERSONAIS.

Nome: _____	
Apelidos: _____	
Grupo: _____	Data: _____

II.- INTERESE EN TITORAR AO ALUMNADO DE 1º CURSO DA ESO:

Gustaríache ser titor/a de un alumno/a de este centro?.SI	NON
Estás disposto e dispoñible a participar e cumprir co horario planificado para levar a cabo as tarefas encomendadas?	SI
Non	

¿Por qué che gustaría ser tutor/a?.

-

—

—

—

Asdo: Alumna Titora

Asd: Directora do centro

Alumno Titor

ANEXO III

AUTORIZO ao meu fillo/ filla _____ do grupo _____ de ESO a participar no Plan de Mellora do IES ARCEBISPO XELMÍREZ II desenvolvido a través de tutorías individualizadas con alumnado de 2º/3ª de ESO e que se levará a cabo durante dous recreos MENSUAIS

En Santiago , a

de 20__..

ASINADO: _____ (pai/nai/titor legal)

ANEXO V

FICHA DE CONTROL

ALUMNO-TUTOR: _____

ALUMNA -TUTORA: _____



NOME DO ALUMNO TITORADO: _____

GRUPO : _____ TITOR DO GRUPO: _____

DATAS	OBSERVACIÓNS	FIRMA TITOR/A	FIRMA TITORADO/A

O ALUMNO TITOR

Aquí veñen reflectidas algunhas ideas que podes traballar si non se vos ocorre ningunha:

Como che imaxinas a túa vida e o teu futuro nos próximos 10 anos?

Que actividades son as que máis che apaixonan na vida?

Algunha vez pensaches en facer algo e logo non o fixeches?

Que forma tes de relacionarche coas persoas que che rodean?

De que xeito fas as cousas de cada día? Cando fas algo que non está ben ou deixas de facer algo que deberías facer. Que escusa pos?

Que temas ou cousas tes sobre os que nunca falas nin falarías?

ANEXO VI

CUESTIONARIO PARA ALUMNOS TITORES 2º/3ºESO

Este ano participaches de xeito voluntario no plan de mellora do centro referido ás tutorías individualizadas. É unha experiencia nova no centro e para tí.

Mediante este cuestionario queremos valorar: 1.- Si observaches cambios no teu alumno/a tutorado; 2.- O teu grado de aprendizaxe e satisfacción persoal.

CONTESTA DE FORMA ANÓNIMA

1. Realizaches as reunións semanais previstas?	SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
2. Consideras que o ambiente que se creou entre vós é adecuado.	SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
3. o teu titorando mellorou en:	<input type="checkbox"/> Estudos <input type="checkbox"/> Libreta <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> Amigos <input type="checkbox"/> Adaptación ao centro <input type="checkbox"/> Adaptación aos profesores Outros (.....)
4. Paréceche que o tempo dedicado ás tutorías é	<input type="checkbox"/> Excesivo <input type="checkbox"/> Insuficiente <input type="checkbox"/> Suficiente
5. Supuxo unha esixencia moi grande para ti?	SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
6.1 Descubriches en ti algunha cualidade, valor, actitude, habilidade que descoñecías?	6.1 SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
6.2. Desenvolviches algunha calidade, valor, actitude, habilidade que xa tiñas?.	6.2 SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>

7.Consideras que o teu alumno/a tutorado/a viuchecomo unha canle de comunicación co centro?	SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
8.- Sentíchesche como axente educativo que intervén na aprendizaxe do alumno/a tutorado/a?	SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>

9.-necesitaches a intervención de alguén como guía? Quen?.

10.-Esta experiencia serviuche a nivel persoal a tí ?. De que forma?

11.- Que mellorarías do proxecto?.

12.- No caso de que xurdisen novos proxectos desta índole. Gustaríache seguir participando?.

GRAZAS POLA TÚA COLABORACIÓN

ANEXO VII

CUESTIONARIO PARA ALUMNOS TUTORADOS DE 1º DE ESO

Este ano participaches de xeito voluntario no plan de mellora do centro referido ás tutorías individualizadas. É unha experiencia nova no centro e para tí.

Mediante este cuestionario queremos valorar: como foi o programa .

CONTESTA DE FORMA ANÓNIMA

Contesta ás seguintes cuestións	
1. Que é o que máis che gustou?	
2. Que é o que menos che gustou?	
3. Crees que foi bo para ti?. En que melloraches ?	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
4. Crees que necesitarías	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/>

continuar ao ano que vén nesta actividade?. Por que?.	NON
5. Cambiarías de alumno titor de 4º de ESO? Por que?.	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

GRAZAS POLA TÚA COLABORACIÓN

CUESTIONARIO PARA ALUMNOS TUTORADOS DE 1º DE ESO

Este ano participaches de xeito voluntario no plan de mellora do centro referido ás tutorías individualizadas. É unha experiencia nova no centro e para tí.

Mediante este cuestionario queremos valorar: **se observaches cambios en ti.**

CONTESTA DE FORMA ANÓNIMA

Pon una cruz na contestación adecuada	
1. Realizaches as reunións semanais previstas?	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
2. Consideras que o ambiente que se creou entre vós é adecuado.	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
3. Melloraches en:	Estudos ----- Caderno----- Amigos----- --- Adaptación ao centro ---- Adaptación aos profesores, -----Outros (----- -)
4. Paréceche que o tempo dedicado ás titorías é	___ Excesivo ___ Insuficiente ___ Suficiente
5. Supuxo unha esixencia moi grande para tí	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

6.Consideras que o teu alumno/a titor é útil para comunicarche co profesorado?	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
--	---

7.-Esta experiencia serviuche a nivel persoal a tí ?. De que forma?

8.- Que melloraría do proxecto?.

GRAZAS POLA TÚA COLABORACIÓN

PLAN DE MELLORA ALUMNO -TITOR
CUESTIONARIO PARA OS TITORES DE 1º DE ESO. AVALIACIÓN INTERMEDIA

NOME DO ALUMNO/A:

CONTESTA DE FORMA ANÓNIMA.

Pon unha cruz na contestación adecuada				
Coñeces a finalidade do programa?	SI	NON		
Consideras adecuado o proceso seguido para a incorporación do alumnado a este programa?	SI	NON		
Observaches algún cambio no alumnado de 1º ESO que participou no programa?	SI			NON
	Rendemento	Conduta	Persoal	
Que aspectos melloraría antes de finalizar o proxecto?				
Mantiveches contacto co titor/a voluntario?	SI	NON		

OBSERVACIÓNS

**CUESTIONARIO PARA OS TITORES DO GRUPO DE REFERENCIA
. AVALIACIÓN FINAL**

CONTESTA DE FORMA ANÓNIMA.

Pon unha cruz na contestación adecuada				
Coñeces a finalidade do programa?	SI	NON		
Consideras adecuado o proceso seguido para a incorporación do alumnado a este programa?	SI	NON		
Observaches algún cambio no alumnado de 1º ESO que participou no programa?	SI			NON
	Rendemento	Conduta	Persoal	
Que aspectos mellorarías ?				
Darías continuidade	SI	NON		
OBSERVACIÓNS				

GRAZAS POLA TÚA COLABORACIÓN

**CUESTIONARIO PARA AS FAMILIAS
- FINAIS SEGUNDO TRIMESTRE**

Este ano o seu fillo/a participou de xeito voluntario no plan de mellora do centro **referido ás tutorías individualizadas**. Foi unha experiencia nova no centro e para el. e mediante este cuestionario queremos valorar se vostede/es observaron cambios significativos nos seu fillo /a.

Mediante este cuestionario queremos valorar: Se
vostede/s observaron cambios significativos nos seu
fillo /a.

CONTESTE DE FORMA ANÓNIMA

Poña una cruz na contestación adecuada	
1. Contou en casa se asistiu ás súas reunións semanais co seu alumno/a titor de 4º de ESO?	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
2. Contou na casa se lle pareceu agradable o ambiente e relación co seu compañeiro/a titor de 4º de ESO?	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON (-----)
3. Observaron vostedes algunha melloría en:	<input type="checkbox"/> Estudos <input type="checkbox"/> Caderno <input type="checkbox"/> Amigos <input type="checkbox"/> Adaptación ao centro <input type="checkbox"/> Adaptación aos profesores, <input type="checkbox"/> Outros (-----)
4. Parécelles que o tempo dedicado ás tutorías é	<input type="checkbox"/> Excesivo <input type="checkbox"/> Insuficiente <input type="checkbox"/> Suficiente

5.-Que lles pareceu esta experiencia?

6.- Que mellorarían da mesma?

GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN

CUESTIONARIO PARA AS FAMILIAS . AVALIACIÓN FINAL

Como vostedes saben, desde o 2º trimestre o seu fillo/a participa no programa de titorías "O alumno-titor" . Neste momento do proceso dirixímonos a vostedes para realizar unha valoración do mesmo.

CONTESTEN DE FORMA ANÓNIMA.

Pon unha cruz na contestación adecuada				
Coñece a finalidade do programa?	SI	NON		
Considera adecuado este programa para o seu fillo/a?	SI	NON		
Observaron algún cambio no seu fillo/a desde que participa no programa?	SI			NON
	Rendemento	Conduta	Persoal	
Que aspectos melloraría ?				
Gustaríalle que continuase este programa no centro?	SI	NON		

GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN

VIII-PROGRAMA DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN MATERIA DE ABSENTISMO ESCOLAR

1.- OBXECTIVOS

- Favorecer a continuidade e regularidade da escolarización previndo a aparición do absentismo.
- Realizar un control, seguimento e avaliación do absentismo, indagando nas causas deste e adoptando as intervencións necesarias para corríxilo.
- Implicar a toda a comunidade educativa na prevención, control e seguimento do absentismo escolar.

2.- CONTIDOS

Concepto de absentismo escolar: Debemos suliñar que, de acordo ao establecido no Protocolo de actuación en materia de absentismo escolar elaborado pola Comosión Técnica Interinstitucional do Menor de A Coruña, esta problemática se define como "*non asistencia e/ou falta de puntualidade reiterada e non xustificada, sendo unha causa grave, totalmente obxectivable, do fracaso escolar, con graves consecuenias para o futuro inmediato do menor.*"

Tipos de absentismo:

Desescolarización: cando o alumnado en idade de escolarización obrigatoria non está matriculado en ningún centro educativo.

Absoluto: cando o alumnado, en idade de escolarización obrigatoria, está matriculado, pero non asiste nunca ao centro.

Crónico: cando o alumnado matriculado non asiste de forma habitual ao centro.

Puntual ou intermitente: cando o alumnado non asiste ao centro determinados días ou a determinadas áreas.

De tempada: cando o alumnado non asiste ao centro en determinadas épocas do curso escolar.

Pasivo: cando o alumno/a asiste ao centro pero manifesta unha conduta de ruptura e/ou boicot no proceso de ensino aprendizaxe

3.-ACTUACIÓNS

O número de faltas semanais indicativas dunha situación de absentismo escolar fíxase en 10% faltas inxustificadas, sendo esta cifra orientativa e flexible

en función das circunstancias socio-familiares de cada caso individual.

Este dato será o que determine o inicio das actuacións propias do control e seguimento do absentismo por parte dos titores.

3.1.- Con relación ao primeiro obxectivo (prevención)

- Dirixidas a familias:

Campanñas de sensibilización para informalas do dereito constitucional dos nenos á educación e o seu deber como pais de aseguralo, garantindo a súa asistencia regular aos Centros Escolares.

Potenciación da acción titorial programando reunións e entrevistas coas familias de risco.

- Dirixidas aos alumnos:

Desenvolvemento de plans de acollida para os alumnos de novoingreso: visitas ao centro, información aos alumnos e ás familias.

Adoptar medidas de atención á diversidade na programación de aula:

- 1.- Introducción nas distintas áreas de contidos relativos á cultura das minorías.
- 2.- Utilizar nas distintas áreas situacións de aprendizaxe cooperativo.
- 3.- Utilizar recursos didácticos variados que permitan o acceso á información dende distintos códigos.
- 4.- Propoñer actividades graduadas por orde de dificultade e actividades opcionais.

Levar a cabo unha atención individualizada dos alumnos con necesidades de apoio educativo , reforzando as aprendizaxes instrumentais básicos e organizando os apoios.

Programar e desenvolver actividades formativas complementarias e extraescolares que teñan en conta as motivacións e intereses do alumnado.

Desenvolver programas de orientación profesional con alumnado, pertencentes a grupos de risco, para facilitar a posterior inserción sociolaboral.

Favorecer o acceso a bolsas e axudas ao estudo convocadas por a administración.

Desenvolvemento de programas de prevención das condutas de risco e de programas de mellora de autoestima e de potenciación e desenvolvemento de habilidades sociais.

- Dirixidas á comunidade educativa

Difundir o programa de prevención, control e seguimento do absentismo escolar entre todos os sectores da comunidade educativa.

Establecer claramente as canles de participación de todos os sectores da comunidade educativa.

3.2.- Con relación ao segundo obxectivo (control e seguimento)

Levarase un control das faltas de asistencia e de intervención co alumnado e a familia co seguinte procedemento:

En cada sesión lectiva o profesor/a correspondente controlará as ausencias do alumnado e comunicará estas incidencias semanalmente tanto ao titor/a do grupo como á xefatura de estudos a través do parte de rexistro semanal de ausencias.

Cando se produzan faltas non xustificadas, o titor/a poñerá en contacto cos pais, co obxecto de informar da situación e solicitar a súa colaboración. No caso de que un alumno acumule un 10% das horas lectivas mensuais, articularanse intervencións específicas dende o ámbito escolar e mecanismos de coordinación cos Servizos Sociais Comunitarios, a través da UTS de zona, en aras da consecución da plena escolarización dos alumnos/as.

A Xefatura de Estudos, recibirá semanalmente a través dos titores, o listado de control de asistencia de cada grupo, así como as xustificacións pertinentes, a especificación das actuacións postas en marcha e a valoración dos resultados obtidos.

A Xefatura de Estudos, naqueles casos non resoltos, convocará as familias a unha entrevista, mediante carta certificada con xustificante de recibo, ou por calquera outro medio do que quede constancia o seu recepción. Nesta entrevista estarán presentes o titor/a e nela comunicárase aos pais a situación de absentismo do seu

fillo/a así como as consecuencias que poden derivarse desta situación, facéndoos saber a obriga que teñen como pais de colaborar e ser partícipes na busca de solucións. Da devandita reunión, levantarase acta para quedar constancia dos acordos adoptados.

a partir desta intervención abrírase un protocolo de absentismo no que se incorporará toda aquela información da que se dispoña sobre o alumno/a e o seu contexto sociofamiliar, así como as distintas actuacións que se van poñendo en funcionamento.

Se as familias non acudisen ao chamamento ou non se resolverse a situación de absentismo, a Dirección do Centro, solicitará ao Departamento de Orientación, un informe técnico e a elaboración dun "Programa Individual de Intervención" co alumnado e a súa familia. En este definiranse os obxectivos, as actuacións concretas, os responsables de levalo a cabo e a temporalización das distintas intervencións. Este proceso levarase a cabo en coordinación cos Servizos Sociais do Concello, co obxectivo de solicitar toda a información social e familiar posible, así como de coordinar as actuacións.

Toda a información xerada se irá incorporando ao expediente aberto, debendo gardar sobre esta a súa debida reserva.

Cando as intervencións levadas a cabo co menor e coa familia non acaden resustados significativos e a problemática de absentismo escolar se cronifique, superando o 20% das horas lectivas mensuais, activarase o protocolo de absentismo escolar deseñado pola Xunta de Galicia, dando cumprimento ás fases de intervención establecidas nos mesmos.

Cando se aprecie, á vista do expediente, a posible negligencia na atención educativa do menor, notificarase tal circunstancia ao responsable dos Servizos Sociais . Solicitarase que se tomen as decisións que procedan e/ou se derive o caso ao servizo correspondente da Consellaría competente en materia de protección de menores, para os efectos de que se valore a posible concorrencia dunha situación de risco para o menor.

4.- RECURSOS

En canto aos elementos persoais, necesítase a implicación de todos os profesores/as. Particularmente da xefatura de estudos, os titores, as profesoras de

apoio e a orientadora.

Ademais contarase coa colaboración dos Servizos Sociais e outras institucións tanto do concello de Santiago (da zona de Vite), como dos outros concellos dos que procede o alumnado do noso centro.

Respecto aos elementos materiais, necesítase unha lista de faltas por cada clase, un ordenador e o protocolo de absentismo.

5.- TEMPORALIZACIÓN

As actividades preventivas desenvolveranse preferentemente durante o primeiro trimestre. As de control e seguimento ao longo de todo o curso.

6.- AVALIACIÓN

-Que avaliar?: Interésanos tanto o resultado como o proceso.

En canto ao resultado, valorarase o grao de consecución dos obxectivos previstos. Isto é, tanto comprobar se se realizaron actuacións preventivas e estas tiveron un efecto positivo coma se se levou a cabo un seguimento e control do absentismo e aplicouse o procedemento previsto.

En canto ao proceso, valorarase o grao de implicación do profesorado, particularmente da xefatura de estudos, dos titores, dos profesores/as de apoio e da orientadora.

Nesta avaliación terase en conta tanto a incidencia de absentismo a nivel cuantitativo como a calidade das actuacións realizadas e o nivel de implicación de todos os profesionais.

-Como avaliar?: para avaliar o resultado realizarase unha análise e posterior valoración dos resultados na CCP e en reunións do xefe de estudos co DO e cos titores/as. Teranse en conta as actividades preventivas realizadas, coa opinión das familias e dos profesores; se realizará unha análise dos datos cuantitativos valorando a evolución das faltas de asistencia.

No que se refire ao resultado, levaranse a cabo reunións da CCP e do xefe de estudos co DO e cos titores, recollendo as opinións dos participantes.

